



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 7

**Sesión Plenaria**  
13 de decembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Solicitudes de creación de comisións de investigación

#### 1.1 712 (10/SCI-000001)

A proposta dos 41 deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura  
Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 11, do 10.11.2016

#### 1.2 966 (10/SCI-000002)

A proposta dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galicia, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de 6 meses, partindo do traballo realizado na IX lexislatura, e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación  
Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 16, do 17.11.2016

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 1619 E 1737 (10/MOC-000001)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 375, publicada no BOPG nº 6, do 3.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.11.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 30.11.2016

#### 2.2 1624 (10/MOC-000002)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 480, publicada no BOPG nº 7, do 4.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.11.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

#### 2.3 1660 (10/MOC-000004)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 649, publicada no BOPG nº 10, do 9.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.11.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

### **Punto 3. Proposicións non de lei en Pleno**

#### **3.1 477 (10/PNP-000020)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Retorna para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, así como a súa dotación orzamentaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 7, do 04.11.2016

#### **3.2 927 (10/PNP-000079)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

#### **3.3 944 (10/PNP-000082)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

#### **3.4 1050 (10/PNP-000097)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

#### **3.5 1211 (10/PNP-000108)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Fernández Prado, Martín, e catro deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

**3.6 1254 (10/PNP-000113)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 24.11.2016

**3.7 1272 (10/PNP-000117)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

**3.8 1397 (10/PNP-000129)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel, e cinco deputados/as máis**

Sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine diferentes servizos de interese para eles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**Punto 4. Interpelacións****4.1 791 (10/INT-000013)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

**4.2 995 (10/INT-000026)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

**4.3 1315 (10/INT-000045)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

## **Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **5.1 1979 (10/POPX-000004)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre os resultados que o Goberno galego pretende obter para Galicia na revisión do modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

### **5.2 2104 (10/POPX-000005)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre os acordos de país anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

### **5.3 2119 (10/POPX-000006)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre a decisión de Pemex de abandonar o proxecto anunciado no porto exterior da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

## **Punto 6. Preguntas ao Goberno**

### **6.1 1061 (10/POP-000095)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios asinados por Augas de Galicia cos concellos no segundo cuadrimestre de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

### **6.2 1150 (10/POP-000101)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento no proxecto denominado Centro de Xestión Ambiental de Lousame das normativas europea, estatal e autonómica vixentes no referido á xerarquía do tratamento de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

### **6.3 1484 (10/POP-000161)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**6.4 736 (10/POP-000117)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e catro deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde a súa activación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

**6.5 1320 (10/POP-000146)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística en relación coa pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**6.6 2090 (10/PUP-000035)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co incumprimento pola empresa Pemex dos seus compromisos de construción naval nos estaleiros de Barreras, así como as posibles consecuencias para o sector naval galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

**6.7 2118 (10/PUP-000036)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a deterioración existente en Galicia na distribución do emprego por idades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

**6.8 1250 (10/PUP-000034)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 24.11.2016

**6.9 1371 (10/POP-000150)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique, e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do *Brexit* no sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María Rosa Quintana Carballo. (Páx. 14.)*

### **Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia polas novas deputadas e o novo deputado. (Punto preliminar da orde do día.)**

*Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do previsto no artigo 7 do Regulamento, o señor presidente indícalle á señora secretaria da Mesa que proceda ao chamamento das novas deputadas e do novo deputado para que presten promesa ou xuramento. (Páx. 14.)*

*A señora secretaria (Arias López) procede ao chamamento. (Páx. 14.)*

*Logo de prestar xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, dona María Ángeles García Míguez, don Carlos Gómez Salgado e dona María Julia Rodríguez Barreira acadan a condición plena de deputadas e deputado do Parlamento de Galicia. (Páx. 14.)*

*Procédese ao debate acumulado das seguintes solicitudes de comisión de investigación.*

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos 41 deputados e deputadas pertencentes ao G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura. (Punto primeiro da orde do día.)**

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galicia, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de seis meses, partindo do traballo realizado na IX lexislatura, e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación. (Punto primeiro da orde do día.)**

*A señora Pontón Mondelo intervén por unha cuestión previa relativa á ordenación do debate. (Páx. 15.)*

*O señor presidente comunica que a ordenación do debate se recolle no Regulamento da Cámara.* (Páx. 16.)

*Intervención dos grupos propoñentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 18.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 21.)*

*Intervención do grupo parlamentario para fixar posicións: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 24.)*

*Roldas de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 27.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 28.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 30.)*

*O Sr. Losada Álvarez (S) solicita a palabra para solicitar unha transacción para votar un único texto de creación de comisión. (Páx. 32.)*

*O Sr. Puy Fraga (P) intervén para pedir información a respecto da petición do Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 32.)*

*O señor presidente comunica que non se contemplan transaccións e, polo tanto, procede á votación.* (Páx. 32.)

### ***Votación das solicitudes de creación de comisións de investigación***

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos co-renta e un deputados e deputadas pertencentes ao G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura: aprobada por 45 votos a favor, 27 abstencións e ningún voto en contra. (Páx. 33.)*

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galicia, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de seis meses, partindo do traballo realizado na IX lexislatura e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación: rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 33.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 34.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 34.)*



Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Blanco Rodríguez García (S)* (Páx. 40.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 41.)

*O señor Villares Naveira (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 43.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 45.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 49.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 51.)

*O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 52.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 54.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 55.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 59.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 60.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 62.)

### ***Votación das mocións***

*O señor Villares Naveira (EM) solicita a votación por puntos e precisa os termos desta petición.* (Páx. 64.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza: *rexeitado por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza, agás o punto xa votado: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Retorna para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, así como a súa dotación orzamentaria.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 66.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Chao Pérez (EM).* (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 70.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 72.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 74.)

*Procédese ao debate acumulado das proposicións non de lei números 927 e 1272, que son os puntos da orde do día 3.2 e 3.7.*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos.** (Punto terceiro da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as demandas que debe realizar o Goberno ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 76.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 80.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 82.)

*Nova intervención dos señores Bará Torres (BNG) (Páx. 85.) e Sánchez García (EM). (Páx. 86.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que esta iniciativa foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do día 16 do 11 de 2016. (Páx. 87.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 87.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx.90.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 91.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 93.)*

*Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 94.)*

*Suspéndese a sesión ás catorce e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 96.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 96.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 99.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 100.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 102.)*

*A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 103.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 106.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 108.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 111.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 112.)*

*O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 114)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei e que esta Iniciativa foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do día 24 de novembro do 2016. (Páx. 116.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 116.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 119.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 120.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 121.)*

*O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 123.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine diferentes servizos de interese para eles. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei e que esta iniciativa foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do día 24 de novembro do 2016. (Páx. 124.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 124.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 127.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 128.) e Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 129.)*

*A señora Romero Fernández (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 130.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Retorna para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, así como a súa dotación orzamentaria: rexeitado por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 132.)*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en*

relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 132.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 133.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 133.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 133.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais: *aprobado por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 134.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 134.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine diferentes servizos de interese para eles: *aprobada por 53 votos a favor, 14 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 135.)

*Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta minutos da tarde.*

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona María Rosa Quintana Carballo.

Entramos xa na orde do día, que ten este punto preliminar.

**Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia polas novas deputadas e o novo deputado**

**O señor PRESIDENTE:** En concreto, dando cumprimento ao previsto no artigo 7 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía das novas deputadas e do novo deputado. Segundo o procedemento, a fórmula é contestar «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta desta presidencia. A secretaria fará o chamamento das señoras deputadas e do señor deputado para que, dende o propio escano, contesten á pregunta que lle formula esta presidencia.

Señoras deputadas e señor deputado, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia?

**A señora SECRETARIA (Arias López):** Dona María Ángeles García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Si, xuro.

**A señora SECRETARIA (Arias López):** Don Carlos Gómez Salgado.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** Si, prometo.

**A señora SECRETARIA (Arias López):** Dona María Julia Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa ou o xuramento, adquiren a condición plena de deputadas e deputado, e dámoslles a benvida a esta Cámara.

Entramos xa no debate acumulado das solicitudes de comisión de investigación.

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos 41 deputados e deputadas pertencentes ao G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura**

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galicia, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de seis meses, partindo do traballo realizado na IX lexislatura, e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación**

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, comezamos co debate —debate compartido, como xa comentei—, e comeza, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Si, señora Pontón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, señora Pontón, pode formular a súa cuestión.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Vostede, señor presidente, é o deputado máis antigo desta Cámara —se non me equivoco— e coñece perfectamente cales son os usos e cales son as normas que levan rexendo os debates neste Parlamento.

Hoxe —como vostede indicou— hai unha primeira iniciativa, que é a da creación da comisión de investigación por parte do Grupo Parlamentario Popular, e neste tipo de debates o normal é que empece o debate o primeiro grupo que rexistrou esta iniciativa. Isto pasa non só coas comisións de investigación, senón tamén coas proposicións non de lei. E mesmo, se imos ao antecedente na pasada lexislatura, vemos que, cando se debateu tamén na pasada lexislatura —o 18 de decembro de 2012— a creación de comisións de investigación sobre as caixas, había dúas solicitudes: unha por parte do Grupo Popular e outra por parte do Grupo Socialista; quen empezou nese momento o debate foi o Grupo Popular. Cambiar este criterio nós entendemos que rompe co que son as prácticas deste Parlamento en todos os ámbitos. Mesmo fixeron unha corrección a última hora do guión. E a única xustificación que ten é un trato de favor para que o Partido Popular poida pechar este debate.

A nós non nos parece lóxico, e o que lle pedimos, señor presidente, é que se manteñan os usos parlamentarios e non empecemos esta lexislatura cunha maneira de actuar na que claramente se ve que a ordenación dos debates quere favorecer a posición do Grupo Parlamentario Popular.

Polo tanto, non existindo ningunha razón, nós solicitámoslle, señor presidente, con toda a cordialidade neste inicio de lexislatura, que non rompamos as regras do xogo nada máis empezar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Este asunto, como comprenderá, onte trateino cos Servizos Xurídicos. Que se fixese na pasada lexislatura non quere dicir que estivera ben (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e estamos no tempo de poder corrixilo. O debate, a capacidade de acumular os debates, é unha capacidade que ten, que se lle atribúe a esta presidencia, e, polo tanto, estámolo facendo. E na ordenación dos debates, segundo o Regulamento, contéplase claramente que ha de ser sempre de menor a maior. Polo tanto, imos respectar a filosofía do que di o Regulamento. Polo tanto, que se fixese noutra lexislatura non quere dicir que estivera ben, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) segundo o que eu falei cos Servizos Xurídicos.

Polo tanto, imos facelo ben. E comezamos o debate, polo tanto, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón.

Moitas grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día, señorías.

Creo que é todo un símbolo como acabamos de empezar. Empezamos este Parlamento —sinto dicilo— cunha cacicada. Non sei se quen vai intervir por parte do Grupo Parlamentario Popular considera que isto ten tan difícil defensa que ten que pechar o debate, a ver se así a única é a súa verdade. Creo que é unha maneira, desde logo, moi triste de empezar os debates nesta Cámara.

E indo á cuestión, eu quería empezar hoxe esta miña intervención cunha cita dun político británico que dicía que o tempo é precioso, pero que a verdade é moito máis preciosa que o tempo. E, certamente, en relación coa comisión de investigación das caixas, o Partido Popular fíxonos perder de maneira deliberada un tempo precioso para coñecer a verdade, mais nós imos seguir traballando para que realmente a verdade sexa coñecida e non se nos prive aos galegos e galegas de saber cales son as razóns, non só da desaparición das caixas e do sector financeiro galego, co que iso significa para o noso país, senón tamén que teñen que asumirse responsabilidades, tanto desde o ámbito político como desde o ámbito da xestión.

E non deixa de ser un feito sintomático, ao mesmo tempo que deslexitimador do que debe ser o funcionamento democrático das institucións, que hoxe esteamos debatendo de novo a creación dunha comisión de investigación sobre as caixas. Estamos falando da creación dunha comisión de investigación sobre as caixas seis anos despois da fusión das caixas, que acabou en fiasco; estamos debatendo sobre a creación da comisión de investigación tres anos despois dunha venda fraudulenta de Novagalicia Banco; ou estamos debatendo, de novo, catro anos despois de que xa se constituíra nesta mesma Cámara unha comisión de



investigación que tiña que analizar as causas e as responsabilidades do fiasco do sistema financeiro galego.

Pero o certo é que tivemos unha comisión de investigación á que non se lle deixou investigar e que estivo secuestrada pola maioría do Partido Popular. Durante todo este tempo, o Partido Popular non foi capaz de darnos nin unha soa razón convincente de por que durante 1.460 días non puidemos investigar e concluír os traballos desa comisión.

Evidentemente, non se pode dicir que a causa foi o adiamento electoral, como nalgún momento lle escoitei dicir ao señor Pedro Puy, porque se desde 2003 a 2016 a razón foi un adiamento electoral dun mes, desde logo, algo se fixo moi mal. Pero sabe perfectamente o Partido Popular que, detrás do peche da comisión de investigación, está unha decisión política deliberada: que claramente non se quería que se coñecera a verdade.

Pero nós seguimos insistindo en que é necesario que as comisións de investigación funcionen se queremos ter credibilidade, mais tamén porque deben servir para aclarar que pasou coa xestión das caixas, que pasou cunha fusión que, segundo o señor Feijóo —ausente—, ía converter a caixa galega na quinta caixa do Estado e era un éxito persoal del, pero que ao final o único que significou foi que se perderan máis de 9.000 millóns de euros públicos de todos os galegos e galegas, que se despedira a máis de 1.000 traballadores desta entidade, que se pecharan oficinas, e que, despois de todo isto, o máis grave é que non hai ningún responsable da xestión nin ningún responsable político que tiña a tutela das caixas que estea pagando por isto na cadea.

E, para nós, é un auténtico fracaso que despois de todo o que pasou, despois de que se malgastara, de que se defraudara, de que se estafara e de que se enriqueceran ilicitamente a custa dos aforros dos galegos e das galegas, non haxa nin unha soa persoa que realmente pasara nin un só día na cadea. Porque supoño que vostedes coincidirán comigo en que a sentenza dos ex-directivos das caixas o único que sacraliza é que non van pasar nin un só día na cadea e que é unha sentenza absolutamente insuficiente e decepcionante desde o punto de vista de como debería de actuar a xustiza.

No Bloque Nacionalista Galego temos claro que hai unha responsabilidade na xestión das caixas dos antigos directivos das mesmas, pero que tamén hai responsabilidades políticas por decisións que se foron adoptando ao longo dos últimos anos e que claramente significaron acabar nese lugar.

E eu estou convencida de que, se o señor Núñez Feijóo tivera a conciencia tranquila e se, desde logo, estivera libre de toda culpa en relación con todo o que sucedeu nas caixas nestes últimos tempos, tería deixado traballar á comisión de investigación con liberdade na pasada lexislatura. Pero a verdade é que o señor Feijóo sabe que foi cómplice do desfalco e da desaparición das caixas e tamén dunha venda que foi unha estafa en toda regra aos galegos e ás galegas.

Nós cremos que, claramente, a única decisión que adoptou o Partido Popular na pasada lexislatura en relación coa comisión de investigación foi que quería paralizar a investigación

para que non saíran á luz aquelas verdades incómodas que molestan ao Partido Popular; a verdade incómoda de que Feijóo foi responsable dun tempo extra para os ex-directivos das caixas, que utilizaron para blindar unhas indemnizacións inmorais e ilegais; a verdade incómoda de que a venda da caixa galega se fixo a un prezo absolutamente ridículo —obtivo máis beneficios o primeiro ano do que lle custou a ese empresario venezolano—. E, a pesar de todo isto, nós seguimos insistindo en que, pese ao pasado, é importante que a verdade se faga paso e que realmente exista unha comisión de investigación seria, rigorosa e que analice todo o que pasou durante...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...estes últimos anos.

Nós cremos que hai que investigar o que pasou para que houbera un desfalco nas caixas, para que acabara sendo un fiasco esa fusión apadriñada polo señor Núñez Feijóo, pero pasaron moitas máis cousas desde o ano 2012.

Houbo unha venda que, claramente, nós cremos que foi unha venda ruínosa, que tamén hai que investigar por parte deste Parlamento, e claramente temos que analizar que isto non pode dilatarse durante outra lexislatura e que teñamos outros catro anos perdidos en relación coa comisión de investigación.

Nós cremos que o lóxico sería que, dado que hai dúas propostas de creación de comisións de investigación, o Partido Popular aceptara unha transacción para que non só se investigue o que neste momento pon no obxecto da comisión de investigación que quere crear o Partido Popular, senón que, realmente, analicemos todo o que pasou no sistema financeiro desde estes últimos anos, porque o resto será empezar cunha comisión coxa, que moito temo que vai...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... ter o mesmo destino que a pasada: ou ben que non investigue ou ben que se fagan unhas conclusións á medida do relato que xa ten prefabricado o Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, assistimos a un tema que é, probablemente, o maior exemplo da anterior lexislatura dunha utilización espuria das institucións por parte do Partido Popular. Se pasamos á fase gastronómica, moveríamonos entre aquela magdalena de Proust, en *En busca do tempo perdido*, e o Albariño co que o señor Feijóo brindaba a fusión das caixas en Monte Pío. Eu sei

que non combinan demasiado ben, eu non son moi *gourmet*, pero creo que a magdalena e o albariño non combinan demasiado ben.

Hai seis anos que empezamos esta aventura, e a verdade é que o Partido Popular tivo un comportamento para este voceiro, e para o Grupo Socialista, absolutamente inexplicable. Estivo dous anos votando en contra da creación dunha comisión de investigación sobre o proceso de fusión das caixas galegas, e un bo día, efectivamente, nunha caída de cabalo, camiño non sei se de Damasco ou dalgún sitio menos perigoso neste momento, decidiu solicitar unha comisión de investigación sobre a fusión das caixas galegas.

Dos que estamos aquí, probablemente xa somos poucos os que recordamos un mes de xullo non sei se dicir esgotador, pero, desde logo, con comparecencias mañá e tarde, varias comparecencias mañá e tarde, cunha sala blindada que parecía a sala de negociación do TTIP en Bruxelas, na que tiñamos que dicirlles aos uxieres deste Parlamento que queriamos fotocopiar os deputados para que non se filtrara información.

Quero recordar —xa o dixen aquí algunha vez, pero como hai xente nova— que aquela información que os deputados do Parlamento galego tiñamos que solicitar que se fotocopiara —por certo nunha calidade bastante mala, é certo que eu son miope, pero custábame traballo vela—, algún comparecente, convocado polo Partido Popular, xa a traía perfectamente impresa en color e encanutillada. Este foi o ecosistema político no que se desenvolveu a comisión de investigación das caixas. Insisto, o que nós fotocopiabamos en branco e negro, medio gris, un comparecente do Partido Popular traíao impreso en color e encanutillado.

Pasou aquel mes, e algunha persoa, concretamente o ex-gobernador do Banco de España, o señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez, manifestou que non podía comparecer en xullo, pero ofrecíase a comparecer en setembro, e o Partido Popular negouse porque había moita présa, setembro de 2013; 2013, insisto. Setembro de 2013. Non se podía esperar a setembro de 2013 porque había moita présa. E, en fin, estamos en decembro de 2016, creo recordar.

En xuño deste ano, do 2016, o Partido Popular rechazou de novo pedir documentación sobre a venda de Novagalicia Banco: de novo o cabalo, de novo Damasco e de novo unha caída. E agora volvemos ter a solicitude dunha comisión de investigación sobre as caixas.

Eu vou facer, no escaso tempo do que dispoñemos, unha visión expresionista da solicitude.

A primeira cuestión. Hai catro comunidades autónomas que teñen caixas de aforro: Cataluña, Euskadi, Aragón e Andalucía. Curiosamente, tres delas vía artigo 151. A única vía artigo 151 que non a ten é Galicia. Dígoo porque vai dicir o Partido Popular que isto é un feito común ao conxunto das comunidades autónomas de España: Cataluña, Euskadi, Andalucía e Aragón, Caixabank, Kutxabank, Unicaja e Ibercaja.

Caixabank, ¿non? Non, dixen Caixabank, Cataluña; Kutxabank, Euskadi; Ibercaja, Aragón; e Unicaja, Andalucía. Controladas por fundacións de caixas de aforro. Polo tanto, coa estrutura social e financeira das caixas de aforro, que eu saiba.

Agora tamén a cuestión cronolóxica-política-persoal do sistema financeiro español e galego na última década. Porque estou farto da visión de que no ano 2004, coa chegada ao goberno do señor Rodríguez Zapatero en España, e no ano 2005, en Galicia do señor Pérez Touriño, se desencadeou unha cicloxénese explosiva no sector financeiro inmobiliario deste país que rematou milagrosamente, tamén, no ano 2009 en Galicia coa chegada do señor Feijóo e no ano 2011 coa chegada do señor Rajoy.

No Banco de España entre xullo do 2000 e marzo do 2006 o gobernador era o señor Jaime Caruana, nomeado polo Goberno Aznar. Por certo, con porta xiratoria, porque parece que cando a señora Magdalena Álvarez ía á porta xiratoria era un crime de Estado, pero cando o señor Caruana se foi ao Banco Internacional de Pagos de Basilea, onde está, era natural. *Porque se entende que los señores del Partido Popular cuando dejan los altos cargos en España, buscan altos cargo en el extranjero. Caso Soria, dixit.*

O señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez chega no ano 2006 e vaise no ano 2012, co cal o señor Linde leva xa catro anos aí. Ao mellor tería algo que dicirnos. Eu creo que é importante, tamén.

E en relación coas personalidades que teñen que comparecer. O señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez, que eu espero que esta vez non haxa tanta présa e poida vir, sobre todo porque nestes tres anos fixo moitas declaracións moi interesantes sobre o proceso de fusión das caixas galegas. Estou case seguro de que agora, con esta nova vocación investigadora do Partido Popular en relación co tema, pois será así.

Estou case seguro, tamén, de que a señora Fernández Currás, que se negou a vir porque era secretaria de Estado de orzamentos, agora que está en Ernst & Young, creo que xa está —ou polo menos estaba pendente de autorización do Goberno para trasladarse a traballar a Ernst & Young, o cal a min me parece moi ben, pero tamén hai unha porta xiratoria; por certo, esta xira a unha velocidade inverosímil, porque eu creo que practicamente aínda non hai substituto nomeado, ou leva escasamente dúas semanas—, espero que agora xa poida vir e xa non diga que é membro do Goberno de España e que, polo tanto, non ten que comparecer no Parlamento galego.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Remato, señor presidente.

Por último, teño información, que, por suposto, ao mellor é sesgada, de que... —insisto, póño entre aspas— a información que se puxo á nosa disposición sobre a auditoría de KPMG neste Parlamento non era completa. Espero, dalgunha maneira, chegar a contrastalo; pero, en fin, teño esa información.

E logo espero, tamén, que o informe que o Partido Socialista pediu polo artigo 9, e que non nos foi proporcionado, ¡só faltaría!, sobre o informe McKinsey/Nomura sobre a necesidade da venda imperiosa e practicamente inevitable de Novagalicia Banco ao banco venezolano Banesco, pois que tamén nos sexa proporcionado.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, informes, persoas e cronoloxía política das decisións tomadas sobre o sistema financeiro de Galicia. Diso é do que queremos traballar e investigar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...o Grupo Parlamentario Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Despois de escoitar os portavoces do Grupo Socialista e do Grupo Nacionalista Galego veume á memoria unha das anécdotas simpáticas que eu vivín cando desempeñaba responsabilidades académicas, que foi presidir unha sesión de licenciatura dunha promoción daquelas numerosas que había na Facultade de Dereito.

Nesas promocións había tres grupos, había tres quendas de horarios, e interviñan os portavoces dos tres grupos de alumnos que estudaran. E saíron a falar antes ca min, que tiña que pechar o acto, e puxeron a caldo a institución académica, os seus profesores, o proceso educativo que acababan de rematar. Evidentemente, eu o que recordo é que saín do paso con todos os pais e todas as nais mirando o que dicían os seus fillos sobre o proceso educativo que acababan de concluír, que basicamente era que non valía para nada, e eu o que dixen é que o obxectivo da educación era aprender a ser críticos, e que iso demostraba que tiñamos éxito.

Recordei esta anécdota porque resulta que aquí non se investigou nada, pero o señor Losada e a a señora Pontón xa saben o que pasou, xa chegaron ás súas conclusións. E unha de dúas, se non se investigou e vostedes non investigaron, que tiveron aí toda a documentación para poder investigala —o que quere dicir é que xa tiveron tempo—, pois se non investigaron foi porque non quixeron, e están falando con prexuízos e están facendo do que é unha comisión de investigación xustamente o contrario, o que non debe ser, un instrumento para informar do que pasou e exixir responsabilidades, no seu caso, e non é un sitio onde utilízalo politicamente con prexuízos para descualificar un goberno que, por certo, neste caso se comportou á altura do país.

Dito todo isto, eu quero recordar que, efectivamente, o sistema financeiro español viviu unha transformación sen precedentes, o conxunto do sistema financeiro español; entre o ano 2009 e 2012 pasouse de 50 entidades con actividade comercial intensa e de bo tamaño a apenas 12. Entre elas, por certo, unha das que sobreviviu foi o Banco Etcheverría, o máis antigo do sistema financeiro español, creado en 1717 en Betanzos, que foi o que formalmente, por certo,

foi a subasta dentro do Grupo Banesco para a subasta final de Novagalicia Banco, que era como se chamaba no momento da súa resolución.

Un proceso este da redución das entidades financeiras que causou fonda preocupación, sobre todo porque, como sabemos, polo medio descubrimos a estafa das preferentes e, polo medio tamén, descubrimos as indemnizacións millonarias que a todos nos escandalizaron que se levaran todos os ex-directivos das caixas; particularmente, os que presidían a caixa e os que tiñan responsabilidades na caixa no momento en que pola aplicación da normativa española, aprobada en tempos do Partido Socialista, desaparecen as caixas e se converten todas en banco.

Todas, señor Losada, porque unha cousa é que se chame Caixabank, habería que preguntarlle por que se lle chama Caixabank, ou que hai unha fundación que ten participacións nun banco... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, nun banco que ten domicilio en Madrid, por outra banda. Porque é certo que a fundación ten o seu domicilio en Barcelona, pero o banco está domiciliado en Madrid.

Ben, entón, dito todo isto, o certo é que houbo unha fonda preocupación social, e por iso na IX lexislatura emprendemos unha comisión de investigación, que recorde que foi aprobada por unanimidade neste pleno, que ademais se reuniu esa comisión o día 11 de abril de 2013 e aprobou por unanimidade de todos os grupos —socialista, nacionalista, o entón chamado Alternativa Galega de Esquerda e Partido Popular— o seu plan de traballo, e que pediu documentación e comparecencias, documentación que só aportou a Xunta, como vostedes saben. A Xunta mandou todo o que tiña sobre ese expediente, mentres que outras institucións, empezando polo Banco de España, non mandaron nada. E, evidentemente, iso foi o que dixemos.

É certo que as cousas teñen mudado moito, é certo que o tempo eu penso que pode servir para enfriar o debate e, polo tanto, para que cheguemos a conclusións correctas. Neste momento, por exemplo, a entidade ten devoltos 1.707 millóns de euros aos preferentistas, cousa que di moito. O 80 % dos preferentistas recuperaron o 100 % do seu investimento, polo tanto, as cousas teñen mudado, e eu entendo que é o momento —de acordo co artigo 50 do Regulamento, que fixo caer a comisión ao final da pasada lexislatura— de intentar chegar a unhas conclusións razoables, sensatas e que expliquen realmente que foi o que pasou co sistema financeiro galego.

Falouse —xa acouto un pouco cal é o obxectivo da nosa comisión, que, insisto, foi aprobada por unanimidade, plan de traballo tamén aprobado por unanimidade, lista de comparecentes tamén aprobada por unanimidade— de que, efectivamente, esa comisión ten unha documentación valiosísima.

No ano 2013, no verán de 2013 —un verán no que o señor Losada fixo un esforzo especial, polo que parece; nós, desde logo, vivimos aquilo como unha necesidade de traballo intenso, e foi o que fixemos—, compareceu aquí o ex-presidente da Xunta, do Partido Popular —por certo, nada máis, foi o único ex-presidente que compareceu—, os ex-directores xerais das caixas, os ex-presidentes das caixas, os conselleiros que levaron a materia en todos os gobernos, os directores xerais de política financeira e responsables da materia e que estaban naquel momento no exercicio do posto. Compareceu o señor Fernández Ordóñez, gobernador

do Banco de España cando se produciu isto, a través dunha comparecencia por escrito, con posibilidade de réplica por escrito, ao igual que compareceu o señor Almunia, que vostedes no primeiro test non quixeron mandarlle preguntas pero no segundo dixeron: home, resulta que a resposta é que é útil, e mandáronlle tamén un test para que contestase. Tamén compareceu o presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o señor Julio Segura. Compareceron expertos en auditoría, tamén os que fixeran as auditorías cuestionadas das caixas, e expertos en banca, así como os afectados.

Polo tanto, temos aí unhas comparecencias valiosísimas, que, ademais —se me permiten recordarlles—, se produciron, como dicía, no verán do ano 2013, e que en novembro do ano 2013 e remitido a esta comisión no mes de xaneiro —se mal non recordo do ano 2014—, polo camiño produciuse un ditame do Consello de Estado no que se di que ningunha autoridade relacionada co control do sistema financeiro de nivel estatal ten a máis mínima obriga de comparecer nunha comisión de investigación dun parlamento autonómico. ¿Por que? Porque, efectivamente, igual que en Galicia había unha preocupación importante, tamén existía en Cataluña, e tamén solicitaron a comparecencia de responsables do Ministerio e de responsables do Banco de España, e o mesmo sucedeu en Extremadura. Ese informe, por certo, está na comisión das caixas; polo tanto, tamén pode ser estudado polos grupos perfectamente.

En consecuencia, o máis probable é que ese acontecemento único que se produciu no ano 2013, no que responsables do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, da Comisión Europea e mesmo persoas que ocupaban postos no Goberno de España, como é o caso da ex-conselleira e á sazón secretaria de Estado de Presupostos, compareceran na comisión é un feito irrepetible e que debemos valorar. Polo tanto, en ningún caso entendemos que iso non servira; é ao revés: o que pensamos é que hai que utilizalo para chegar ás conclusións pertinentes.

Os tempos. É certo que houbo unha decisión de enfriar o debate, pero voulles explicar por que, porque, ademais, son eu o responsable. Neste caso, ademais, se hai que pedir desculpas polo atraso, pídoas eu persoalmente, porque o presidente nesta cuestión pode dicirlles que, a nivel privado, é das poucas cousas —e tamén o digo con certa honra— que me ten recriminado a min: non ter rematado antes este informe.

Pero o certo é que, primeiro, non quixemos interferir no proceso de recapitalización do banco e de posta en marcha do novo banco. Eu creo que ninguén fixo aquí ningunha referencia ao que significa Abanca para a economía galega, pero o feito de que Abanca puidese saír sen ruído relacionado coas súas actividades, facendo iso, fixémoslle un gran servizo ao país. É certo que Abanca xa empezou a funcionar no ano 2014 sen ningún problema, pero tamén é certo que vostedes recordarán que no ano 2015 o tema xudicial, que era un dos motivos fundamentais de investigación, que eran as indemnizacións millonarias, estaba a piques de ser resolto; de feito, a sentenza do Supremo, que deixa clara cal foi a conduta dos seus responsables das caixas, produciuse estando nós en campaña electoral. Toda esta información, por certo, foi por este grupo pedida que se reenviase á comisión, para que a comisión tivese documentación sobre a sentenza, primeiro, da Audiencia Nacional e, despois, do Tribunal Supremo.

É certo que no ano 2015 esta Cámara tivo outras prioridades, como vostedes saben, que foi aprobar un paquete de medidas contra a corrupción, que tiñan a súa orixe na outra comisión que creamos naquel momento, que quedou inconclusa pero que aproveitamos ben para a normativa aprobada en relación coa prevención da corrupción que levou á aprobación dun paquete de medidas bastante importante, que foi prioritario que o remate da comisión das caixas.

É certo, tamén, como lles digo, que agora temos toda a información, incluídas as sentenzas do Tribunal Supremo sobre as indemnizacións millonarias.

En definitiva, traemos isto e ¿que é o que nos motiva? Pois o que nos motiva é precisamente a transparencia, facer un debate sosegado e aprobar un ditame, que pode incorporar por suposto decisións ou análises sobre a venda en subasta de Novagalicia Banco, non hai ningún inconveniente; tampouco hai inconveniente en que no plan de traballo se inclúa o prazo dos seis meses que vostedes introducen na súa. Pero o certo é que somos nós os primeiros que pedimos isto, como recordou na súa intervención por cuestións de orde a portavoz do Bloque e que vostedes viñeron detrás. Porque se hai algo que queremos que quede claro é que nós temos interese, porque débémollo ao país e débémolo a todos nós, por deixar negro sobre branco cal foi a evolución das caixas e cal foi o resultado final dese proceso de transformación do sistema financeiro galego.

E por iso imos votar que «si» á nosa —que é a mesma que vostedes votaron na pasada legislatura— e, certamente, aínda que sobre iso me estenderei despois, imos votar que «non» á súa, non só porque non son compatibles dúas comisións sobre o mesmo obxecto, senón porque hai bastantes cambios interesantes na súa petición de investigación en relación coas caixas de aforro.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo parlamentario non propoñente, Grupo de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Aínda estou en estado de *shock* ao escoitar a explicación do señor Pedro Puy de por que se estivo tres anos sen mover un papel da comisión de investigación das caixas, estou en estado de *shock*. Vostede contou unha anécdota e a min lembrábame ao programa aquel de «*La máquina de la verdad*». Se lle poñen hoxe o polígrafo, rebéntao, señor Puy; rebéntao, se lle poñen *la máquina de la verdad*.

Ou sexa, resulta que estivemos sen saber por que a comisión de investigación das caixas non se moveu durante tres anos e resulta que o señor Puy, *por su obra y gracia*, decidiu, por riba do presidente da Xunta de Galicia e do presidente da Comisión —naquel momento o señor Santalices—: «*no, no, esto se para porque hay que enfriar el debate*».

Hai que favorecer o proceso de capitalización de Novagalicia Banco e favorecer que Novagalicia Banco se venda a un señor venezolano —non chavista, por suposto— que, despois de gastar 9.000 millóns de euros de diñeiro público de todas e todos, por 1,3 millóns



de euros, con beneficios fiscais e no primeiro ano vai sacar xa case tantos beneficios como lle custou compralo, e no segundo ano o primeiro semestre 318 millóns de euros de beneficios, que se reparten 315 de dividendos no ano 2015; unha operación espectacular para Galicia, señor Puy.

Resulta que vostede se atribuíu a responsabilidade de ter paralizada tres anos esta comisión. ¿Por que non o explicou naquel momento? ¿Por que non saíu publicamente a explicar que había que enfriar o debate e que polo tanto se paralizaba a comisión de investigación das caixas? ¿Non se dá conta de que esta explicación supón que vostede lle estivo tomando o pelo a este Parlamento, aos deputados que estabamos exixindo explicacións de por que estaban parada e lles faltou ao respecto aos galegos e ás galegas?

Señor Puy, ¿por que non dixo hai tres anos o que dixo hoxe? ¿Por que non dixo antes das eleccións o que dixo hoxe? ¿Por que vén hoxe —non sei, nesa actitude de ter bastantes tragadeiras, que eu non lle supoñía tanto, señor Puy— dicir que vostede decidiu que o presidente non ten nada que ver con isto, que había que enfriar o debate? ¿Quen é vostede para decidir que hai que enfriar un debate, sen dar explicacións aquí, señor Puy? Isto xa é a guinda do pastel da tomada de pelo da utilización patrimonializada das institucións do Partido Popular; era o que nos faltaba por escoitar.

E, señor Losada, vostede non é miope politicamente, non. Vostede di que lle contaron que faltaba información transcendente na chamada auditoría, que custou un millón de euros, que resulta que non era auditoría ao final; claro que faltaba. Se vostede ía ao índice desa suposta auditoría, que non era, pero que custou un millón de euros, e que sacou a señora Marta Fernández Currás, premiada *por su talento*, demostrado na fusión das caixas, cunha fichaxe millonaria, vería: índice, páxina 4 —creo recordar—, «carta de encargo». Ías á páxina 4 e non aparecía «carta de encargo», e mira que a pedimos, e non estaba, señor Puy. ¿Isto que é: información selectiva? ¿Só se quería dar unha información e se negaba outra? Nesa «carta de encargo» ¿que aparecía? Os criterios que a Xunta encargou estudar a KPMG, que cousas tiña que estudar a auditora. Claro, é información transcendente, é información que compromete a posición da Consellería de Facenda naquel momento, pero non aparece, non aparece.

Igual que tampouco apareceron os informes internos da Consellería de Facenda, dos funcionarios da Consellería de Facenda. ¿Por que non apareceron eses informes? Non conviña, quentaba moito o debate saber que opinaban os funcionarios da Consellería de Facenda, que, evidentemente, non ían coller os dedos por unha operación que non tiña ningún sustento económico e que foi unha decisión político-electoral do señor Feijóo e que non tiña ningún sustento, como dixo aquí algún comparecente tamén na comisión.

Bueno, pois esta é a historia, a continuación da historia dunha macroestafa, dunha macroestafa. Cando falamos de corrupción, señor Puy, estamos falando de regalos, de Vega Sicilia, de cohecho impropio, pero tamén estamos falando, señor Puy, destas grandes estafas, de acabar cunha entidade que significa aínda o 41 % dos depósitos neste país. E dis que dende Madrid non é sistémica; para o Estado español non é sistémica; para nós si que era sistémica, e agardabamos unha resposta do Goberno deste país á altura de defender unha entidade que si que era sistémica para este país.

A estafa de dedicar 9.000 millóns de euros, recoñecidos recentemente polo FROB, que se van perder, 8.550 millóns de euros, coa venda de Novagalicia Banco, de despedidos, da estafa das preferentes, etc., etc., de prometer unha caixa de aforros galega e acabar cun banco venezolano —e despois somos nós os que temos conexións venezolanas perigosas—.

A macroestafa, que ten responsables directos, que eran os propios xestores da caixa —por certo, eran os reis do mambo, todo o mundo sacaba fotos con eles—, eses que as consideraban un negocio privado, unhas caixas que deberían de ter un fin social, que deberían de estar para financiar as pequenas iniciativas, as pemes, os sectores primarios, que negou financiamento para ter un grupo lácteo galego e que en cambio se embarcaba en aventuras na época do ladrillazo.

E nesas épocas todos os gobernantes que pasaron e todos os responsables da Consellería de Facenda tiñan responsabilidade e potestade, segundo a Lei de caixas de aforro de Galicia, para vixiar como se estaban xestionando. ¿E que fixeron eses responsables ante esta política de negarlles financiamento aos sectores primarios e en cambio dedicarse á especulación, esa especulación no ladrillo que foi a causa da situación insostible das dúas caixas —unha máis que outra—? ¿Que fixeron eses responsables? ¿Seremos capaces de que pase todo isto que estou contando e non haxa ningún responsable político, que non se lle explique á xente que quen tivo que vixiar estes responsables directos non fixo nada para que as caixas respondesen ao obxectivo social que deberían de ter as caixas?

¿Ou como tivemos que aturar aquí que no proceso de venda dunha entidade que é sistémica para este país nin sequera tiveramos acceso a ningún dos documentos de venda? Solicitamos o caderno de vendas de Novagalicia Banco, non se nos deu. Solicitamos ese informe de McKinsey, que aconsellaba o desinvestimento acelerado. Sempre se inventan palabras para encubrir os grandes saqueos, e fano moi ben: desinvestimento acelerado, ¡eh!: agasallar rápido a caixa de aforros a un banco venezolano.

Nunca se nos explicou ao Parlamento, onde reside a soberanía deste país, que a entidade que agrupa o 41 % dos depósitos deste país se ía vender. Nin aquí no Parlamento nin ninguén sabía nada de en que condicións. McKinsey, ademais. É dicir, nunhas institucións presuntamente democráticas, unha auditora moi coñecida polas portas xiratorias, é a que decide en que momento se vende Novagalicia Banco, McKinsey. Non sei se lles parece normal, democrático, transparente. A nós, evidentemente, non. Non estamos falando de calquera cousa, señor Puy. Hai que falar seriamente destas cuestións, non se lle pode tomar o pelo á xente.

¿Cal é o resultado desa venda para este país? Ben, pois que temos unha xestión de Abanca que está producindo unha auténtica descapitalización da entidade. Se vemos as contas de 2015 e 2016, vemos que a estratexia deste señor é vender activos para facer caixa, é un negocio a curto prazo. Miren as contas de 2015 e verán como baixan o seu activo en 7.000 millóns de euros por venda, entre outras cousas, de empresas como R. A iso se está dedicando este señor, a facer negocio rápido, a descapitalizar a entidade. E así temos aforro, pero non temos en cambio proporcionalmente o crédito que necesita este país.

Polo tanto, o único que merecería a pena aquí escoitar do portavoz do Partido Popular hoxe —xa que moitas das cousas que estou dicindo, evidentemente, se se constitúe esta comisión

haberá tempo para decidir — é unha explicación honesta, pero non con nós, coa cidadanía, de por que vostedes manexaron —ao seu antollo e por interese electoral— o funcionamento dunha comisión de investigación das caixas, que supostamente era para esclarecer a verdade, e por que estiveron tres anos sen facer nada, sen que se soubese o que pasaba, e vostede vén aquí tres anos despois dar unha explicación que, a verdade, é pouco verosímil, señor Puy, e se non explicárao naquel momento.

Se non, teremos que volver pensar que o único que volven facer, manexando os tempos e manipulando, é crear a principios de lexislatura unha comisión, pero non teñen a verdadeira intención de coñecer e de que se coñeza a verdade, o que teñen é a intención de voltar facer o que foi a anterior comisión de investigación: un auténtico paripé.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios solicitantes. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, o señor Puy, como é habitual nel, veu aquí para converter todo nun fenómeno meteorolóxico, non se acabou a comisión de investigación, porque tiña que ser así. Agora dános unha segunda versión, e é que el, que está por riba do Parlamento, por riba da democracia, decidiu que había que enfriar a comisión de investigación.

É curioso, señor Pedro Puy, porque no ano 2015, cando debatíamos nesta Cámara sobre a paralización da comisión de investigación das caixas, en concreto unha PNL que defendeu o Grupo Parlamentario do BNG, o señor Trenor, que actuaba naquel momento de portavoz, dicía que a comisión non estaba parada, senón que estaba funcionando, e que nós estábamos inventando aquí unha realidade paralela. Ben, imos pola terceira ou cuarta versión a respecto de cales son as causas da paralización da investigación da venda das caixas, pero para o señor Pedro Puy todo é normal.

Imaxino que el está por riba das leis, porque o señor Puy sabe, perfectamente, que aquí se aprobaron, nesta Cámara, por unanimidade, unhas normas de funcionamento da comisión. Estou convencida de que ten vostede boa memoria, e de que é unha persoa que se documenta, e nesas normas de funcionamento, no seu artigo segundo, esa comisión dicía que tiña que rematar os seus traballos en tres meses, ou como moito que tiña que finalizalos no mes de xullo de 2013, pero na democracia, que acabamos de saber «puyana», pois, claramente, o señor Pedro Puy está por riba do Parlamento, das normas e do funcionamento normal en calquera tipo de institución democrática, onde se todas as forzas políticas chegamos a un acordo para constituír unha comisión, non hai ningunha razón para que esa comisión se teña que paralizar.

A realidade é que vostedes non teñen ningún interese en investigar, nin en que se coñeza a verdade, se non, señor Puy, esa comisión tería acabado os seus traballos; podía ser a finais

de 2013, estabamos dispostos a aceptalo, pero non chegar ao ano 2016 exactamente na mesma situación.

O noso grupo, a pesar de todo —como lle dicía—, cre que a verdade é moito máis valiosa que o tempo, e, polo tanto, estamos con toda a disposición a que poidamos constituír, por unanimidade, unha comisión de investigación neste Parlamento, que analice que pasou coas entidades, que pasou con esas indemnizacións dos ex-directivos das caixas absolutamente escandalosas, e lémbrolle que esas indemnizacións se fraguaron nun tempo extra, do que é responsable o Partido Popular e tamén o Partido Socialista. Modificaron unha lei que situaba eses ex-directivos fóra das caixas para que seguiran á fronte das mesmas, ¿ou acaso estou mentindo, señor Puy? Vostede sabe, perfectamente, que isto foi así, e, polo tanto, o que non poden é vir aquí e intentar esconder as súas vergoñas.

Nós estamos por sumarlle ao obxecto da comisión de investigación que investiguemos tamén a venda de Novagalicia Banco, e que poñamos xa, neste momento, un acordo de que en seis meses se vai abrir un novo prazo de comparecencias, e imos finalizar os traballos da comisión de investigación. Cremos que é importante que o fagamos por unanimidade, e que, efectivamente, investiguemos absolutamente todo.

O Bloque Nacionalista Galego ten unha vontade clara nesa dirección, a cuestión, señor Pedro Puy, é se vostede non quere que se investigue que pasou coa venda de Novagalicia Banco. A nós preocúpanos saber que pasou para que se vendera unha entidade cando non había ningunha razón para facelo, cunha perda para o erario público de 8.500 millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Se a vostede non lle preocupa, o certo é que é delatador sobre cales son as verdades incómodas que queren ocultarlle ao conxunto dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor Puy, é que me recordou vostede a Mr. Ripley, absolutamente, nesta intervención: o cambio de prisma sobre o discurso dos feitos. A verdade é que está ben, está ben como exercicio de..., en fin, de modificación, está ben.

Desde logo, nós dixémolo desde o principio, e quero recordarlle, ademais, que vostede tiña razón cando dicía que apoiamos por unanimidade un calendario de comparecencias e un calendario de desenvolvemento da comisión. Tamén quero recordarlle que o Partido Popular

se negou a que compareceran o anterior gobernador do Banco de España, o señor Caruana, e o gobernador actual naquel momento e neste momento, o señor Linde.

Nós imos seguir pedindo esas comparecencias, porque volvo repetir que non creo que ningunha conxunción astral levara a que sexa exactamente o Goberno, no Banco de España do señor Fernández Ordóñez, o que levou a esta situación. Seguro que vostede recorda a carta da asociación de inspectores do banco no 2006, o vicepresidente Pedro Solbes sobre o papel do señor Caruana na regulación do sistema financeiro español. E, polo tanto, eu creo que cargos nomeados polo Partido Popular teñen moito que dicir nesta cuestión.

O señor Fernández Ordóñez, que, efectivamente, como vostede dixo, compareceu por escrito, porque vostedes non estiveron dispostos a esperar un mes a que comparecera por oral —recórdolles que era un mes, estabamos a finais de xullo e el ofrecía creo que era o primeiro luns de setembro, ou sexa que un mes—, pois dixo algunhas cousas interesantes. Cousas interesantes que, por certo, dixo nun libro que publicou recentemente e que algúns medios de comunicación de Galicia recolleron, outros non, pero algún si, algún recolleuno e eu creo que con bastante detalle. Entendo que aquí, como noutras cuestións, pois tamén hai, en fin, xuíces e partes.

O FROB está disposto a que o señor Fernández Ordóñez declare por Bankia, ou sexa, polo Goberno, polo Executivo, o FROB depende do Executivo. E ese señor Guindos, e paso ao que aconteceu nestes tres anos de parálise, vostede entendo que é unha parálise, entendín que estabamos falando dunha parálise táctica, que o que quería era un ditame de extrema pureza, case de laboratorio, e que, polo tanto, non houbera elementos esóxenos —é igual que sexa a venda do banco ou que sexan os xuízos dos directivos— que alteraran esta cuestión.

A nós a venda do banco —dixémolo desde o principio—, de Novagalicia Banco, pareceunos opaca, inoportuna e precipitada. Por certo, o señor Guindos no ano 2015 xa dixo solemne-mente: *«No vamos a malvender Bankia, es un activo que cada vez valdrá más»*.

Bueno, pois acontecía algo parecido co activo Novagalicia Banco, porque no ano 2015 era das entidades de menor tamaño en España que tiña a mellor ratio de beneficio en relación con activos.

Ten, e vou ler os resultados financeiros da empresa, porque eu creo que convén tamén saber exactamente a que renunciou en termos públicos esta Comunidade Autónoma, ou o Goberno de España; eu sei que esta decisión non era unha decisión do Goberno galego, iso é evidente, pero tamén sei quen gobernaba con maioría absoluta en Madrid.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Abanca tivo no ano 2014... Bueno, primeiro, Abanca pagou 1.000 millóns de euros por Novagalicia Banco, a pagar en catro anos desde o 2013. É dicir, en teoría 2014-2017, 1.000 millóns de euros.

Beneficios no 2014, 1.157 millóns de euros, cun proceso de desinvestimento de activos brutal. En 2015, 330 millóns de euros. En 2016, nos tres primeiros trimestres, 267 millóns de euros. É dicir, 1.754 millóns de euros desde xaneiro de 2014 ata setembro de 2016. E vai pagar ata o 2017 1.000 millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿De verdade que non era posible que o ámbito público xestionara este activo, que, exactamente igual que Bankia, cada vez valería máis?

Agora o que valeu, señor Puy, e sábeo perfectamente, é menos 8.000 millóns de euros. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Ben, eu concluía a miña intervención dicindo que, evidentemente, queremos tanta transparencia que fomos os que trouxemos isto a esta Cámara, e vostedes viñeron arrastras, cinco días despois, asinando unha comisión de investigación. Pero é que, ademais, se eu non quixera que houbera comisión de investigación, con votarlle que non á comisión de investigación xa estaba.

Polo tanto, o compromiso coa transparencia é evidente e é claro. *(Aplausos.)*

Téñense dito algunhas cousas, e mesmo o señor portavoz de agora En Marea dixo que estaba en estado de *shock*. Home, eu espero que se recupere deste estado de *shock*, que en todo caso espero que non fora tan intenso como cando o señor Beiras marchou da comisión e o deixou a vostede co papelón que asumiu, cunhas tragadeiras, de verdade, de estar alí aguantando aquilo. *(Aplausos.)*

Porque eu recórdolles que vostedes, despois de estar de acordo cos comparecentes da documentación, e todo iso, un bo día, curiosamente coincidindo coa comparecencia do señor presidente daquela de Novagalicia Banco, un bo día decidiron ser observadores.

Bueno, eu non sei se seguen sendo observadores ou que é o que queren facer. Nós o que queremos é aprobar un ditame para explicar exactamente que foi o que pasou. Unha explicación é evidente.

Primeiro, señora Pontón, vostede, que ten boa memoria, probablemente non estaba naquela comisión cando aprobamos o plan de traballo, e eu dixen daquelas que en seis meses non daba tempo a facer a comisión. Pero é que é máis, é que transcorrido o período de seis meses que se puxera no plan de traballo, vostedes aínda non rexistraran a lista de comparecentes, rexistrárona despois dos seis meses.

Polo tanto, é certo que houbo atrasos, é certo que non concluimos os traballos coa premura que quixeramos, é certo que eu tiven unha certa responsabilidade.

Primeiro, e fundamentalmente, e voulo dicir, porque a min o que non me gusta é que o Parlamento faga o ridículo, e cando hai unha comisión de investigación que está coincidindo no seu traballo exactamente co que é unha actuación xudicial, neste caso da Audiencia Nacional, eu dígoille a verdade, prefiro esperar a que a Audiencia Nacional se pronuncie, e se hai un recurso ante o Tribunal Supremo, prefiro esperar a que o Tribunal Supremo se pronuncie. Porque fariamos o ridículo se chegáramos a unha conclusión nunha comisión de investigación parlamentaria distinta á que chegan os tribunais de Xustiza.

Polo tanto, esa paciencia por agardar a resolución do traballo da xustiza paréceme que é prudente. Vostedes din que eu estou por riba da lei, cando xustamente o que significa é exactamente o contrario, é máximo respecto ao estado de dereito e á actuación dos poderes, ¡cada un no seu lugar! (*Aplausos.*)

Dícialles, tamén, que nós o que queremos é rematar os traballos da comisión de investigación, que ten un caudal de información impresionante e importante.

Vostedes, en cambio, modifican e piden outra comisión de investigación. Nós pedimos que se estude a evolución económico-financeira, que nalgunha intervención se dixo que fora a expansión do ladrillo e todo iso o que provocara a crise das caixas. Iso co seu obxecto de investigación non está, a vostedes o que lles importa é a fusión, que por certo se fixo sen ningún voto en contra desta Cámara, ningún voto en contra, ¡ningún voto en contra nesta Cámara!

Queren estudar as causas e responsabilidades de transformación en banco privado, investigar a venda e investigar a situación do creto en Galicia. Ben, é dicir, non queren estudar que foi o que pasou na expansión do ladrillo, porque non está no seu obxecto de investigación. E non queren falar das indemnizacións millonarias, despois de todo o que escoitamos aquí das indemnizacións millonarias.

Evidentemente, nós imos darlle continuidade ao plan de traballo, xa dixeran que non hai ningún inconveniente en incorporar a documentación ou a información dispoñible en relación coa venda. Evidentemente, nós xa falamos e debatemos varias veces o tema da venda nesta Cámara, pero, desde logo, o que queremos saber é que pasou nos anos do 2005 ao 2009, por que se deterioraron os activos e por que as caixas remataron converténdose nun banco, e finalmente nun banco nacionalizado que tivo que ser vendido.

E sobre a venda, señor Losada, vostede que segue con atención a prensa económica, estará vendo que Europa aprema pola venda de Bankia estes días, porque se está a punto de cumprir o prazo. Pero vostede xa está dicindo que vai gañar moitos cartos o Estado coa venda de Bankia. Dada a situación financeira internacional eu creo que vostede está equivocado no seu diagnóstico. Pero xa veremos qué pasa con Bankia, como se vende e canto é a perda do Estado.

O que si sei é que, cando se venderon as antigas caixas, deu lugar a unha empresa que se chama Abanca, que mantén o emprego en Galicia, 4.200 empregos directos, o 81 % deles traballan en Galicia. Abanca ten unha contribución ao emprego total de Galicia,

en emprego directo, de 3.730; indirecto, de 5.600; e, inducido, de 6.569. Das 667 oficinas que ten Abanca en toda España, 540 están en Galicia. O impacto indirecto —estudado polo Idega— de Abanca, do banco privatizado, é un 11,13 % no produto interior bruto de Galicia. E Abanca conta con 3.000 empresas proveedoras en Galicia, o que ten un impacto en total de arredor de 74.000 empregados e uns pagos de 170 millóns de euros aos provedores galegos.

Vostede pode seguir dicindo que se fixo un mal negocio para Galicia. Eu sigo pensando que é unha magoa que se perderan as caixas pero que, afortunadamente —entre outras cousas, pola actuación política do Goberno do Partido Popular—, o negocio non foi tan malo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Rematado o debate, procedemos á votación.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? ¿Si, señor Losada? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Na medida en que se acumulou o debate, quería ver a posibilidade de facer unha transacción para votar un único texto de creación da comisión.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Señor Puy?

**O señor PUY FRAGA:** Eu, dado o descoñecemento do Regulamento respecto da petición que se acaba de facer, pediríalle ao presidente que informase —consultándoo co asesor xurídico— sobre a imposibilidade de facer o que acaba de solicitar o deputado.

**O señor PRESIDENTE:** Pois ímolo consultar. *(Pausa.)*

Parece que está claro. No Regulamento non se contemplan transaccións neste caso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, soamente se poden producir se hai unanimidade no voto.

Entón imos votar. Votaremos, pero, claro, hai que votar —como comprenderán vostedes— as dúas creacións de comisións. Entón comezamos votando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero non é posible a transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, segundo me informa o letrado, non é posible a transacción. A única posibilidade é que vostedes voten, pois... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, iso de saltar o Regulamento por consenso, de momento non é posible. *(Risos.)*  
*(Murmurios.)*



Bueno, votamos.

### ***Votación das solicitudes de creación de comisións de investigación***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando —se lles parece— a creación da comisión de investigación, en primeiro lugar, que solicitan os corenta e un deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Xa foi lido en que consiste a constitución desta comisión.

Votamos.

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos corenta e un deputados e deputadas pertencentes ao G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; abstencións, 27.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a creación desta comisión.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposta de solicitude de creación de comisión de investigación do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galicia, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de seis meses, partindo do traballo realizado na IX lexislatura e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a creación desta comisión.*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ao punto segundo, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición:*

*Engadir o seguinte punto no apartado 1:*

*«O Parlamento insta o Goberno Galego a tomar medidas para erradicar a pobreza enerxética. Para tal fin crearase a Tarifa Eléctrica Galega que rebaixará o recibo da luz un 30 % en concepto de peaxes.»*

*Emenda de adición:*

*Engadir no apartado 2 o seguinte texto:*

*«O Parlamento insta o Goberno a crear e implementar un plan de emerxencia social para Galiza co obxectivo de paliar a situación de pobreza que vivimos neste momento. Este plan contemplará como medida fundamental o cobro inmediato da Risga pola persoa demandante da mesma nos casos no que a súa tramitación exceda de dous meses. Ademais o Goberno galego garantirá que todas as persoas que se atopan no chamado o «limbo da dependencia» terán prestación pública que lle corresponde en aplicación da denominada Lei de dependencia.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente.

Señorías, a loita contra a pobreza e a exclusión social é algo que preocupa notoriamente a esta Cámara, sobre todo aos membros do Goberno da Xunta e a moitos do Partido Popular. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, estamos no Parlamento e este é un bo lugar para traballar tamén, sobre todo cando hai pleno, pero bueno... *(Murmurios.)* E o Goberno tamén traballa no pleno cando hai pleno. ¡Menos mal que está vostede aquí para recibir as suxestións da moción que En Marea ten a ben presentar!

É a primeira moción, neste caso, que presenta En Marea nesta lexislatura e que coincide tamén coa primeira moción que se debate neste Pleno nesta lexislatura en xeral. Non quixemos que fose casual a materia escollida: a exclusión social e a loita contra a pobreza. Sabemos que é un tema fundamental que preocupa a unha parte importante da sociedade, non soamente á xente que a sofre senón tamén ao resto de xente que, en exercicio de solidariedade compartida, quere que directamente e por medio dos seus representantes e por medio

das administracións públicas se leven a cabo medidas efectivas para rematar coa exclusión social e coas situacións de pobreza naqueles casos onde a situación é máis acuciante.

Queremos, polo tanto, aquí establecer o primeiro compromiso, como Grupo Parlamentario de En Marea, coas persoas que peor o estiveron pasando, que peor o están pasando, pola crise e que menos oportunidades tiveron e que menos oportunidades teñen para saír adiante. É, polo tanto, un exercicio de solidariedade social por medio do compromiso desta Cámara e do seu Goberno con toda esa xente, que entendemos que merece un esforzo adicional por parte dos poderes públicos para acadar condicións de igualdade —coma sempre, non de privilexio senón de igualdade de oportunidades—.

Presentamos, ademais, unha moción, despois da interpelación realizada a semana pasada, que entendemos que se realiza en termos tan amplos que permiten, pola súa flexibilidade, o consenso da Cámara, a posibilidade de que todos os grupos parlamentarios poidan chegar a aprobala e que, polo tanto, o Goberno teña unha folla de ruta en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social, o que entendemos que é bo para o conxunto da sociedade.

A partir de aquí, paso a explicar os propósitos concretos desta moción, comezando, en primeiro lugar, polo establecemento dun plan urxente de choque que permita reducir nun 50 % durante esta lexislatura o número de persoas en situación de privación material severa. Fíxense que, evidentemente, o propósito de calquera organización de loita contra a pobreza material severa —desde logo, do grupo parlamentario de En Marea— é chegar ao punto cero. Pero queremos, en todo caso, establecer un compromiso concreto de reducir como mínimo o 50 %, dotado con carácter orzamentario e estratificado ao longo de toda a lexislatura, que comece por este mesmo exercicio de orzamentos que aínda estamos debatendo, e que se dote materialmente de contido para poder realizalo e que dea lugar a ese resultado material ao final da lexislatura.

Sabemos que existe pobreza material severa cando unha persoa ten que sobrevivir con menos de 332 euros ao mes. Ese é o índice por debaixo do cal se entende que unha persoa está na pobreza material severa. Actualmente na sociedade galega existen 132.000 mulleres e homes —máis mulleres ca homes, porque a pobreza material severa golpea máis por xénero as mulleres que os homes, xa que teñen menos oportunidades tanto no ámbito laboral coma no ámbito social— colocados neste momento no ámbito da privación material severa. Supoñen un 4,8 % da poboación galega, que vive nesta situación. É unha situación que —como denunciámos no pleno anterior— vai de mal en peor, porque en 2014 era do 3,5 % da poboación e neste momento —cos datos do 2015 pechados— é do 4,8 %, o cal supuxo o incremento de 38.000 persoas nun só ano. Parécenos especialmente preocupante porque supón, fronte ás macrocifras dadas pola Xunta de recuperación económica e de recuperación de estándares de benestar, realmente un empobrecemento dos que peor o están pasando, dos que peor o estiveron pasando, durante a crise e con carácter estrutural dentro da nosa sociedade. Sabemos que a recuperación dos estándares de calidade de vida non se produciu de forma igual para todo o mundo. Nós denunciámos que houbo unha saída desigual da crise, unha saída na que os pobres eran máis pobres e na que os ricos eran máis ricos, e na que o novo traballo asalariado é un traballo máis precario. E isto é o resultado diso: capas de poboación que non teñen posibilidade de traballar, e que os que a teñen non dan saída dunha situación de absoluta precariedade e, polo tanto, desta pobreza material severa.

Queremos un plan dotado orzamentariamente. Non nos chega esa estratexia de inclusión social. Queremos que a estratexia de inclusión social estea dotada orzamentariamente. Estamos no tempo para os orzamentos do 2017 e facémoslles un chamamento explícito para que durante a tramitación dos orzamentos se dea lugar a esta compensación de carácter económico, que se prevexa orzamentariamente unha transferencia directa de renda para a xente que está en situación de pobreza material severa, que haxa un plan de inserción sociolaboral e un plan de asistencia social. Estas tres cuestións que estean dotadas orzamentariamente xa este ano e que estean preparadas estratexicamente para que de que aquí a 2020 teñamos acadados estes obxectivos.

En segundo lugar, pedimos a elaboración dun plan de traballo para que, de acordo cos axentes da sociedade civil e impulsado desde os poderes públicos, se acade a situación de alivio definitivo da situación de pobreza enerxética, entendendo por esta a incapacidade dun fogar ou dunha familia para satisfacer un mínimo de servizos enerxéticos para cubrir as súas necesidades básicas. Segundo a Asociación de Ciencias Ambientais, no noso país 455.000 galegos dedican máis do 10 % dos seus ingresos anuais a gastos en enerxía, o que está por riba do tope aconsellado por todos os organismos públicos para poder afrontar este tipo de gastos; e 200.000 galegos e galegas teñen dificultades para quentar as súas vivendas. Ademais, por distintas organizacións —entre elas, esta— denúnciase que cada ano morren 800 galegos por incidentes derivados do frío, algúns por causas directas relativas á mala combustión de sistemas de calefacción e outros directamente pola imposibilidade de quentar adecuadamente o seu fogar, o que dá lugar a enfermidades que teñen como causa última unha de carácter social e, polo tanto, evitable, como é a pobreza enerxética. A actividade da Xunta neste ámbito é notoriamente insuficiente, e, de feito, no que vai de 2016 —co mes de outubro pechado— a Cruz Vermella pagou máis de mil recibos de luz, gas ou auga na nosa comunidade.

Entendemos que é necesario paliar a situación de pobreza enerxética, e para isto cómpren medidas que non todas elas están derivadas ou están encamiñadas a promover axudas compensatorias en caso de impago —que é o que se ve con máis frecuencia—, senón unha actuación integral para atallar este problema. En primeiro lugar, efectivamente, axudas de carácter compensatorio pero tamén obradoiros de eficiencia enerxética, a promoción de puntos de información enerxética, as asesorías domiciliarias ou a execución de medidas de aforro enerxético.

Outra das propostas que traemos aquí é aprobar nos vindeiros seis meses o decreto regulador da Lei 10/2013, de inclusión social. A Lei de inclusión social foi ben recibida polos axentes sociais cando se aprobou no seu momento. Pero xa se fixo unha advertencia: moitos dos seus apartados requirían un desenvolvemento regulamentario e ademais non entraban en vigor ata que se desenvolvesen regulamentariamente. E entón, a partir de aí, deriváanse dous incumprimentos por parte do Goberno. O primeiro deles é que a disposición derradeira primeira, en relación co desenvolvemento normativo, di: «A Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a aprobación da lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación». Pois ben, isto foi publicado o 31 de decembro de 2013, o cal significa que desde o 30 de xuño de 2014 vostede está incumprindo un deber legal, establecido na propia lei, de desenvolvemento regulamentario integral da Lei de inclusión social de Galicia. Isto é grave. Pero o máis grave aínda é que hai outras disposicións, como a

disposición derradeira segunda, sobre a entrada en vigor, onde se di, entre outras cousas, que no caso concreto de tramos de inserción e de transición ao emprego entrarán en vigor as súas disposicións só cando se publique o decreto no que se regulen eses tramos. Pero é que, ademais —vou rematando—, nas disposicións adicionais —en moitas delas— establécese que o contido dos dereitos alí anunciados soamente será efectivo cando se desenvolva regulamentariamente isto. Por iso queremos que se cumpra dunha vez a lei. Isto é un compromiso coa legalidade, é un compromiso coa inclusión e coa igualdade de oportunidades, non é un desexo en abstracto. É o desexo do cumprimento da lei contra unha política do Partido Popular que é demasiado frecuente, que é a da simple propaganda de aprobar leis que logo non se cumpren porque non teñen desenvolvemento regulamentario, porque non teñen desenvolvemento de instrucións administrativas concretas e, sobre todo, porque non teñen memoria orzamentaria.

Outra das medidas que propoñemos é a erradicación destes desafiuzamentos de vivenda habitual por imposibilidade de pagamento, tanto os que teñen carácter bancario ou hipotecario como os de carácter arrendaticio. Queremos que se garanta o dereito a unha vivenda digna; queren réxime de propiedade, queren réxime de alugamento, queren réxime de concesión, unha especie de prestación social por parte da Administración pública galega.

Queremos que se elabore, ademais, e de xeito urxente, unha estratexia de inclusión social sobre empregabilidade para os colectivos máis vulnerables deste país: as mulleres, que seguen sufrindo un diferencial de emprego en relación coa ocupación masculina sempre superior aos dous, tres, cinco, oito puntos, dependendo da estatística que se utilice. A taxa de paro xuvenil que acada o 28 % no noso país. O emprego para maiores de 45 anos en especial dificultade de inserción laboral e de parados de longa duración que, en moitos casos, non reciben ningún tipo de prestación social como consecuencia da situación de imposibilidade de acceder ao mercado laboral.

Finalmente, dúas cuestións ás que me refiro agora: en primeiro lugar, a elaboración dunha estratexia de cooperación e colaboración para facilitar o acceso aos servizos de inclusión. Hai unha denuncia constante das asociacións que traballan neste sector, tanto das oenegés galegas de desenvolvemento como de [...], como das traballadoras e traballadores da Risga, de que existen trabas burocráticas que impiden acceder con normalidade aos gastos ordinarios e extraordinarios que dispensan estes servizos de inclusión, e iso non pode ser. Non pode ser que, por trabas burocráticas, a xente, que ademais moitas veces é xente que ten especial necesidade de acceso a esas medidas de inclusión social, non ten moitas veces forma de facer chegar directamente as súas demandas pola súa propia situación de exclusión social e de información de acceso a eses servizos, e que despois as trabas burocráticas aínda lles impidan a efectividade deste servizo. É necesaria unha maior proactividade; unha maior proactividade para que as administracións públicas provexan ese acceso á xente que está en situación obxectiva da súa necesidade.

Finalizo coa segunda das propostas que derivamos desta moción, que é pedir ao Parlamento galego a súa posición da intención de modificar o papel da Risga como dereito subxectivo modificando aqueles apartados que dificultan un acceso ás persoas demandantes.

Non abonda a regulación actual da Risga. Non abonda. Non abonda porque existen numerosas situacións de exclusión cando se cae dentro do ámbito obxectivo de aplicación, que son as persoas en notoria situación de exclusión social tanto a nivel laboral como a nivel sociolaboral e sociosanitario. Actualmente exclúense as persoas afiliadas á Seguridade Social cando non é garantía de seu de saír do risco de exclusión social.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Existen contratos precarios e situacións de familias monomarentais, ademais habitualmente monomarentais, onde un simple contrato precario dá lugar á saída da Risga e, despois, a súa recuperación dá lugar a un trámite que supón que durante o ínterim se está sen percibir ningún tipo de prestación, que ademais non ten carácter retroactivo polo tempo no que se fai a tramitación.

Débase rematar coas instrucións administrativas que establecen trabas abusivas —e isto está denunciado polas traballadoras e traballadores da Risga da Xunta de Galicia—. A Risga, ademais, non permite a convivencia de varias persoas con esta prestación, o que constitúe unha discriminación tanto no ámbito da parella como de relacións de convivencia que non teñan carácter exactamente de parella...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, vou rematando.

**O señor PRESIDENTE:** Non, remate xa.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, remato xa.

No informe por unha Risga, e por unha Risga xusta, elaborado en Galicia por distintos colectivos, reclámase que se atendan tamén os novos perfís de solicitantes derivados da crise económica actual, tamén as situacións de emigrantes en situación irregular, que non se resolvan negativamente por silencio administrativo, que se resolva a imposibilidade de aboar atrasos... En definitiva, que se cumpra mediante unha Risga xusta o dereito de todas e todos a vivir en condicións mínimas de dignidade do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Desde o inicio da crise, as políticas de recortes xustificáronse coa mentira de que non había cartos; xustificáronse os recortes na ensinanza, na educación, os recortes sociais, en ciencia... como medidas dolorosas pero inevitables. E baixo esa mentira, saqueouse o 90 % da poboación: rebaixá-

ronse os salarios, as pensións, as prestacións sociais, a atención sanitaria, a educación... mentres si que había cartos para rescatar os bancos, as eléctricas ou as construtoras de autoestradas.

Parece que se quere instaurar o relato de que estamos saíndo da crise, pero estase saíndo da crise coa riqueza moito peor repartida: ricos máis ricos e pobres máis pobres, ¿non? A riqueza acumulada en menos mans, como cualificou a Oxfam, unha economía ao servizo do 1 % onde 62 persoas no mundo teñen tantos cartos como a metade da poboación, ou que no Estado español, e dentro da OCDE, o que máis están medrando son as desigualdades. Eses son os datos e esa saída da crise da que tanto lles gusta ir xa presumindo.

Estamos, polo tanto, diante dunha situación de pobreza, de deterioración social, gravísima. É gravísimo pola intensidade desa deterioración, é gravísimo polo carácter transversal e, sobre todo, porque xa non é un fenómeno conxuntural, xa non é un fenómeno dunha situación de crise que se vai superar, senón que estamos diante dun fenómeno que xa se está convertendo en estrutural. Un problema estrutural agravado porque ese, cada vez máis, minguante papel amortiguador do Estado de benestar está sendo menos amortiguador. Ensino, sanidade, dependencia, que eran piares dese Estado do benestar, estanse cambaleando e iso repercute dun xeito directo na vida das persoas.

O pasado 17 de outubro, a Rede galega contra a pobreza, convocábanos para facer público o estado da pobreza en Galicia. Trasladábanos toda unha serie de datos que constatan o empeoramento xeneralizado da situación social: que en Galicia, efectivamente, son 702.000 persoas, o 25,7 % da poboación, as que malviven en risco de pobreza e exclusión social e que son, o dato máis grave, 106.000 máis que o ano anterior. Non é que a cuestión vaia a menos, señor conselleiro, senón que vai a máis.

O que empeora é a situación dos que peor o están pasando. A pobreza severa rexistrou un aumento de 38.000 persoas máis que o ano anterior, ter un emprego non garante saír de pobre, a exclusión e a pobreza teñen cara de muller, teñen cara de xente nova, o 44,2 % da poboación galega vive en situación de privación material severa; iso significa que non poden facer fronte a pagos da súa vivenda, a pagos de calefacción, que non poden facer fronte a un imprevisto.

Por iso o BNG vai votar a favor desta iniciativa, que é moi extensa, realmente engloba case a totalidade das cuestións que hai que abordar.

Presentamos unha emenda que cremos que incide en dous aspectos e un é o pago inmediato da Risga. Estamos de acordo coas cuestións que aquí se plantexaban, pero é un clamor que o atraso en tramitar e en facer efectivas as axudas está sendo un auténtico problema; a Risga é unha axuda fundamental para moitas persoas e non é de recibo que se dilate meses. Por iso presentamos unha emenda que, tal e como establece a lei, no caso de que se superen os dous meses que establece a propia lei para responder á solicitude, cando esa resposta sexa o silencio administrativo, se entenda como positivo e se adxudique de xeito inmediato, e que a falta de persoal, a falta de coordinación, todas esas cuestións que se poñen por escusa sempre, pois que non sexan escusa, e que esas miles de persoas que necesitan esa axuda, que a poidan cobrar de inmediato. É igual un clamor a lei de inclusión que entrou en vigor no ano 2014, porque ten que estar desenvolva vía re-

gulamentaria, cousa que vostedes tampouco fixeron. Non hai moita xustificación para que iso sexa así.

E logo pois tamén queremos facer incidencia en que a loita contra a pobreza enerxética ten que facerse efectiva, e ademais de estar de acordo co que presenta a iniciativa, o que plantexamos na emenda é tomar medidas para erradicar a pobreza enerxética coa creación da tarifa eléctrica galega. Galiza ten un elemento competitivo que é que producimos enerxía e que somos excedentarios. Entón, no BNG, dende logo, non nos resignamos a que cos nosos recursos se poidan beneficiar outros e que...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...os primeiros que se teñen que beneficiar sexan os galegos e as galegas. Temos calculado que esa rebaixa de non pagar esas peaxes sería do 30 % e propoñemos que, ademais das medidas incluídas, que se leve a cabo esa tarifa eléctrica galega e que repercuta no conxunto dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas. O indicador AROPE —non os datos do Partido Socialista— di que en Galicia hai un 25,7 % de persoas, de galegos e galegas, que están en risco de exclusión social; é catro puntos superior ao do ano 2015, outros catro puntos superior ao do ano 2014. Somos unha das catro comunidades autónomas onde máis se incrementou o risco de pobreza.

E non é casual a consecuencia da situación sociolaboral de milleiros de persoas. Hai que recordar que só unha de cada catro persoas paradas está recibindo algún tipo de prestación. Son catorce de cada quince mozos e mozas, catro de cada cinco mulleres as que están completamente desprotexidas. Hai en Galicia 35.000 fogares, un incremento de 5.000 neste último ano, sen ningún tipo de ingreso nin salario, nin pensións, nin subsidio. Un incremento do 17,7 % en Galicia, mentres que en España se estaba reducindo nun 7,7 %. Todo isto unido aos baixos salarios, en concreto —que xa se comentou aquí—, as mulleres porque, a precariedade, efectivamente, ten nome de muller. Pois Galicia atópase entre as catro comunidades autónomas tamén con menor salario medio. Isto conleva que haxa un 4,8 % de situación de privación de material severa.

Ben, estamos falando de case un 2 % de galegos e galegas que non poden permitirse unha comida de carne, de polo ou de peixe cada dous días. Estamos falando de máis dun 27 % de galegos e galegas que non teñen capacidade para afrontar os gastos imprevistos. Estoume referindo a 100.000 fogares que non poden manter a súa casa a unha temperatura axeitada, e é segundo os datos do INE. A un 10 % da poboación que non pode facer fronte ao pago do



recibo da luz. Cifras que non fan máis que reflectir a realidade que se vive todos os días en albergues, en bancos de alimentos e nos concellos, onde os técnicos se ven completamente saturados ante a avalancha, señores e señoras do Partido Popular, de solicitudes da Risga e doutro tipo de axudas. Axudas, non soamente para aquelas persoas que están en situación de desemprego, senón para esa nova clase social que as políticas da dereita, as políticas que o Partido Popular creou neste país, os traballadores e as traballadoras pobres.

Ante esta situación, a falta de medidas de apoio efectivo ás persoas é manifesta para previr a marxinación e favorecer a inclusión. Son completamente insuficientes a falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou para aquelas que nin sequera a teñen. Unha longa tramitación burocrática da Risga, que non contempla as novas situacións de pobreza que se están dando e que satura ao persoal dos concellos que debера dedicarse á parte netamente de inclusión e de prevención, á parte social, eliminando a parte burocrática. A proxectos individualizados de inserción que están fracasando e que fan que a pobreza se estea cronificando en Galicia.

Pois ben, tendo en conta isto, faise necesaria a creación dun sistema de garantía de ingresos, é preciso vincular os subsidios á situación laboral e que a Risga sexa un dereito subxectivo, establecendo liñas de axudas con enfoques sociolaborais distintos aos que ten habido ata o de agora. E, por suposto, o desenvolvemento regulamentario como comentaban vostedes, señor Villares, da Lei 10/2013 que é vergoñento.

Pero, dende logo, o máis importante é atallar este problema dende a súa orixe, é fomentar a creación dun emprego estable e de calidade, e principalmente entre aqueles colectivos que máis están sufrindo, as mulleres, os maiores de 45 anos e os parados de longa duración. Polo tanto, aínda que se pode dicir, señor Villares, que a moción é bastante xenérica, eu entendo, segundo o que dixo vostede antes, que se trata de chegar a un consenso en grandes liñas xerais. Esta iniciativa contén os grandes eixos en materia de prevención e de protección contra a pobreza e a exclusión social e a loita a prol da igualdade de oportunidades, co cal vai ter o voto favorable do Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Villares, no pasado pleno vostede presentaba a súa primeira interpelación ao Goberno da Xunta e na súa intervención anunciaba que ía presentar o seu modelo nacional para Galicia, concretamente en xustiza social. Escoitando a súa intervención e repasando a súa intervención decatámonos que vostede o único que fixo foi criticar as políticas do Goberno da Xunta e non presentar ese famoso proxecto nacional para Galicia no ámbito da xustiza social

que vostede anunciou a *bombo y platillo*. Hoxe tráenos unha moción onde si pensabamos que aí se ía reflectir cal era o seu proxecto nacional para Galicia no ámbito da xustiza social, pero encontrámonos cunha moción, cunhas medidas moi xenéricas, onde vostedes non concretan absolutamente nada. E, por outro lado, atopámonos cunha moción que o que demostra é un total descoñecemento das actuacións que está levando a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra a pobreza e a exclusión social.

Nós témolo claro, a Xunta de Galicia teno claro: para loitar contra a pobreza e a exclusión social o que se necesitan son máis recursos, compromiso de todas as administracións e máis medidas. Medidas como a Estratexia galega de inclusión social, que se puxo en marcha en decembro de 2014, que é un documento consensuado, consensuado coas entidades sociais, coa Fegamp, cos colexios profesionais e cos axentes sociais. Un documento con máis de trescentas medidas para loitar contra a exclusión social e a pobreza, cun orzamento de máis de 520 millóns de euros. Medidas e recursos. E, tamén, coa nova Axenda social de Galicia onde a Xunta, a Fegamp, a Rede galega contra a pobreza, as entidades sociais, todos eles fixeron un fronte común e apoiaron esta nova Axenda social de Galicia con medidas importantes para apoiar a renda das persoas que máis o necesitan: medidas contra a pobreza enerxética, medidas para atender ás persoas en situación de dependencia, medidas contra os desafiuzamentos, medidas contra a pobreza infantil, medidas para apoiar os concellos para que teñan máis persoal en servizos sociais e medidas para apoiar as entidades sociais que están facendo, tamén, un labor moi importante.

A Xunta conta dende outubro de 2013 cun programa para loitar contra os desafiuzamentos, dende outubro de 2013; cun bono alugueiro social para facilitar o apoio urxente, inmediato e puntual as familias a través dunha axuda para facer fronte aos atrasos ou aos gastos do seu alugueiro. Máis de 6.000 familias galegas reciben apoio da Xunta de Galicia para facer fronte ao pago do seu alugueiro, máis de 6.000 familias. E, tamén, existe un programa de vivendas baleiras que ten o apoio da Fegamp e que esperamos que vostede fale con moitos alcaldes do seu partido para que se adhiran, tamén, a este programa e se poidan mobilizar vivendas desocupadas co fin de destinalas a alugueiro social a aquelas persoas que o necesitan.

En relación coa Risga, informarlle que en decembro de 2013 se fixo unha profunda reforma da normativa da Lei de inclusión social de Galicia. Unha reforma que consistiu, sobre todo, en adaptar a Risga ás necesidades e á realidade actual. Estamos falando dunha nova Risga máis integradora e ten que saber vostede que é compatible coas rendas obtidas por un traballo. Unha Risga que o que quere é que a xente se integre laboralmente. Unha Risga onde se elabora personalizadamente un itinerario para cada un dos galegos e das galegas que obteñen esa renda de inclusión social de Galicia; que para o ano 2017 vai contar con 57,7 millóns de euros, case 58 millóns de euros cando estamos a falar que no ano 2009 se dedicaban 22,7 millóns de euros para a Risga en Galicia. Cun ticket eléctrico social que evitou que máis de 4.000 familias, en Galicia, sufriran os cortes de subministracións de impago.

Polo tanto, nós o que estimamos oportuno é que hai que sumar esforzos para ofrecer solucións ás familias con dificultades. Esforzos aos que xa se sumaron a Fegamp, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Valedora do Pobo, o Consello Xeral da Avogacía Galega... E nós esperamos que vostedes e aquelas administracións nas que teñen vostedes á fronte a unha

persoa do seu partido, que se sumen tamén. Porque, miren, hai datos, do Ministerio de Faccenda, de concellos galegos oficialmente pobres en servizos sociais, onde os concellos pobres en servizos sociais en Galicia son concellos gobernados pola Marea e gobernados polo Bloque Nacionalista Galego. Teño aí o informe, señor Villares, se quere, facilitollo a través da Presidencia da Cámara.

E miren, o que non se pode facer é vir aquí sen ter coñecemento das medidas que leva a cabo a Xunta de Galicia e esquecendo as medidas que levan a cabo vostedes en determinados concellos. Porque miren, por favor, míreo vostede: hai concellos que están eliminando partidas en servizos sociais, partidas a entidades sociais, partidas de rendas para axudas ás persoas. Polo tanto, revisen o seu modelo social, aínda queda moito por facer, a Xunta de Galicia estou facendo cun esforzo en recursos e un esforzo en medidas, pero, dende logo, cun único obxectivo: axudar as persoas que máis o necesitan. Súmese vostede por favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Cando vostede me diga, señor presidente.

Ben, co micro aberto damos por feita a validez.

Miren, vamos ver... Existe a Estratexia galega de inclusión social; partimos aquí de afirmar esa existencia, non de negala, partimos de afirmar esa existencia. Vimos presentar unha moción partindo desa existencia. Partimos diso. Que pasa, ¿que dixemos? Que desde que se aprobou esa estratexia, pois home, non pasaron tres meses nin seis, pasaron tres anos e vimos aquí cuns datos de tres anos de aplicación desa estratexia e, entón, queremos saber, en función do que pasou, se se pode corrixir ou non se pode corrixir o que se está facendo, porque igual o que se está facendo é insuficiente, igual o que se está facendo non chega e igual o que se está facendo non abonda para poder acadar un resultado xusto para a xente que peor o está pasando nesta crise.

Avaliación de resultados: pobreza material severa —explíqueillo aquí e non son datos da Marea—, 38.000 persoas máis en situación de pobreza material severa de 2014 ao 2015, xa co plan en vigor —xa cos seus plans en vigor—, 38.000 persoas; do 3,5 ao 4,8; do 3,5 ao 4,8. Bo resultado.

Inclusión social: lei de 2013, falta de desenvolvemento regulamentario. Acábolle de ler dous preceptos onde se supedita a aplicación do contido da lei ao desenvolvemento regulamentario. Polo tanto, e tendo en conta que pasaron tres anos dende a aprobación da lei e dado que había unha obriga legal de desenvolvemento regulamentario pasados un máximo de seis meses que vencían o día 30 de xuño de 2014, xa vai sendo hora de que cumpran vostedes coa lei. Será bo, ¿non?

Desafiuzamentos: di o Consello Xeral do Poder Xudicial, no informe feito público esta mesma mañá, que a diferenza do que sucede no conxunto do estado onde no terceiro trimestre diminúen un 7,5 % os desafiuzamentos no conxunto do Estado, soben en Galicia un 4,5 %. Ese é o éxito, tamén, da súa política contra os desafiuzamentos, ¿verdade?, é ese. Si, xa sei que nos din que non son feitos desagregados e que non teñen maneira de saber cando desafiúzan á xente das casas se é das casas ou é das parcelas ou é das residencias veraniegas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ha de ser iso. Si, hai moita xente desafiuzada dos seus lugares de veraneo en Sanxenxo e en Barreiros, moitísimos, moitísima xente. Vemos perfectamente como se desafiúza continuamente á xente dos seus pisos de veraneo. Eses son os desafiuzamentos aos que vostedes se refiren, ¿non?

Vivenda baleira. Ben, ¿cantos concellos hai en Galicia despois das fusiós? 313, ¿non? 27 concellos adheridos. Dou por feito que vostede dá por feito que os outros 290 restantes ou cerca dos 290 restantes, son das Mareas, ¿non? Pois non é así, de momento. Serao, pero non é así de momento. Entón, os maiores non adherentes ao Plan de vivenda baleira son os concellos gobernados polo Partido Popular porque só hai 27 e logo dalgún sitio terá que saír o resto. Por certo, plan dotado con 172.000 euros ao ano, o cal como Plan de vivenda baleira para toda Galicia, a verdade é que non está mal.

Insistimos no que dixemos antes, queriamos unha moción que por ser a primeira estivese formulada...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, remato xa, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** E sobre a emenda, quería que falara sobre a emenda.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** E sobre a emenda, pois... efectivamente, entendemos que pode supoñer unha mellora nalgún dos contidos concretos, como pode ser —o que nós tamén pretendiamos— que o silencio fose positivo e, polo tanto, dese lugar ao recoñecemento á prestación, polo tanto, entendemos que podemos acollela dentro da filosofía da moción. E, igualmente, tamén, en relación coa tarifa eléctrica galega que vai en relación co discurso da Marea, en relación coa situación enerxética do noso país.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, bos días outra vez.

Esta moción podería ser e é unha continuidade da anterior moción, porque como xa dixemos na interpelación que lle formulamos á conselleira é unha expresión máis do empobrecemento desta sociedade, do empobrecemento de moita xente neste país e, sobre todo, nos últimos anos.

Os desafiuzamentos ou a falta de dereito á vivenda que sofre moita xente neste país non é unha cuestión conxuntural. Non é esa cuestión conxuntural dos primeiros anos do estoupido da burbulla, cando se dicía que había xente que tiña hipotecas por riba das súas posibilidades. Estamos oito anos despois e os datos mantéñense nuns límites intolerables.

Falaba de que é unha cuestión estrutural que ten que ver co descenso dos salarios, coa inestabilidade do emprego, co descenso dos salarios máis baixos, coa precariedade do emprego, coa política de vivenda, coa nula política de alugamento público e social deste país. E os datos do proxecto de orzamento do 2017 na súa memoria así nolo indican. Se vemos a memoria da Consellería de Vivenda e Infraestruturas dinos que o 9,1 % dos fogares galegos está alugado e paga máis do 50 % dos seus ingresos polo alugueiro. Iso significa case 100.000 fogares que destinan máis do 50 % a pagar un alugueiro. E o 5,3 % dedican máis do 50 % dos seus ingresos a pagar unha hipoteca. É dicir, son case 160.000 fogares que gastan todos os meses máis do 50 % dos seus ingresos en pagar a súa vivenda. E iso, segundo os datos oficiais, supón cidadáns que soportan unha pesada carga no seu fogar.

É evidente que dentro de 160.000 persoas hai casos moi variados, pero pode haber casos que nun momento perdan o seu emprego ou que pasen de ter un emprego indefinido a ter un emprego temporal ou por horas, etc. e esas situacións son as que provocan que incluso haxa alugueiros que non sobrepasan os 300 euros ou que están nos 400 euros pero que esa xente non é capaz de pagar, porque ao mellor vive cunha Risga e ten dous fillos, como moitos casos dos que coñecemos. E iso non se soluciona con pequenos remedios, con medidas cosméticas, iso se soluciona cambiando as cuestións estruturais que causan este problema.

Falaba, xa antes, dos datos do terceiro trimestre. Non vamos facer disto unha guerra de cifras. Só hai que dicir que no terceiro trimestre de 2016 houbo cinco lanzamentos ao día. Xa nin sequera vou insistir en que en Galicia se incrementaron con respecto ao ano pasado neste trimestre. Tanto da, o mesmo que cando dicimos que se baixan un tres e medio por cento non é síntoma de que se estea mellorando este problema, practicamente porque son límites intolerables, tampouco nos vamos meter se sobe un catro e medio por cento este ano. O que significa que son 461 lanzamentos e que a tendencia non é a mellorar, é un problema que vén para quedar, a non ser que cambiemos as políticas.

E para cambiar as políticas habería que facer unha avaliación honesta dos programas postos en marcha. Non quero entrar no debate. Xa dixen moitas veces que para o PP isto eran medidas publicitarias, propagandísticas e feitas simplemente para evitar o desgaste electoral, non porque cresen noutro modelo de políticas de vivenda —tanto dá, non entramos niso—,

pero haberá que facer unha avaliación honesta do funcionamento deses programas que dixo a señora Rodríguez Arias que se puxeran en marcha no 2013.

E o director xeral do IGVS, en comisión, veu dicir que durante estes anos, dende o 2013, houbo 233 beneficiarios do programa de realoxo, 233 dende o 2013. Isto non cobre todo o drama que acontece; son dende ese momento 9.000 desafiuzamentos, máis de 9.000 desafiuzamentos; isto non cobre. E 62 vivendas que tiveron algún beneficiario desas vivendas que cedeu Abanca, que cedeu a Sareb, ¿onde están esas 500 vivendas que cedeu a Sareb? Están en lugares que, evidentemente, non serven para o fin para o que se venderon, a bombo e platillo, porque, se non, supoñemos que estarían ocupadas por persoas que o necesitan e que van á rúa.

Polo tanto, sen esa avaliación crítica dos mecanismos postos en marcha, non se poderá dar solución. Por iso nos sorprende e nos desagrada a posición encastelada do Partido Popular defendendo o indefendible. Non funcionan estas políticas de vivenda se se pretende garantir o dereito da xente a vivir nesa vivenda.

Fan demasiada ostentación cando sacan algún programa, demasiada ostentación, e vénselle en contra. ¿Canto falaron do programa do censo de vivendas baleiras e resulta que miramos os orzamentos e son 200.000 euros anuais, 172.000 euros, como aquí se dixo? ¡Tanto se vende e é un instrumento de 172.000 para o todo o país!

E resulta que tamén o problema agora dos desafiuzamentos neste país foi que en maio do 2015 chegaron as Mareas a Santiago, a Ferrol e á Coruña. Non é moi crible esta explicación para falar dun drama dos desafiuzamentos que custa cinco lanzamentos ao día. Supoño eu que un problema que existe aquí dende antes do 2008 non foi creado polos gobernos das cidades, que precisamente foron os que axudaron a poñer, xunto cos colectivos antidesafiuzamentos, este problema no debate público, que estaba invisibilizado.

Polo tanto, se non hai unha autocrítica dos programas, unha autocrítica seria da política, é imposible dar coa solución. Seguramente non sei se hai esta vontade ou simplemente a vontade de ocultar un problema e que isto pase. Por iso nós propoñemos medidas que cremos que atacan directamente as causas estruturais.

Nós cremos fundamental que haxa un parque público de alugueiro social, dunha dimensión acorde co problema que hai, de moita maior dimensión que o que hai aquí, que o que recoñeceu a conselleira na anterior comparecencia da interpelación, onde falaba de que había 3.000 vivendas; son insuficientes e non están nos lugares que se necesitan. Iso vémolos cando hai que realoxar algún afectado por desafiuzamento; case nunca hai vivendas nos lugares onde se necesita. E vostedes non acaban de chegar, levan oito anos no Goberno, é extremadamente reducido e non está onde ten que estar.

Tamén cremos que hai que regular os alugueiros no mercado privado. E non hai que regular no sentido da última regulación, que reduce de cinco a tres anos por exemplo os prazos de alugueiro, hai que darlle estabilidade, hai que regular os prezos tamén, hai que conseguir que se demostre un interese público na política de vivenda, hai que modificar a Lei de arrendamentos nese sentido.

Hai que estudar en que se fallou e facer un plan preventivo, efectivo, contra os desafiuzamentos. Hai que dedicar máis orzamentos e hai que executalo mellor. Segundo a Conta xeral do 2015, deixáronse sen executar e sen comprometer 17 millóns de euros. É unha das partidas, das funcións, a de vivenda, que menos se executa, só por diante ou por detrás —depende como se mire— da de emprego, casualmente, as políticas de emprego, que só se executa o 53 %.

Máis orzamento, precísase máis orzamento. Dende o 2009 recortouse moitísimo, e hai polo menos que recuperar eses niveis, debía de ser unha prioridade e iso reflectirse nos orzamentos, e hai que executar mellor. E ¿por que non se executa ben? Porque moitas destas medidas son inaplicables, non son reais, todo iso que se publicita non é real, e á hora da verdade non se pode realoxar as persoas ou os requirimentos son demasiado estritos para que a xente poida acceder a estas axudas. É evidente que vostedes, cando o aproban, pois terán vontade de executar orzamento, pero non se executa, porque as medidas fallan, non son realistas nin son reais.

Tamén pedimos cuestións máis concretas: a extensión do programa de censo de vivendas baleiras ata os concellos. ¿Por que só aos de máis de 10.000 habitantes, por que non aos de menos de 10.000 habitantes? E a intervención obrigatoria do IGVS na mobilización dese parque de vivendas, no decreto de programa de censo de vivendas baleiras, esa actuación só é preceptiva e non obrigatoria. Nós cremos que ten que intervir nesa mobilización tamén o IGVS.

En definitiva, son unha serie de medidas que se poden complementar incluso con algunhas das propostas que fai na súa emenda o Bloque Nacionalista Galego e que nós incorporaremos gustosamente, pero creo que son medidas para darlle un cambio á política de vivenda. Ata o de agora a política de vivenda foi fundamentada na vivenda como negocio e nós cremos que a política de vivenda debe estar fundamentada no dereito da xente a ter unha vivenda digna, como tamén di a Constitución, di a Declaración de dereitos humanos, etc., etc.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Intervirei para defender as emendas do BNG e tamén, desde logo, para facer unha crítica á política de vivenda do Partido Popular e en xeral ás políticas que podemos chamar socioliberais; políticas que consisten basicamente en medidas conxunturais para paliar as consecuencias dun réxime que só podemos cualificar de cruel e de inxusto, que levou ao espolio durante todos estes anos: espolio de renda da clase traballadora, espolio de dereitos, espolio tamén de servizos públicos, espolio de dereitos, un dos dereitos precisamente o dereito á vivenda, que pagaron ao longo destes anos máis de 400.000 familias e que está levando a límites de desigualdade insostibles en Galiza.

As medidas que está aplicando a dereita, as medidas socioliberais podemos dicir que son medidas paliativas e que son medidas parciais, que son medidas ineficaces, que teñen resultados que nós consideramos que son moi pobres, e que son tamén medidas cosméticas para lavar a conciencia e tamén para lavar a imaxe dos bancos en moitos casos.

Ademais, desde o Goberno da Xunta, desde o Goberno do Partido Popular vemos como en materia de vivenda os orzamentos son insuficientes, e ademais de insuficientes son minúsculos, van cada vez a menos, e por riba nin sequera se executan. Vemos que hai un moi baixo nivel de execución das partidas dedicadas a promoción da vivenda pública, por exemplo.

E, ademais diso, vemos como hai unha mala xestión tamén nas axudas, cunha lentitude exasperante, por exemplo nas axudas ao alugueiro. Neste momento hai 1.500 familias que están agardando por esas axudas que se convocaron a finais do ano 2005, causando polo tanto un gravísimo prexuízo.

O BNG desde logo aposta por un modelo diferente, ten unha proposta alternativa que considera que hai que ir ás causas, que hai que desenvolver actuacións estruturais, promovendo a xustiza social e a equidade e poñendo por diante as persoas, que non a banca. Por iso as nosas propostas van no sentido de traballar por un cambio de modelo económico, por unha transformación do mercado da vivenda. Temos no noso país un 30 % de vivendas baleiras, cifra que supón o 30 % do total das vivendas baleiras da Unión Europea, máis de 3,5 millóns de euros en todo o Estado español e 300.000 vivendas baleiras en Galiza; estas son cifras desde logo insostibles.

Temos tamén un baixo índice de vivenda de protección pública, e pensamos tamén que hai que traballar seriamente no incremento do réxime de alugueiro, e desde logo hai que traballar seriamente polo cambio do marco legal, modificando a Lei hipotecaria e a Lei de arrendamentos urbanos.

En canto ás propostas que formula o BNG a modo de emendas de engádegas á proposta do Grupo da Marea podemos resumilas en tres elementos. O primeiro é a creación dun parque público de vivendas en réxime de alugueiro mediante o incremento das vivendas de protección pública e tamén a mobilización de pisos baleiros, sobre todo aqueles que están en mans de entidades financeiras e as súas filiais inmobiliarias. En segundo lugar, a garantía de vivenda e subministracións básicas para as persoas que están en situación de risco; desta maneira o que pretendemos é que tanto as execucións hipotecarias como nas vivendas de réxime de alugueiro se garanta a vivenda ou un alugueiro social, con prezos que dependan da renda das unidades familiares. Tamén pedimos que se paralizen os desafiuzamentos e os despexos mentres a Administración da Xunta de Galicia non garanta un reloxamento axeitado e tamén impedir os cortes de subministracións básicas como son as subministracións de electricidade, de auga e de calefacción. E, por último, tamén propoñemos a creación dun observatorio público da vivenda, un observatorio galego da vivenda, que debe estar participado pola Administración e polas entidades sociais, que se dedique ao estudo e análise da situación da vivenda, e sobre todo da vivenda pública, que siga tamén e faga unha avaliación das políticas públicas e que teña, ademais de capacidade



consultiva, capacidade de control, capacidade de seguimento e impulso e de propostas tanto lexislativas como normativas.

Pensamos que estas medidas complementan e enriquecen a proposta do Grupo da Marea e agardamos o apoio dos grupos da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Señoras e señores deputados.

Nós en principio imos dar apoio á proposta formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, pola importancia fundamentalmente do tema e en coherencia ademais con outros apoios e iniciativas propias que nós mesmos temos presentado tanto neste pleno como na Comisión 2ª.

Son xa varias as ocasións nas que nesta Cámara se debateron cuestións derivadas do problema dos desafiuzamentos. Non obstante, e coñecendo o dato de que case o 60 % das execucións hipotecarias iniciadas sobre vivendas corresponde con hipotecas constituídas entre os anos 2005 e 2008, podería parecer que, pasados os anos, o momento máis grave dos desafiuzamentos debería ter pasado. Mais isto non é así, pois o problema segue non só a estar vixente senón que no caso de Galicia —estes son datos de onte mesmo facilitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e xa comentados aquí anteriormente— agravouse neste terceiro trimestre incluso respecto do pasado ano.

O número de lanzamentos na Comunidade galega aumentou un 4,5 % respecto do mesmo trimestre do pasado ano, exactamente 461, o que supón unha media de cinco-seis desafiuzamentos diarios. Estas cifras obrigan a seguir mantendo a atención deste goberno e a tratalo como un dos problemas sociais máis graves que está a afectar a tantos galegos e galegas. Porque non esquezamos que, cando falamos de desafiuzar, estamos a falar non do problema que hai detrás dunha persoa que é a debedora, a que está detrás do proceso xudicial aberto, senón de familias. Estamos a falar, por tanto, de que tras estes 461 desafiuzamentos se agochan preto de 1.200 persoas, pais e fillos, avós e avoas. E moitas das familias, por mor da vergoña social que supón o feito de ser desafiuzado, recorren previamente a desagregarse e repartirse en fogares de familiares, amigos ou veciños, dando os fillos incluso en adopción, o que agrava e estende se cabe aínda máis este drama.

Analizando as políticas de vivenda deste goberno, podería parecer que as medidas adoptadas son moitas; doce, nin máis nin menos. Pero a pregunta é: ¿son eficaces? A análise dos obxectivos e programa marcados para cada ano, así como a execución orzamentaria dos mes-

mos, dinnos claramente que non, que de feito foron —e nisto coincidimos co señor Sánchez— un fracaso absoluto.

Falamos de programas que no tocante ao acceso a vivenda cumpriron cun 63 % do orzamento presupostado no pasado ano e que dende o 2009 deixaron sen executar 133 millóns de euros dos que foron orzados, diñeiro que finalmente non chega a esas familias que o precisan, e iso é o que aquí se está a debater.

Dende o 2009, estímanse en 15.000 os desafiuzamentos, 7.000 deles en vivendas principais, e as cifras fálannos de que pouco máis de 200 familias foron realoxadas.

No programa Aluga, de axudas para afectados por execucións hipotecarias, contémpanse para o ano que vén 18 beneficiarios —18—, cunha partida de 90.000 euros, moi por debaixo dos 200.000 presupostados o pasado ano.

Estas cifras do que falan é, por un lado, do pouco alcance social pretendido con este programa, e, por outro, da pouca preocupación ou cando menos distanciamento da importancia real do problema por parte deste goberno. Porque non nos equivoquemos, ou, mellor dito, non traten de equivocarnos: o problema existe. Non é certo, como tratan de facernos ver, que se deran números tan baixos de adxudicación porque esas fosen as cifras de demandantes reais. O certo é que esas son as persoas que cumpriron os requisitos, os seus requisitos, os que deixaron e deixan intencionadamente fóra tanta xente que o precisa, eses que fan destes programas unhas accións de pura maquillaxe deste goberno.

O outro día quedei cunha expresión da conselleira de Vivenda, que nos invitaba a todos os grupos da oposición a buscar solucións como as que emprega este goberno. Dicía: «solucións realistas para problemas reais.» E preguntome, nestes días de revisión dos orzamentos, se o presupostado para o vindeiro ano mellora en canto a medidas realistas.

En canto á promoción de vivenda pública, para o vindeiro ano a partida prevista é de 3 millóns de euros, e con ela se marca un obxectivo de 104 vivendas. Con eses cartos —permítanme o cálculo, e por pura deformación profesional— construíríanse vivendas de 28.000 euros de custo. Segundo os prezos medios da construción con nivel básico de calidades básicas, daría lugar a 104 vivendas duns 40 metros cadrados útiles. ¿Esa é de verdade a oferta de número-calidade-dimensión das vivendas que pretenden pór á disposición dos galegos?

A min quédame claro que nin se entende o problema real nin a solución aportada é realista. Agardo que, nestes días de revisión dos orzamentos, cuestións coma estas sexan reflexionadas e revisadas, e como a conselleira dixo tamén e eu lle repito agora, con espírito construtivo —enténdaseme ben—: menos pico e máis pa. Pois iso, a traballar por mellorar estas medidas, que queda ben claro que son francamente mellorables.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente, señorías.

Bos días.

Señor Sánchez, señores de En Marea, debatemos unha moción practicamente igual o día 12 de abril do ano 2016, é dicir, hai oito meses, cunhas pequenas matizacións que vou intentar comentarlles.

Sabe que a primeira matización é que cambiaron o logo; daquela era AGE e agora é o dunha marca comercial de cervexa, é dicir, un M, pero a partir de aí, poucas máis. Creo que llela deixou gardada nun caixón o señor Beiras antes de marchar, porque esa é a preocupación que vostedes tiveron realmente en estudar as medidas e os datos que hai en desafiuzamentos desde abril pasado.

E quero empezar, señora Pierres, polo que acaba de dicir vostede, porque me fai moita graza. Vostede, como é da profesión, e eu tamén, sabemos que primeiro, antes de facer unha obra, se merca o terreo normalmente —normalmente, hai sitios en que non, incluso sen terreo—, despois faise o proxecto, logo pídese a licenza, que ás veces se é algún concello onde gobernan os socialistas tardan máis dun ano —por exemplo, en Lugo, jeh!—, e despois empezan as obras. E asegúrolle que hai orzamentos de varias construcións para facer en Lugo nas que aínda hoxe non está nin o terreo, nin a licenza nin nada, e levan anos esperando.

Por iso lle quero dicir que non faga os cálculos nun ano, nun exercicio, porque o sabe perfectamente, e iso chámase manipulación. O mesmo que manipular é non dicir os datos exactos do que establece e o que di a nota do Consello Xeral do Poder Xudicial. Titular —isto é redactado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, non é polo Partido Popular—: «*Las ejecuciones hipotecarias descienden en Galicia un 49,4 % en el tercer trimestre del año.*» Isto non o di o PP, jeh!, isto está colgado na páxina do Poder Xudicial.

Polo tanto, non manipule. E, polo tanto, as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia, doce medidas, están a dar o seu froito, e hai que ver a evolución. ¿Que nos gustaría que o descenso dixera que non existe nin un só desafiuzamento? Totalmente de acordo, pero claro, desgraciadamente, é o que hai, e por certo din que estamos ao nivel máis baixo dos últimos anos, coincidindo co ano 2007, en Galicia.

E eu quérolle recordar tamén aos señores de esquerdas, porque o señor do BNG dicía o outro día na Comisión 3ª que cando o BNG —e quero lelo para dicir exactamente o que dixo, porque me chamou a atención— era determinante no Goberno do Estado —é dicir, falamos alá polo ano 2005, 2007, 2008, ata o 2011—, ¿sabe o que dicía a ministra de Vivenda naquel momento?: «*Agilizaremos los desahucios. Crearemos en varios sitios, entre ellos en Madrid, más de seis juzgados. Crearemos juzgados específicos para los desahucios, dedicados en exclusiva a agilizar los desahucios de inquilinos morosos.*» Desahucio exprés se chamaba, e incluso súper exprés, aprobado a finais do ano 2011, antes de marchar do Goberno. Nin unha soa medida se tomou para evitar os desafiuzamentos, nin unha soa nese goberno, e iso era cando vostedes eran determinantes; ¡medo me dan!

Modificacións que plantean vostedes na súa iniciativa. Falan de incremento substancial do parque de vivenda social. Mire, aí avanzamos, porque na iniciativa que presentaron en abril do que falaban era de crear un parque de vivendas, e xa lles dixemos que había daquela 2.800 vivendas, e neste momento son máis de 3.100, das cales se dedican a alugueiro, e cunha bonificación dese alugueiro do 50 %. Esa bonificación supón máis de 3 millóns de euros, aos que hai que sumar 2,5 millóns de euros en IBI, comunidades, gastos de reparación, etc., desas vivendas; 5,5 millóns de euros que se están a dedicar nese tema.

Desenvolvemento dun novo programa de prevención. Exactamente o mesmo que presentaron en abril, exactamente o mesmo. Xa existen doce, non unha, senón doce medidas, e o que pedimos é que apoiem as mesmas.

E, claro, vostedes queren que se cambien. Eu supoño que o que nos están a propoñer, queridos compañeiros e compañeiras, son as medidas que están a tomar nos gobernos onde eles gobernan, nos sitios onde eles gobernan; é dicir, un folleto en Santiago foi o que se sacou en ano e medio; acordar a creación dunha comisión antideshaucios na Coruña –hai máis dun ano e aínda non se constituíu–; ou un *brindis al sol*, como en Ferrol, que iso é o máximo: «declaramos concello libre de desafiuzamentos»; cunha declaración xa desaparecen por si sós. Non, medidas reais, e non pasando dos 2.100.000 euros que tiñan na Coruña en materia social, entre outros, para axudas á vivenda...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...que ían prometer que desaparecían os desafiuzamentos, non facer un cambio e 1.700.000 dedicalos á compra de bicicletas, que son moi interesantes, pero creo que é máis interesante axudar a xente que o está pasando mal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Castiñeira.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Habería que deixarlle máis tempo, señor presidente, ao señor Castiñeira, porque non lle deu tempo a facer unha análise crítica dos resultados das súas políticas. Parecería que para a xente que está aquí agora acaba de falar o representante dun partido que sostén un goberno que acaba de chegar ao goberno, pero eu quero dicirlles que non, que levan oito anos gobernando; polo tanto, remítese ás súas medidas de abril do 2016. Tardaron en reaccionar, jeh!, tardaron en reaccionar, son moitos miles de desafiuzamentos despois cando vostedes tardaron en reaccionar.

Mire, eu creo que é unha falta de respecto, en vez de falar deste problema, que é un drama para moita xente que se vai das súas casas, vir aquí falar de Beiras, das Mareas, de botarlle a culpa ao Concello de Lugo, ao Concello da Coruña, en vez de falar das súas responsabilidades. Paréceme unha falta de respecto.

Vostedes están gobernando este país, teñen competencias sobre vivenda, e digo eu que algo de responsabilidade terán neste problema. E, se durante o período onde se desafiuzaron 9.000 persoas, vostedes conseguiron realoxar 233, algo terán que vir aquí dicir, e con menos prepotencia, señor Castiñeira. Eu creo que é unha falta de respecto.

Fala de parque público de vivendas. Si, presentamos unha moi parecida con algunhas modificacións, iso chámase coherencia. Non sei se dende abril do 2016 ata o de agora cambiou moito a situación dos desafiuzamentos, ¿non?

Quen manipula os datos é vostede. Mire, baixan as execucións hipotecarias nun 4,9 %, pero soben os lanzamentos, un 4,5 %, pero é que soben os lanzamentos debidos a unha execución hipotecaria o 18,6 %, señor Castiñeira. Estamos falando do terceiro trimestre do 2016, oito anos despois de que vostedes cheguen ao Goberno, e neste país, en Galicia, cinco familias ao día son desafiuzadas, cinco —son os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial—.

Claro, soben os lanzamentos, e veremos se este descenso das execucións hipotecarias, que parece ser o preludio de que baixen os lanzamentos nun futuro —parece ser—, se confirma, porque tamén, cando se falaba antes de pobreza, de novos perfís, o que é evidente é que as execucións hipotecarias —por moitas razóns, que antes explicou a voceira do Partido Socialista— poden baixar, —é evidente: á forza aforcan, ¡claro!—, pero veremos cal é o comportamento dos alugueiros.

Polo tanto, non se anticipe. O que hai neste trimestre é que se incrementan os lanzamentos, xente que foi botada das súas vivendas, increméntase, e iso é o que temos hoxe en día, veremos o que hai despois, levan oito anos gobernando.

E vostede falaba de parque público de vivenda, 2.800 vivendas. Póñanse de acordo cos datos; dixo 3.000, a redondear, a conselleira. ¿Sabe canto significa sobre 1.600.000 vivendas que hai no país? Un 0,17 % de parque público. ¿Sabe que nivel teñen en países europeos de parque público de vivenda? Case todos máis do 5 %. E ese é un elemento fundamental para equilibrar o mercado da vivenda, fundamental. ¿Que fixeron vostedes na Lei de vivenda? ¿Que fixeron vostedes na Lei do solo? Reducir todas as posibilidades para ter un parque público de vivendas.

E resulta que, agora, un problema que, como se dixo aquí, leva producido 15.000 desafiuzamentos dende o 2009 é un problema dos alcaldes das Mareas. Tamén moita seriedade á hora de tratar este tema, señor Castiñeira. ¿Non tivo alguén máis a quen botarlle a culpa?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¿Vostedes non gobernan neste país?

Gustárame tamén que, cando medre o PIB, diga que tamén é pola chegada das Mareas en maio do 2015. Dezaoto meses gobernando tamén influirá algo na subida do PIB. ¿Si ou non? ¿En que quedamos?

Somos os causantes de todos os males, pero se chegamos aos gobernos destas cidades, precisamente foi cun discurso alternativo ao seu. Fronte á súa corrupción, fronte ao seu desprezo da vivenda como dereito, había unha xente que non tiña financiamento en B, financiamento en negro, que non cobrábamos, que non recibiamos Vega Sicilia, e con eses recursos gañámoslles a vostedes e afastámoslos do poder. Se non, se a xente estivera contenta cos seus gobernos, se non houbera desafiuzamentos, se non houbera pobreza, se non baixaran os salarios...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez, rematou o seu tempo.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e se vostedes mentres tanto non estiveran enriquecéndose, non gañaban as Mareas nestas cidades.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 1660 [10/MOC-000004].*)

*Emenda de substitución:*

*Substituír o punto 1 do apartado b) polo seguinte texto:*

*«Poñer en marcha toda unha serie de medidas para revertir as consecuencias de anos de desregulación laboral amparada por sucesivas reformas laborais que deron carta de natureza á precariedade e temporalidade laboral, expulsión do mercado de traballo de miles de galeg@s, á emigración masiva, especialmente de mozos e mozas e que se traducen en pobreza e exclusión social. De maneira inmediata proceder á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

*Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60 % do salario medio.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, e quero aproveitar tamén para saudar os mozos e as mozas que nos acompañan na tribuna de invitados.

Imos agora facer un debate sobre un tema importantísimo, imos falar de emprego. No debate da interpelación —que foi o resultado desta moción—, o conselleiro afirmou que o Grupo Socialista tiña unha posición fatalista e tendíanos a man para ir pola senda do diálogo e do consenso. Dábanos para isto exactamente cen días, os mesmos que nós lle dicíamos que non lle iamos dar de graza —por así dicilo—, xa que había unha continuidade tanto das súas políticas como da persoa que encabezaba este departamento.

Pois ben, non imos ter que esperar cen días. Dúas semanas despois vén ao pleno unha moción do Grupo Socialista onde imos tender a man a todos os grupos desta Cámara para chegar a un acordo —e permítanme que diga, con humildade, señorías— que nós consideramos importantísimo para mellorar as condicións laborais de milleiros de persoas neste país e para fomentar a empregabilidade.

Esperamos do Grupo Popular que se solidarice con eses milleiros de persoas que o están pasando mal, ao igual que se solidarizou esta última semana coa mellora das condicións laborais do presidente da Xunta de Galicia, un incremento de máis do 7 % do salario do presidente mentres os galegos e as galegas teñen o cuarto salario medio máis baixo de toda España.

Agora, que tanto se fala de se se debe poñer deberes aos nenos e ás nenas ou non, nós, dende o Grupo Socialista, consideramos que, ademais do control ao labor que está facendo o Goberno, lle temos que poñer tamén deberes. Os deberes son en dúas canles. Nunha primeira, naquelas competencias que están transferidas á Comunidade Autónoma. E, como saben vostedes tamén, como hai moitas competencias que seguen a nivel estatal en materia de emprego, pois tamén para instar o Goberno de España a facer unha modificación. Hai que instar o Goberno de España para que o presidente Feijóo poida facer iso que lle gusta tanto, facer de militante de Galicia, e poida chegar a Madrid para defender os dereitos dos galegos e das galegas.

Os últimos datos do paro en Galicia volven ser preocupantes. Hai unha evolución peor que a do resto do Estado. O desemprego nesta comunidade aumentou un 2,32 %, catro veces máis que a media estatal. É a segunda maior suba de todo o Estado en termos absolutos, as afiliacións á Seguridade Social caeron o dobre que no resto do Estado. É urxente, polo tanto, a toma de medidas por parte do Goberno da Xunta de Galicia neste senso. Nós propoñemos a contratación de, cando menos, 10.000 persoas ao ano cunha duración de tres anos, de xeito que se prime o carácter indefinido destes contratos.

E aínda que este goberno intente invisibilizar os milleiros de mozos e mozas que están fóra das nosas fronteiras, hai que poñer en marcha un plan de retorno de talento destinado a fa-

vorecer a volta de todos aqueles emigrantes destes últimos anos; emigrantes para que aborden os proxectos empresariais ou de investigación, cunha dotación orzamentaria de polo menos 10 millóns de euros anuais para a concesión de créditos a interese cero e a longo prazo. Tendo en conta que os gastos en políticas de emprego se reduciron un 42,7 % en relación co ano 2009, que a Xunta diminuíu os fondos que aportaba nun 45,1 % —é dicir, inviste 88 millóns menos en políticas activas de emprego—, dende o Grupo Socialista consideramos necesario que se volva incrementar ese orzamento ata chegar a niveis do ano 2009. Debe este goberno tamén amosar a súa militancia con Galicia —da que sempre están presumindo, e nós pensamos que para tapar ou para ocultar a militancia do Partido Popular, da que non se deben sentir demasiado orgullosos— para pedir ao Goberno de España que incrementen os recursos para políticas activas de emprego ata alcanzar os que se recibiron no ano 2011 cando gobernaba o señor Zapatero, que hai unha diminución de 110 millóns de euros.

Ademais de parados de longa duración e de mozos e mozas —dicímolo sempre e ímolo seguir repetindo—, a precariedade e a desigualdade, señorías, ten nome e ten cara de muller neste país. Estamos en ramas peor remuneradas que as dos homes, presas do traballo a tempo parcial. E necesitarían que o ano tivera 460 días para cobrar o mesmo ca un home. É dicir, as galegas, en comparación cos homes, están traballando gratis dende o 28 de setembro ata o 31 de decembro deste ano. Polo tanto, pedimos unha lei de igualdade salarial, que consideramos que é necesaria.

E deixo para o final a medida que consideramos máis importante dende o Grupo Socialista, a medida que xerou un paro recorrente, que xerou niveis de precariedade, de explotación e de pobreza laboral sen precedentes neste país. E falo da reforma laboral que puxo en marcha o Goberno do Partido Popular. Hai que derrogar os aspectos máis lesivos da mesma, hai que acordar un novo estatuto dos traballadores, que data do ano 1980 e que non se adapta ao novo mercado laboral; un estatuto que debería modificar tamén as indemnizacións por despedimento para aproximar as relativas ás extincións dos contratos interinos coas dos indefinidos, algo que xa solicitou nesta Cámara no anterior pleno o Grupo Socialista co voceiro de función pública, Díaz Villoslada, o meu compañeiro. Algo que, por suposto, o grupo maioritario desta Cámara rexeitou.

E, claro, cando unha escoitou onte a ministra de Emprego, a señora Fátima Báñez, falar de conciliación e falar de que hai que saír dos postos de traballo ás 6 da tarde, pois o primeiro que pensou é que ten un descoñecemento total e absoluto do que é o mercado laboral neste país e do que é a situación sociolaboral de milleiros de persoas. Porque, ¡como se entende que se fale de poñer en marcha esa medida cando se crea unha reforma laboral que precariza o emprego, que favorece os despedimentos e que fai que haxa milleiros de persoas que estean cubrindo eses postos de traballo dos despedidos moitas veces sen ningún tipo de remuneración nas horas extras! ¡Como se entende cando se pon en marcha unha reforma laboral que mutila por completo a negociación colectiva! Hai que derrogar esta norma de maneira urxente para acabar coa actual capacidade unilateral dos empresarios para fixar as condicións laborais e a prevalencia dos convenios de empresa sobre os sectoriais, e garantir que a contratación a tempo parcial non sexa ese buraco onde se cola a precariedade e a explotación, acabar cos expedientes de regulación de emprego en entes públicos e privados con beneficios e, por suposto, poñer fin a unha norma que vulnera un dereito fundamental como



é a liberdade sindical, que, unida á Lei mordaza, ampara e protexe a vulneración do dereito á folga que se deu durante a derradeira lexislatura.

Nós, polo tanto, dende o Grupo Socialista solicitamos o apoio a esta moción para comezar a camiñar cara a un modelo que aposte pola estabilidade e pola calidade no emprego, un modelo que aposte por sacar —queroo dicir así— da miseria a milleiros de traballadores pobres cuxo salario non é que non chegue para rematar o mes, senón que moitas veces non chega nin para comezalo. E facémolo —e é unha mágoa que non estea presente o conselleiro de Emprego— tal e como el nos suxeriu. Hoxe facémolo tendéndolles a man a todos os grupos desta Cámara, esperando —como dicía ao principio da miña intervención— que o grupo maioritario desta Cámara amose sensibilidade polo que está ocorrendo aí fóra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Resulta unha evidencia que en Galiza segue a haber miles de persoas inmersas no drama do desemprego, do emprego precario, do infraemprego, dos empregos que non permiten saír de pobres, da emigración. E a pesar do discurso oficial, ao que fixen referencia na miña anterior intervención, de que a crise xa rematou, e a pesar dese esforzo do Partido Popular de impoñer un relato positivo, a realidade é que a situación é de perda de dereitos sociais, situación de emerxencia, situación que leva a miles de persoas a aceptar calquera emprego en calquera situación por calquera salario. E iso parece que é mellor que nada, ese é o discurso oficial.

Diante desta situación do mercado de traballo, efectivamente, o Partido Popular quérenos ter entretidos con ideas ocorrentes. E a realidade é que esta situación non se dá por casualidade, non é unha maldición bíblica e non aparece da noite para a mañá, senón que é consecuencia de medidas que se foron tomando, que foron efectuadas por sucesivos gobernos. A pesar da existencia da constatación xeneralizada de que as causas da crise estaban na explosión da burbulla financeira, volveu focalizarse en que a solución pasaba por reformas laborais baseadas na flexibilización, na precarización aínda máis das relacións laborais. Esta precarización do mercado laboral responde a un deseño ideolóxico perfectamente planificado, perfectamente deseñado nos centros de poder, nos auténticos centros de poder económicos, e logo efectuadas dun xeito moi eficiente polo Goberno español e polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza as reformas laborais e modificacións lexislativas que permiten que teñamos ese mercado laboral.

Por iso hoxe o BNG ten moi claro que a alternativa a esta situación pasa por un cambio radical de modelo na dirección totalmente contraria. E ese cambio radical de modelo ten que pasar pola derogación de toda esa lexislación que permite esa existencia dun mercado laboral onde ten a sartén polo mango a parte máis forte da relación, que é a parte empresarial, que foron precisamente medidas tomadas para que iso sexa así. Entón hai que ir na dirección contraria, e a primeira medida é a derogación desa normativa para logo ir á construción doutro estatuto dos traballadores, doutro modelo laboral baseado en premisas diferentes.

Por iso presentamos unha emenda focalizando a situación nas reformas laborais. E por iso a emenda do BNG o que demanda é que se poñan en marcha toda unha serie de medidas para reverter as consecuencias de anos de desregulación laboral amparada por sucesivas reformas laborais que deron carta de natureza á precariedade, á temporalidade laboral, á expulsión do mercado de traballo de miles de galegos e de galegas, á emigración masiva —especialmente de mozos e mozas—, que se traduce en pobreza e exclusión social. E de maneira inmediata propoñemos a derogación das reformas laborais iniciadas no ano 2010, seguidas no ano 2011, logo no 2012 e no 2013. Poñemos aquí unha serie de medidas para derrogar, e poderían complementarse aínda con outras máis. Porque esas sucesivas contrarreformas laborais levadas a cabo polos gobernos españois do Partido Socialista e logo do Partido Popular buscaban precisamente non mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras senón crear ese mercado de traballo desregularizado. Estamos a falar dun cálculo continuo, premeditado, de desmantelamento dese dereito do traballo en beneficio desa parte máis forte nas relacións laborais. Unhas reformas laborais que individualizaron e desregularon esas relacións laborais, facilitaron e abarataron o despedimento tanto colectivo como individual, xeneralizaron o contrato a tempo parcial, facilitaron ás empresas o incumprimento de convenios, debilitaron a negociación colectiva a través da súa atomización, e a través da estatalización e da recentralización quebraron o principio de igualdade das partes ao deixar en mans da patronal decisións relativas a procesos de despedimento e modificacións colectivas sen acordo, facilitaron a modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular das xornadas, legalizaron as axencias privadas de colocación, flexibilizaron a contratación en beneficio da patronal. E, ademais, o sistema de protección social viuse tamén gravemente comprometido e a protección por desemprego sufriu recortes importantes.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E nesa desprotección, Galiza volveu ser unha das peor paradas, no sistema de pensións... Bueno, pois toda unha serie de reformas que tiñan como obxectivo ter un exército de reserva precarizado, submisos e dispostos a aceptar calquera situación a calquera prezo. Por iso propoñemos a derogación de todas elas.

E ao mesmo tempo tamén o que demandamos é o incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60 % do salario medio. Porque estamos a falar neste momento de que hai unha situación de pobreza laboral, estamos a falar da situación de que ter traballo non significa saír de pobres.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Estamos a falar dunha situación que fai necesario que se tomen medidas lexislativas na dirección de protexer o conxunto da clase traballadora.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Por iso imos votar a favor desta iniciativa, tanto se se teñen en conta as emendas coma se non. Pero consideramos que melloran o texto as emendas que presentamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día a todos e a todas.

O meu grupo quere apoiar a moción presentada polo Partido Socialista porque propón medidas que van en contra da precariedade laboral e dos recortes en políticas de emprego que nós compartimos, aínda que pensamos, compañeiros e compañeiras, que hai que ir máis alá porque non chega con derrogar a perversa reforma laboral do Partido Popular do ano 2012, senón todas as normas que precarizan e desprotexen as persoas asalariadas dende hai décadas. Hai que rematar con boa parte das 52 reformas laborais de diferente entidade cun obxectivo, que é recompoñer un marco xurídico que faga do emprego estable e con dereitos o piar do modelo de relacións laborais e do cambio de modelo produtivo; 52 reformas laborais en trinta e un anos cun obxectivo: precarizar o mercado de traballo. E aí non me queda máis remedio que felicitar e recoñecerllo ao Partido Popular, porque o conseguiu. A metade da clase traballadora, señor Puy, ja metade da clase traballadora de Galicia!, xa é precaria.

O mercado de traballo de Galicia está composto polas 837.900 persoas que traballan como asalariados, pero tamén polas 207.000 persoas desempregadas que buscan traballo por conta allea e non o atopan, son 1.045.000. Pois ben, a metade, o 49,5 % están en situación de precariedade laboral. A primeira precariedade laboral, a máis perversa, é estar en desemprego. Porque as persoas en paro participan no mercado laboral, porque a maioría delas rota entre o paro e o traballo precario, combinando ao longo do ano contratos e desemprego. A segunda liña de precariedade é a contratación temporal, son 229.600 persoas que teñen un contrato de duración determinada. Pero non acaba aquí a precariedade. Son precarias tamén as 8.100 persoas que son fixos discontinuos, que teñen un contrato indefinido pero traballan unha parte do ano. Pero tamén son precarios e precarias as 66.000 persoas que tendo un contrato indefinido traballan a tempo parcial —non desexado e por horas—. Se sumamos as 207.000 persoas desempregadas, as 230.000 que teñen contrato temporal, as 8.000 que son fixas discontinuas, e as 66.000 indefinidas pero que traballan por horas de forma non desexada, temos que 511.000 persoas asalariadas neste país sofren as diferentes fórmulas de precariedade, que llas vou dicir: desemprego, temporalidade, parcialidade e discontinuidade. É unha precariedade que afecta á metade da clase traballadora galega e da que son cómplices os recortes nas políticas de emprego.

O desemprego —todo o mundo o di— é o principal problema laboral, económico, social e persoal de Galicia, e combátelo tiña que ser a prioridade do Goberno. E as prioridades exprésanse nos orzamentos. E aquí ten ocorrido exactamente o contrario, porque o gasto en políticas de emprego dende o ano 2009 ata o ano 2017, na función 32 —promoción do emprego—, ten unha dotación menor en 179 millóns de euros, o 52 % menos. Temos 45.000 desempregados máis que no ano 2009, 45.000 desempregados máis que cando empezou a gobernar Núñez Feijóo, e temos o 52 % menos en recursos para atender eses desempregados. Iso explica parte dos problemas que temos.

A crise, a xestión da Xunta, os recortes nas políticas de emprego, repártense, na responsabilidade, nun feito de enorme gravidade, e pediría a atención dos deputados do Partido Popular para que o entenderan dunha vez. O número de persoas en desemprego en Galicia dende o ano 2009 ao ano 2016 medrou 6 veces máis en Galicia que na media do Estado. Esa teoría de que non temos un problema co desemprego, que a nosa situación é mellor... Vouno dicir con outra cifra para que o entendan ben: dende o terceiro trimestre do ano 2009 ao terceiro trimestre do ano 2016, o número de desempregados en Galicia medrou o 28 %; e, na media do Estado o 5 %. Polo tanto, o paro aumentou aquí 6 veces máis que na media do Estado —datos EPA, INE, consultables—.

Esta é a realidade laboral do noso país, que o Goberno non quere recoñecer, pero que é sentida por unha inmensa maioría social; unha maioría social que o día 15 deste mes, o xoves, vai percorrer as rúas de Galicia convocada polos sindicatos, por Comisións Obreiras e UXT, exixindo que, se é certo iso que o Goberno di de que xa se acabou a crise e a recesión, xa é hora de devolver os dereitos.

Remato dicindo que En Marea vai estar presente e vai participar nesa xusta reivindicación sindical.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos.

O certo é que escoitar o Partido Socialista dar leccións sobre políticas de emprego xera certo arrepío. Supoño que queren borrar a historia, queren borrar a súa historia, porque saben e son plenamente conscientes de que os cidadáns os recoñecen a vostedes como a maior fábrica de parados que nunca tivo o noso país: 2.700.000 españois perderon o seu emprego durante o goberno do señor Rodríguez Zapatero, 2.700.000. Ese foi o saldo dese goberno socialista que nos meteu na crise, que logo negou a crise e que logo, finalmente, tivo que recoñecer a crise cando xa a cousa era imposible de tapar.

Polo tanto, esta iniciativa só pode enmarcarse nesa liña de cinismo político de quen crea un problema tan grave como o desemprego no noso país e que agora critica a quen puxo solucións onde vostedes deixaron problemas. Agora, que imos na boa dirección, veñen vostedes a dar leccións, a dicir o que hai que facer do que vostedes non fixeron, pero veñen vostedes a dar as solucións porque agora saben o que hai que facer. ¡Caramba!, pois de non ternos metidos na crise na que nos meteron, de non ter deixado neste país 2.700.000 parados, hoxe non estaríamos nesa situación.

E, miren, vostedes atoparon España con 2.200.000 parados e deixaron o país con 5 millóns de parados. Falo de España porque vostede fala da reforma laboral, por iso lle falo de España. ¿Quere que falemos de Galicia? Efectivamente, levamos tres anos consecutivos de crecemento ininterrompido en materia de emprego. Aquí en Galicia as previsións o que nos din é que o horizonte está despexado e que se abren novas posibilidades.

Ano 2016: pechamos este ano cunha economía crecendo ao 3,3 %, e para o 2017 as previsións colócanos nun 2,5 % de crecemento PIB. Esa é a situación. Cando vostedes gobernaron, esa non era a situación. Mire, temos case 80.000 parados menos que cando comezou a lexislatura anterior, 80.000 parados menos; 2 de cada 3 asalariados en Galicia son indefinidos e teñen un contrato a xornada completa; os fogares con todos os seus membros activos ocupados medraron un 3 % no último ano. Vostedes veñen aquí a reclamar medidas activas de emprego cando a Xunta xa ten unha folla de ruta. Onte coñeciamos os orzamentos da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o próximo ano, que medran un 8,5 % cando as contas da Xunta medran un 2,9 %. Iso é apostar polo emprego, iso é demostralo onde hai que demostralo, que é nos orzamentos. E vostedes veñen aquí a dar leccións.

Por certo, falaba vostede do soldo do presidente da Xunta. Teño que dicirlle que o presidente da Xunta en 2017 vai cobrar un 15 % menos que Emilio Pérez Touriño. Polo tanto, leccións do Partido Socialista... Mellor non dalas.

Mire, o último ano en que os socialistas tiveron a responsabilidade de gobernar Galicia, en 2009, o paro medrou en Galicia en 51.000 persoas. E veñen vostedes afearnos que no noso último ano o paro baixou en Galicia en 20.000 persoas. Con vostedes subía a razón de 50.000 parados máis cada ano e con nós baixa o paro aquí en Galicia a razón de 20.000 persoas des-empregadas menos cada ano.

Falan vostedes de reforma laboral. ¡Home, é curioso! Miren, as referencias á reforma á laboral son tamén un exercicio de cinismo político non só do Partido Socialista, de todos os grupos. Saben que hai unha mesa de diálogo entre o Ministerio de Emprego e os axentes sociais para ver en que se pode mellorar a reforma laboral, pero vostedes o que propoñen é a derogación, a derogación da reforma laboral. Esquécense da súa, tivo que recordarllela o voceiro de En Marea. Esquécense da última, a súa, que ía na mesma liña, desa esquécense. Vostedes veñen aquí pedir hoxe a derogación da reforma laboral que permitiu crear 500.000 postos de traballo o último ano en España e 500.000 máis o anterior. Iso é o que permitiu a reforma laboral. Por certo que queren derogar unha reforma laboral da que se teñen beneficiado non só vostedes, todos os partidos da Cámara, todos os grupos. Miren, «*El Bloque*» —isto son noticias de prensa, é hemeroteca— «*hará al final un ERE para reducir su plantilla aprobando y utilizando la reforma laboral*». «*Sánchez*» —Pedro Sánchez, que era o seu referente agora xa non o é, ou si, non sei— «*usó la reforma laboral del PP para despedir, con veinte días, trabajadores del PSOE*». ¡Caramba! Señor Lago, «*Comisiones Obreras se apoya en la reforma laboral para aplicar un ERE en una fundación para la formación*». (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Bueno, hai para todos. Falan vostedes de Kichi, alcalde de Cádiz, de Podemos, do seu partido: «*Kichi aplica la reforma laboral del PP para echar a una trabajadora*»

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Señorías, veñen vostedes a pedir a derogación dunha reforma laboral que teñen utilizado sempre que tiveron ocasión de facelo. Iso, señora Noela Blanco, chámase cinismo político, cinismo político clarísimo, sen lugar a dúbidas.

Mire, nós nunca dixemos que todo estivese feito, queda moito por facer aínda. Aínda queda moita xente en situación de desemprego. Nós temos unha folla de ruta marcada e imos seguir traballando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...para que neste 2017 o paro volte baixar en Galicia 20.000 desempregados menos cando remate o próximo ano.

Imos seguir traballando, vostedes sigan entregados ao cinismo político, á demagogia, pero, iso si, non critiquen, non pidan a derogación da reforma laboral que logo utilizan.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da moción.

Señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

«Imos rematar co paro en 45 días», «Báñez promete crear 180.000 postos de traballo en Galicia»... E así poderíamos seguir cos millóns de postos de traballo do señor Arenas. Eu xa non sei se crer os 80.000 que prometeu para Galicia o señor conselleiro ou os 80.000 que prometeu a señora Fátima Báñez en marzo para a provincia de Ourense. Iso é cinismo e iso é hipocrísia política e demagogia. *(Aplausos.)* É rir e mentir, señor Tellado, iso é o que é.

Pero, mire, vostede quere seguir falando do Goberno bipartito e nós non temos ningún problema. Mire, hai 155.750 persoas ocupadas menos no terceiro trimestre do ano 2016 que no terceiro trimestre do ano 2008. Esa é a herdanza do goberno do señor Feijóo, esa é a herdanza do seu goberno, do que están vostedes apoiando. O número de empregadores diminuíu dende o terceiro trimestre de 2008 nun 30,4 %. É a súa herdanza, señor Tellado, a dos gobernos do Partido Popular. E, por certo, non me estraña nada que o grupo que sustenta o Goberno non vaia apoiar unha lei de igualdade salarial, porque esta fin de semana pasei verdadeira vergoña ao ler nun medio de comunicación como o presidente da Xunta de Galicia non é quen nin de respectar a liberdade das mulleres para decidir sobre o noso propio corpo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Unha persoa que é capaz de criminalizar o aborto, un máximo responsable político que é capaz de culpabilizar as mulleres e que di que a decisión é das parellas e non é da muller. *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Señoras e señores do Partido Popular, nós parimos, nós decidimos. (*Fortes murmurios.*) ¡Levamos décadas dicíndollelo, levamos décadas dicíndollelo! (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** E seguen sen comprendelo, seguen sen comprendelo.

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** A respecto da emenda do Bloque Nacionalista Galego, non a imos apoiar. Laméntoo, señora Prado. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Non a imos apoiar porque, se derogamos a reforma do ano 2010, pasamos a deixar en vigor a do goberno do señor Aznar, e entendo que, como o seu grupo non a apoiou no Congreso e nós tampouco, o lóxico sería que chegamos a un entendemento entre todas as forzas de esquerda no Congreso dos Deputados, aproveitando que non hai rodillo do Partido Popular, para poder facer unha reforma que de verdade sexa para o emprego de calidade.

E mire, señor Tellado, eu sempre pensei que o seu ton bronco era soamente para acceder á Secretaría do Partido Popular, que parece ser que dá puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Despois pasei a pensar que quería ser candidato á Alcaldía de Ferrol. E ultimamente, como non para de falar de Andalucía, estou empezando a pensar que quere ser candidato do Partido Popular en Andalucía, (*Aplausos.*) e deséxolle moitísima máis sorte que ao candidato de alí.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Por certo, non lle podo dicir o nome porque eu, igual que a maioría dos andaluces e andaluzas, nin sequera o coñezo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Rematado este punto de mocións, procedemos á votación das mesmas.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luís Villares, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada.

Votamos. *(Pausa.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo. En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

*(O señor Villares Naveira solicita a palabra.)*

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor presidente, estaba pedindo a palabra para solicitar a votación por puntos da moción.

**O señor PRESIDENTE:** Vostede pode pedilo porque é o autor da moción.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Claro, antes da votación, a ser posible.

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe que eu non o vira, pero, se é así, si que votamos por puntos.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** A emenda proposta polo BNG iría no punto primeiro e, polo tanto, sería o punto primeiro aí, e despois o segundo.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos primeiro a emenda do BNG como emenda de engádega, e despois os puntos da súa moción.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Iso mesmo.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pois procedemos en primeiro lugar a votar a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto do texto transaccionado da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Queda rexeitado este punto, que é a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza, agás o punto xa votado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia.

Foi aceptada tamén a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda habitual en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos por último a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral.

Manifestou xa que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co desemprego e a precariedade laboral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos agora ao punto 3 da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Retorna para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, así como a súa dotación orzamentaria**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:*

*Adoptar as medidas necesaria para eliminar os obstáculos que dificultan ás galegas retornadas o acceso ás bolsas de traballo, ás prestacións e beneficios sociais existentes, de xeito que se restablezan todos os seus dereitos sociais sen que se lles poida esixir un período mínimo de residencia».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Ben, graciñas e bo día a todas e a todos.

Miren, dende o ano 2005 emigraron da Galiza 310.800 persoas, de acordo cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, unha cifra que supera o número de habitantes que ten a cidade de Vigo. Collín intencionadamente a faixa temporal que inclúe os anos do Goberno bipartito para ver se somos quen de debater esta cuestión sen que a bancada do Partido Popular invoque de maneira entusiasta ese monstro de sete cabezas que semella foi

aquel goberno, a ver se o conseguimos. Mais tamén para pór en evidencia que estamos diante dun problema estrutural, pois mesmo nos anos de expansión económica as cifras de emigración, sobre todo de emigración xuvenil, mantíñanse. De facto, no ano 2007 rexistráronse 28.189 saídas, das que foron 9.984 persoas entre 24 e 35 anos.

Así as cousas, durante os anos de forte crise económica, e coincidindo xa tamén co goberno do Partido Popular, desde o ano 2009, a cifra de emigración situouse en 207.000 persoas en só seis anos; alcanzando o pico máis alto no ano 2011, no que se rexistrou un éxodo de 30.000 persoas nun só ano. Desas persoas que marcharon á procura dun proxecto profesional e vital fóra da Galiza, case 5 de cada 10 tiñan entre 16 e 35 anos, practicamente a metade.

Neste Parlamento tense falado moito da crise demográfica que atinxe ao noso país, mais poucas veces por parte do Goberno se ten posto o foco no que dende a demografía sinalan como principal trazo diferenciador do caso galego. Lembro unha conversa que tiveron en forma de entrevista coa investigadora do CSIC, Dolores Puga, na que sinalaba que a principal característica que define a pirámide poboacional galega non é o avellentamento en si propio, senón a velocidade coa que este se está a producir no noso país. Para que se fagan unha idea, hai vinte anos a pirámide poboacional de Lugo reflectía un avellentamento maior do que a actual española. Isto débese —e abro aspas porque son unhas declaracións de Dolores Puga— «á elevada emigración».

E é que na Galiza perdemos poboación por dúas vías, señorías. Dunha banda a xente que marcha, que, como ven, equivale a cargar en autobuses a toda a poboación de Vigo e mandala para fóra xunto coas crianzas que potencialmente estas persoas xa non terán no noso país. No cerne da emigración está —e só hai que escoitar o relato vital de quen marchou do país— a falta de oportunidades laborais xunto coa precariedade que ofrece o actual mercado de traballo, algo do que se vén de falar precisamente longo e tendido na última moción debatida. Máis do 90 % dos contratos asinados son de carácter eventual, que mesmo nalgún caso non supera apenas un par de horas. Os salarios, ademais, que se perciben —xa non lles quero un conto—, segundo o informe publicado pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario, das persoas tituladas na Galiza, o 55 %, é dicir máis da metade, cobran menos de 1.000 euros ao mes. Falamos a cotío da xeración máis e mellor formada da historia, pero o índice de inserción laboral rexistrado polo mesmo informe sitúa en 3 de cada 10 as persoas que non traballan nin traballaron nos últimos dous anos logo de rematar a súa titulación. Podería pór moitos nomes e apelidos a estas cifras, tanto ás de emigración como ás de falta de inserción no mercado de traballo, pensando unicamente nas persoas coas que partillei aulas na universidade.

Desde o Bloque Nacionalista Galego traemos hoxe aquí unha iniciativa que coñecen e que, lonxe do que quixo entender o presidente da Xunta na sesión e no debate de investidura, non está encamiñada a traer de volta nin ás fillas nin ás netas da emigración, senón á mocidade emigrada. Propomos a adopción dun conxunto de medidas encamiñadas ao retorno destas persoas que marcharon na procura dun futuro profesional. Mais, sobre todo, o que propomos é adquirir o compromiso da Xunta de crear as condicións económicas e sociais necesarias para que poidan voltar; paseniñamente, si, mais sen pausa. E para iso hai que comezar hoxe, porque este país non se pode permitir agardar máis.

O Plan Retorna foi concibido como un conxunto de medidas transversais que van desde un fondo de vivenda en alugamento para facilitar a emancipación da mocidade até bolsas para a ampliación de estudos, e apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, crear contratos en materia de investigación dirixidos a recuperar o persoal investigador e tecnólogo perdido —só desde o ano 2009 temos un 20 % menos de persoal investigador no sector público—, facilitar o acceso ao crédito a proxectos de emprendemento e ao tecido produtivo a través da creación dunha banca pública galega. E poden estar tranquilas, señorías, poden respirar, que sabemos que ademais o da banca pública lles renxe un pouco, mais, en definitiva, o que queremos é aproveitar as inmensas potencialidades que ten Galiza para desenvolvermos económica e socialmente o noso país, e comezar por recuperar o capital humano perdido nos últimos anos e que se suma tamén ás millentas persoas que marcharon deste país durante os anos sesenta e setenta.

É un plan que debe ser deseñado a través dun proceso de diálogo social e que debe contar con investimento anual suficiente para levalo a cabo, nunha cifra que entendemos que non debe ser nunca inferior ao 1 % do orzamento da Xunta, e converter o problema da emigración, especialmente o da emigración xuvenil nunha cuestión prioritaria e case me atrevería a dicir en política de Estado.

Hoxe pedímoslles o apoio para unha iniciativa que quere sentar as bases da Galiza do futuro, e nese país por construír precisamos que volte o coñecemento desa xeración espallada, a miña, que fica polos cinco continentes do mundo.

Así que agardamos contar co seu apoio.

Graciñas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora deputada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Luca Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Bo día.

Señorías, van desculpar que faga xusto o que non debería para estar nesta tribuna, como é usar a primeira persoa. Pero teño que recoñecer que esta é unha intervención especial para min por dous motivos. Primeiro, porque era sobre emigración, sobre o que traballaba ata ser escollida deputada. E, segundo, e sobre todo, porque igual que Olalla formo parte desa xeración á que especialmente golpeou esta realidade. E, coma ela, considero que a falta de expectativas neste país é un dos principais problemas que debe preocuparnos a todos os que estamos nesta Cámara, como á maioría da xente deste país. Xa temos demasiada xente fóra e é hora de facer para que volvan.

Polo tanto, tamén foi un motivo de ledicia comprobar que este tema entraba no día do debate de investidura. Ese día parecía que había un consenso en que as consecuencias demográficas da crise económica nos preocupaban a todos, así que oxalá sexa así tamén cando votemos esta proposta.

Teño só cinco minutos; polo tanto, vou dedicados a tratar de desmontar os mitos que habitualmente envolven a cuestión da emigración para poder centrar máis o debate. O primeiro é o das cifras, moi importante. O certo é que non sabemos se son 204.000, 207.000 ou 300.000 as persoas que marcharon dende o inicio da crise. En ambos casos coincidirán comigo en que son demasiadas. Porque o máis relevante é, como saben, que nos datos oficiais non están todos os que son, porque é preciso ir apuntarse a un consulado, trámite que en demasiados casos non se realiza por moitas razóns. Sobre todo, porque teñen medo, medo a perder os seus traballos por ter que ir a un consulado no horario laboral, medo a perder os seus dereitos no noso país por políticas que vostedes sacaron adiante, teñen medo a perder o dereito á sanidade por mor do real decreto da exclusión sanitaria. Basta comparar as estatísticas españolas coas dos países de acollida para comprobar que eles multiplican ata por catro as cifras que nós manexamos. Claro, é moito máis fácil asumir que chegan que que se van.

O segundo gran mito é o de «Galegos polo mundo» e o seu relato da mobilidade exterior. Refírome —ben saben— a eses programas televisivos que venden unha imaxe edulcorada baseada no éxito persoal, individual, medido en termos económicos que difunden televisións públicas en *prime time* e que semellan que os que emigran son aventureiros aos que lles esperan cousas maravillosas no exterior. Lamentablemente, todo o contrario, porque as súas vidas teñen moito máis de precariedade, de salarios de miseria en McDonald's e pisos compartidos. Falan —cando se escoitan— do abandono total por parte da Administración, da farta que senten por ter que pagar as consecuencias dunha crise que non provocaron. E —teño que dicilo— son persoas que realmente se senten insultadas cando minusvaloran este problema e cando a ministra de Emprego fala de mobilidade exterior. Deste xeito non só están tirando balóns fóra, senón que falsean a realidade tratando a emigración como unha decisión puramente individual e non como o que é, unha consecuencia social da problemática que vivimos pola súa penosa xestión da crise financeira, que encima a vostedes lles vén de marabilla, posto que é un xeito estupendo de baixar as cifras do paro. Se están fóra xa non contan, e aínda así teñen a honra de —como dicíamos— ter a peor evolución do emprego de todo o Estado.

Hai unha frase que se escoita moito na emigración, que seguramente o señor Feijóo escoitou cando tivo que abortar eventos na emigración, como lle pasou hai un par de anos en Londres polos abuceos, que dicían que a idea básica sobre a que deberíamos reflexionar é: «Non nos imos, bótannos». Pois algunha responsabilidade nisto terá o Goberno.

E o terceiro gran mito é a alarma de que se van as persoas máis formadas. Aquí quixera determe. Porque si, vanse as persoas que teñen estudos superiores, pero vanse persoas que teñen estudos medios, primarios e mesmo sen eles. É certo que precisamos recuperar o talento extraviado, por suposto que é inaceptable que miles de persoas formadas co diñeiro de todas as galegas e os galegos estean fornecendo as universidades do estranxeiro. Pero queremos chamar a atención sobre un discurso que na nosa opinión é certamente elitista porque dá a voz de alarma sobre que marchan os supostamente mellores, baseándose, co de mellores, nunha titulación académica. Alarmarse porque se van as persoas máis formadas deste país non só é imposible de xustificar en termos estatísticos, senón que, baixo o noso punto de vista, é inxusto. Por iso non estamos de acordo co que comentaba antes a señora do Partido Socialista. Nós precisamos non soamente un plan de retorno científico senón un

plan máis ambicioso que facilite a volta das miles de persoas que marcharon no período de crise económica. Porque teñen dereito a vivir e traballar aquí e porque, sobre todo, supoñen unha perda inaceptable para este país.

É certo que non hai mellor política de retorno que a creación de emprego, e de calidade, e ás persoas que botaron ofrecerlles un país ao que volver, e non un país máis pobre e desigual, que é o que lles deixan vostedes. Pero, mentres tanto, na nosa man está demostrar que a preocupación abstracta pola situación se materializa en políticas concretas. É urxente garantir os seus dereitos como cidadáns independentemente do lugar no que residan, por iso dende En marea votaremos que si á proposta non de lei do BNG e presentamos unha emenda de adición que nos parece...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...que axuda a perfilar máis a cuestión, na que instamos a Xunta de Galicia para adoptar medidas necesarias para eliminar os obstáculos que dificultan ás persoas galegas retornadas o acceso ás bolsas de traballo e ás prestacións e beneficios sociais existentes, de xeito que se restablezan todos os seus dereitos sociais sen que se lles poida exixir un período mínimo de residencia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Nós, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa temos manifestado en varias ocasións ao Goberno galego a nosa preocupación por unha situación da mocidade actual, a situación dos mozos que teñen marchado e dos mozos e mozas que aínda marchan do seu país, de Galicia, para buscar un futuro que aquí non atopan.

Hoxe temos varias figuras novidasas, xa o apuntaron anteriormente. Unha delas é a «mobilidade exterior», é dicir, o que todos, agás o Partido Popular, entendemos por emigración, a emigración, igual que a emigración que tiveron que sufrir os nosos avós, os nosos pais, que viñan dunha posguerra, que tiñan que levantar un país destrozado e que marchaban sen nada, que non tiñan nada e tiñan que buscar un futuro.

Daquela Galicia foi exportadora de man de obra sen cualificación. Hoxe Galicia é exportadora de man de obra cualificada e moi cualificada, tendo en conta, como tamén apuntaba antes a representante de En Marea, que tamén hai outros mozos e mozas que teñen menos cualificación. Pero eu voume centrar, sobre todo, nos máis cualificados.

Hoxe somos exportadores desa man de obra, que segue a ser un movemento migratorio, a pesar de que o Partido Popular o negue unha e outra vez. Os xoves son o potencial máis importante que ten un país, son o futuro, sen xuventude non hai futuro. E a formación ten como obxectivo capacitar o alumnado para adquirir coñecementos que lle permitan inserirse no mercado laboral.

Formar a nosa xuventude ten un custo, é un investimento no que participan o Estado e as familias. O investimento anual por alumno nas universidades galegas é de media, segundo un informe da Fundación CyD, de 6.762 euros. Se consideramos que cada alumno cursa, no mellor dos casos, cinco anos, estamos falando dun importe de 33.810 euros por titulación, sen ter en conta becas nin outros gastos do Goberno. É dicir, que co imposto de todos e de todas se inviste como mínimo unha media de 33.810 euros en formar a cada un dos universitarios e das universitarias galegas. A este importe hai que engadirlle o investimento das familias: traslados, vivenda e outros. E xa non vou entrar na parte emocional, na emocional do orgullo dos pais de ver os seus fillos formados e a frustración dos mozos e das mozas por non ver unha saída digna a todo o seu esforzo.

Vostedes fan propaganda a bombo e platillo de que son bos xestores. Unha empresa que xestiona ben inviste para despois sacarlle rendibilidade a ese investimento, esa é unha boa xestión. Pero non, en Galicia invístese en capital humano para que ese investimento teña a súa rendibilidade fóra das nosas fronteiras. Incrementa a competitividade dos países aos que marcha a nosa xuventude, e así esa competitividade, neses mesmos países, compite directamente coa o do seu país, Galicia. Difícil, moi difícil de entender.

¡Como se nos pode presentar un plan estratéxico de Galicia se non lle damos solución a un dos problemas máis importantes e máis graves que temos, se non temos en conta as nosas potencialidades, se non pode haber estratexias sen futuro e non pode haber estratexias sen xuventude!

A poboación moza para quedar, para seguir na súa terra, para producir aquí, necesita traballo estable, un traballo digno, non ser unha clase traballadora pobre. Recórdolles que Galicia ten como salario medio o terceiro máis baixo de toda España, segundo os datos publicados polo INE. Necesitan tamén vivenda asequible, e necesitan unha política de conciliación real, non caixas finlandesas. Así si, así a nosa xuventude, o noso maior valor, quedará aquí maioritariamente, producirá aquí, terán aquí os seus fillos e as súas fillas, e así seremos quen de facer medrar un país investindo e medrando, retroalimentándonos. Ese si que é un crecemento san e non a propaganda que poñen vostedes no seu *power point*.

En oito anos as políticas do Partido Popular non dedicaron nada, ningunha medida, para paliar esta difícil situación. E as medidas do Estado só serviron para recortarlles os dereitos sanitarios. Así, os rapaces, aos tres meses de marchar, pérdenos, e logo téñenos que volver solicitar unha vez que retornan. Anulan os seus dereitos políticos ao impedirilles na práctica exercer o seu dereito a votar, e ao emigrar as persoas de 16 a 35 anos tamén axudan a maquillar as cifras de desemprego en Galicia e aumentan o envellecemento do noso país.

Voulle dar algún dato do IGE para que non intenten desbotar o meu argumento.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Si.

A poboación entre 15 e 34 anos no 2009 foi de 701.699 habitantes. A poboación de 16 a 35 anos no 2016 é de 524.638. Polo tanto, temos unha diferenza de 177.061 mozos e mozas menos en Galicia tan só en sete anos. E hoxe a nosa poboación ten un 24,33 % de maiores de 65 anos e un 15,76 % de entre 0 e 19 anos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Nós, no noso programa electoral —si, remato xa— xa tiñamos contempladas medidas para loitar contra este fenómeno; polo tanto, o noso voto vai ser favorable. Nós xa previamos incentivar a contratación de, cando menos, 10.000 persoas por ano cunha duración de tres anos, de xeito que se prime o carácter indefinido dos contratos, e poñer en marcha un plan de retorno do talento destinado a facilitar o retorno de mozas e mozos emigrados para que aborden proxectos empresariais ou de investigación en Galicia.

Moitas grazas a todos e a todas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora deputada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Miguel Ángel Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Hai que darlle a noraboa ao Bloque Nacionalista Galego. O Plan Retorna era a súa proposta estrela nesta campaña electoral, a primeira iniciativa que ían traer a este Parlamento de Galicia no inicio desta lexislatura. Pero o certo é que a orixinalidade desta iniciativa é cuestionable porque é unha proposta que está copiada, é unha proposta que está copiada de La Junta de Andalucía, que ten este programa posto en marcha precisamente dende marzo de 2015. ¡Quen lle ía dicir ao BNG, ao nacionalismo dunha comunidade histórica como Galicia, que ía ter que copiar propostas do rexionalismo folclórico da señora Susana Díaz en Andalucía! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu si que quixera falar de datos concretos, de datos concretos sobre a cuestión que nos trae aquí. Segundo as estatísticas de avaliación residencial —INE—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Cando a señora Noela Blanco se tranquilece...

Miren, Galicia foi en 2015 a comunidade autónoma coa menor taxa de emigración en España, a menor. As saídas de Galicia representaron o 1,12 % do total da poboación fronte ao 2 % do total das comunidades autónomas. Galicia tamén é a comunidade autónoma da que saen menos mozos en proporción á poboación desa idade —de 16 a 34 anos—, o 2,23 % fronte ao 3,31 de media de España. O 2007 —governaban vostedes— foi o ano no que máis mozos sa-



íron de Galicia: 13.900 fronte a 12.117 de 2015. Cando gobernaban vostedes, por certo, tiñan as competencias en materia de xuventude. O saldo migratorio acumulado dende o ano 2009 aínda é positivo. Marcharon de Galicia 207.000 persoas pero viñeron a Galicia 225.000; polo tanto, o saldo é positivo, 17.500 persoas entraron.

Segundo o Estudo de mobilidade laboral, que mide contratacións noutras comunidades autónomas, non é certo que en 2015 emigraran 50.000 traballadores de Galicia, como dixeron vostedes nalgún momento. Non é verdade, foron precisamente a metade. Os anos nos que houbo máis galegos contratados noutras comunidades autónomas foron precisamente os anos do Bipartito: 2006, 2007, 2005 e 2008, por esa orde.

Miren, Galicia é a segunda comunidade autónoma coa taxa de mobilidade máis baixa de toda España, esa é a realidade. ¿Temos un problema demográfico en Galicia? Claro, claro que temos un problema demográfico.

Miren, é obvio que a oposición non coñece a actividade que está a facer o Goberno e que non escoita nin quere escoitar o que o Goberno está facendo nesta materia. Este goberno actúa tanto no retorno dos emigrantes xa arraigados noutros territorios como no dos mozos que deixaron Galicia durante a crise por motivos laborais. Este goberno xa está actuando na materia na que vostedes nos propoñen. Así, a Xunta de Galicia pon á disposición dos emigrantes retornados subvencións para sufragar os gastos iniciais que conleva o establecemento de actividades de traballadores autónomos aquí en Galicia, que se poden sumar ás axudas que xa existen para os emprendedores, tamén en vigor, postas en marcha por este goberno, e ás que este ano se sumaron 18 persoas nesta circunstancia.

Ademais, a Xunta tamén conta con axudas extraordinarias para facer fronte aos gastos derivados do retorno a Galicia, dos últimos cinco anos, que acolleron máis de trescentas persoas e cun investimento de 500.000 euros. Polo tanto, o que vostede propón xa se está a facer.

Permítame que a remita ao DOG. Mire: «Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados. Data de publicación: 1 de marzo do 2016. Pero estas axudas non é que as puxeramos en marcha no 2016, puxémolas en marcha no 2012, no 2013, no 2014, no 2015 e no 2016; 500.000 euros, 300 beneficiarios. Esa é a realidade.

Mire, máis DOG, resolución da Secretaría Xeral de Emigración pola que se convocan as subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora, na comunidade autónoma galega, das persoas galegas retornadas, e procédese á súa convocatoria para o ano 2016. E non é que o anunciemos este ano, é que tamén o fixemos o 2013, o 2014, o 2015 e o 2016. Outros 500.000 euros e tamén un bo número de beneficiarios.

Mire, o presidente da Xunta anunciou ademais, no seu discurso de investidura, a posta en marcha dunha bolsa de excelencia para a mocidade no exterior, que se vai dotar cun importe de 500.000 euros e que xa foi anunciada —como dicía— polo presidente no discurso de investidura.

Polo tanto, moitas das cousas que vostedes propoñen xa se están a facer. ¿Temos un problema demográfico en Galicia? Por suposto. ¿Hai un problema no mercado laboral porque aínda hai que ofrecer oportunidades laborais para a xente que está en situación de desemprego? Por suposto.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ¿Temos que seguir permitindo que volten os mozos que marcharon? Por suposto. Pero dramatismos copiados de Andalucía, mellor non. Poñámonos serios coas cuestións que son serias. Non xoguemos cos datos para debullar unha situación alarmante, porque esa situación era moito máis alarmante cando gobernaban vostedes e, daquela, o que facían era gastar o diñeiro en chupitos en Cuba. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

Para cerrar o debate, por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Olalla Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Mire, señor Tellado, voulle dicir unha cousa. A min facíame certa ilusión que vostede me respostase, non sei por que, (*Risos.*) ¡estaba como entusiasmada! Si, absolutamente. Débeme ir un pouco o rollo este, macarra. Non sei, supoño que terá ese punto. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Sabía, ademais —chámeme malpensada—, que non apoiarían a proposta, nin sequera deixándoa tan aberta como simplemente estudar a viabilidade de facer ese Plan Retorna. O que non pensei é que se poñería vostede de canto cos problemas e viñese soltarme... de verdade, porque me deu até certa vergoña allea escoitalle certas afirmacións, e que fose vostede a viaxar a Andalucía pero non quixese pasar, por exemplo, polo programa Raíces, que era un programa moi interesante que se puxo a andar, por exemplo, co Goberno Kirchner en Arxentina, para recuperar todo aquel coñecemento, sobre todo, vinculado á investigación e ao persoal tecnólogo que perdera Arxentina durante os anos noventa con aquela dramática crise económica. Pero vostede vai buscar os seus referentes alí onde mellor lle conveña.

Nós o que queremos traer aquí —e eu intenteino, de verdade que o intentei—, facendo unha recolecta de datos dunha faixa espazo-temporal que abranguese xa os anos do Goberno bipartito, intentando ver se eramos quen de que vostedes non axitasen ese espantallo ao que se aferran dunha maneira absolutamente paradoxal por momentos, e intentámolo até a saciedade... A min paréceme moi ben o relatorio de medidas que vostede despregou aquí, o que non entendo entón é como toda a poboación que marchou, que nós coñecemos, e estou certa, ademais, que vostedes tamén coñecen, e incluso como acontece coas persoas que están no desemprego, teñen algún familiar ou algún amigo na emigración que non poidan voltar. Non o entendo entón, porque hai persoas que levan moitísimos anos na emigración intentando volver a Galiza pero non atopan a maneira de optar a un posto de traballo en condicións dignas.

Eu intentei, ademais, que visen esa dobre cara, ou facer énfase nesa dobre cara, que ten o drama da emigración, que non é única e exclusivamente un problema económico, senón que é, ademais, un problema demográfico. Pensei que me ían sacar vostedes aquí as axudas á natalidade, que é a única variña máxica que atoparon para revertir a situación tan dramática que temos a respecto da demografía no noso país desde hai tantísimos, tantísimos anos. Cómpre lembrar que a pirámide poboacional galega e o saldo vexetativo neste país son negativos desde o ano 1986. Pero o que non agardaba é que vostede se puxese desa maneira, de canto, para obviar e negar, porque foi unha posición absolutamente negacionista da situación pola que atravesamos este país, e sobre todo a mocidade deste país.

Eu podería botarlle contas, da promoción da Facultade de Comunicación en Pontevedra ano 2007-2011, de licenciados e licenciadas en Publicidade e Relacións Públicas, as que quedamos aquí, e debemos ser catro, literalmente.

Agradecemos a este respecto a emenda que achega En Marea, o que si quixera dicirlle á compañeira Luca é que nós nos referiamos única e exclusivamente á saída de coñecemento referíndonos ao ámbito universitario, senón tamén a todas aquelas persoas que teñen ou non estudos superiores pero que tamén teñen moitísimo que aportar á Galiza do futuro, esa Galiza que nós queremos construír, que non nos negamos ademais a pesar dos intentos e dos bloqueos por parte do Partido Popular para seguir avanzando nunha Galiza completamente diferente, nunha Galiza na que non teñamos que vivir de maneira constante, como se fose unha especie de praga bíblica, que teñan que marchar primeiro as nosas aboas e os nosos país —dígollo por experiencia vital—, e a continuación tamén as súas propias fillas.

O que nós queríamos con este Plan Retorna que teñen aínda a oportunidade de apoiar se fan unha mínima reflexión, é sentar as bases para que social e economicamente este país poida darlles un futuro ás súas fillas e aos seus fillos, que non teñamos que ver como seguen marchando xeracións e xeracións enteiras a facer medrar e producir riqueza noutras latitudes do mundo, cando temos un país absolutamente rico e absolutamente próspero polo que vivir e traballar aquí.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora deputada.

Pasamos agora ao debate acumulado das proposicións non de lei números 927 e 1272, que son os puntos da orde do día 3.2 e 3.7.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos**

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as demandas que debe realizar o Goberno ao Goberno central en**

## **relación coa tramitación da Proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Xosé Luís Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

Dicía Castelao que as normas legais debían escribirse en papel de lixa, e dicíao para que non se lle desen utilidades hixiénicas; concretamente, dicíao para que non puidesen limpar o cu con elas. E nós deberíamos pedir o mesmo para a lei que aprobou o Parlamento galego a respecto da AP-9, porque vemos que tamén lle deron un uso hixiénico no Partido Popular e no Goberno do Estado en Madrid.

Cando presentamos esta iniciativa no mes de outubro estabamos, dende logo, moi preocupados e preocupadas pola actitude do Goberno do Estado, que manifestou a súa desconformidade con respecto a esta iniciativa aprobada unanimemente polo Parlamento galego. E agora, dous meses despois, non só estamos preocupados, senón que temos unha sensación de alarma, de vergoña e, sobre todo, de indignación ante a actitude do Goberno do Estado, e o que é peor, ante a posición e actitude do Goberno galego e do seu presidente, despois da xuntanza que tivo co ministro de Fomento. Unha actitude de submisión, de vasalaxe, e unha actitude de traizón aos acordos deste Parlamento e aos intereses de Galiza. Non se lle pode chamar doutra maneira despois do agravio, da aldraxe, que nos viñeron anunciar aquí, ao mesmo tempo que se anuncia o rescate das autoestradas radiais, de nove autoestradas quebradas, no Estado.

A tramitación da lei aprobada polo Parlamento galego, iniciada en outubro, efectivamente encontrouse coa oposición, coa desconformidade, do Goberno do estado, e a verdade é que non é nada novo, porque é a posición que se repetiu ao longo de máis dunha década por todos os ministros e ministras de Fomento do Goberno de España, que utilizaron sempre, fosen do signo que fosen, os mesmos argumentos: que era unha infraestrutura de interese internacional, de interese europeo, de interese xeral, que comunicaba os portos e aeroportos e que, polo tanto, non se podía transferir. E ao mesmo tempo engadíannlle tamén un argumento orzamentario, porque ía ter custos económicos para o erario público, polo tanto, neste ano 2016 non se podía consignar nos orzamentos unha partida para o rescate.

Ben, xa está máis que utilizado o argumento de que non vai haber que utilizar ningunha partida neste ano e que houbo transferencias de autoestradas que teñen características semellantes á galega a outros territorios do Estado.

A historia da AP-9 podemos dicir que é a historia dun espolio; a historia dun espolio de recursos económicos para beneficiar ás grandes empresas, moitas delas de capital estranxeiro. Quero recordar aquí que a entidade propietaria da concesionaria no seu 45 % é un fondo de investimento que ten o esclarecedor nome de corsario, fondo corsario. Non nos estraña nada, polo tanto, como actúan no noso país, como veñen aquí rapinar os recursos do noso país e dos galegos e das galegas. Este é, ademais, o gran negocio da concesionaria, que ingresou

como beneficio neto 4,6 millóns no ano 2015, e leva recadados máis de 743 millóns desde o ano 1994. E, ao mesmo tempo, está en marcha unha operación especulativa para vender esta empresa, polo suculento negocio que ten, pola concesión ata o ano 2048, por máis de 5.000 millóns de euros. A maiores, estamos pagando a autoestrada máis cara de todo o Estado, que é excluín-te para moitas persoas e que é moi gravosa para a actividade económica no noso país.

Quero recordar aquí que é máis caro viaxar pola autoestrada entre Ferrol e Vigo, que custa 17,65 euros, que facelo de Ferrol a Madrid, que custa 16,20 euros. Ademais, a concesión máis longa, con 75 anos, que rematará no ano 2048 e que, segundo as contas do Estado, prevén —porque ese é o cálculo que facían para o rescate— que a concesionaria ingrese neste período máis de 4.000 millóns de euros.

Por riba de todo isto, sufrimos un incremento de peaxes nos últimos 8 anos do 26,5 e a pesar destes millonarios beneficios vemos como as persoas usuarias padecemos deficiencias na conservación e o mantemento da autoestrada, como se reduce o persoal, como sufrimos constantemente atascos nas peaxes, e sobre todo, no tramo de Rande e os accesos a Vigo, problemas continuos.

A AP-9 é tamén o exemplo dun enorme agravio, dunha aldraxe e dunha burla a este país e a este Parlamento, sobre todo por ese anuncio, que ademais non se fixo cando veu aquí o ministro de Fomento, fíxose onte, igual que o anuncio das obras do AVE en Ourense, non se fixo na reunión co presidente ante os medios de comunicación en Galicia, senón que se fixo onte, con nocturnidade, nun medio de comunicación estatal.

Pois ben, a confirmación do Ministerio de Fomento do rescate de nove autoestradas, entre elas o rescate das autoestradas radiais madrileñas, que vai ter un custo para as arcas públicas de máis de 6.000 millóns de euros, ademais dicindo o anterior ministro de Fomento —o señor Catalá— que ía ser un bo negocio. Claro, un bo negocio para as empresas, para a banca, para as construtoras, que van recibir eses miles de millóns de euros do erario público. ¡Para iso si que hai cartos, e non os hai para rescatar a AP-9!

A nós isto parécenos unha burla, unha estafa e unha auténtica tomadura de pelo, ademais dunha traizón a Galicia e a este Parlamento.

A AP-9 é tamén un exemplo das contradicións e da dobre moral do Partido Popular, pola falta de capacidade de decisión e de influencia política en temas que son, como este, centrais e vitais para Galiza, porque din unha cousa aquí e non lles importa nada dicir a contraria en Madrid. E o presidente da Xunta presume moito de ter peso político, pero o que vimos foi como aceptou de maneira submisiva e servil ese ninguneo —porque non se lle pode chamar doutra maneira— ao que o someteu o ministro de Fomento. Polo tanto, obediencia servil ao que mandan en Madrid, e agora non lles queda máis remedio que quitar a máscara e descubrir toda esa verdadeira faciana, falsa e tramposa, coa que actúan neste e en moitos outros temas.

Parécenos, polo tanto, que é unha cuestión moi grave, que é unha traizón; e, polo tanto, pedimos que este Parlamento adopte o acordo recollido nesta proposición non de lei do BNG

que di no seu primeiro punto: «instar o Goberno central e o Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, aprobada por unanimidade por este Parlamento». En segundo lugar, «instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza». E, en terceiro lugar, «rexeitar o rescate multimillonario de autoestradas, con fondos públicos, co único fin de salvar a banca e as construtoras que a xestionan».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Xa temos debatido sobre a AP-9 en innumerables ocasións neste Parlamento. Poderíamos falar outra vez de que a historia desta infraestrutura, da AP-9, que atravesamos de norte a sur o noso país, é unha historia do capitalismo do *Boletín Oficial do Estado* —ao que desgraciadamente estamos acostumados neste país—. Tamén podemos dicir que é unha mostra dos agravios comparativos que atura Galiza con respecto ás decisións que se toman noutras zonas do Estado; agravios dos que tamén son responsables gobernantes como o señor Feijóo, que veu presumir no discurso de investidura de ser militante de Galiza, pero que demostra que non o é máis que de boquilla. Á hora de escoller entre defender a Galiza ou defender o Partido Popular, sempre escolle defender o Partido Popular.

Capitalismo do *Boletín Oficial do Estado* porque se mantén esa melodía que máis lles gusta aos neoliberais que viven do Estado. Moito falar do libre mercado, pero ao final case todos os grandes negocios das persoas que acaban financiando o Partido Popular teñen relación coas cousas que se aproban no *Boletín Oficial do Estado*. E coas relacións que teñen cos políticos que toman esas decisións, algo moi de actualidade estes días. Esas cousas que se fan para engraxar, eses agasallos que se fan para engraxar.

Tamén teñen vostedes a mala sorte —non sei se lles afecta ou non— de que veña hoxe a debate este tema, xusto despois dese anuncio de que si se lle poñen pegadas a algunhas actuacións dunha infraestrutura que é fundamental para Galiza, pero, en cambio, están dispostos a gastar máis de 5.000 millóns de euros en rescatar as radiais que fixeron o señor Florentino Pérez, Sacyr e compañía, sen correr, coma sempre, ningún risco; se sae mal aí estará o Estado —a eles, evidentemente, este negocio non lles saíu mal—, para iso sempre hai cartos.

Igual que houbo cartos para rescatar e sanear con diñeiro público, antes de 2003, a AP-9. E tamén o Partido Popular, a través do señor Álvarez Cascos, a privatizou despois de estar ben saneada e lla vendeu a Sacyr por 1.000 millóns de euros, a prezo de amigo. E é prezo de amigo porque, cinco anos despois, Sacyr a vendeu ao grupo americano City obtendo unhas

plusvalías de máis de 800 millóns de euros, sen gastar un euro en mellorar a infraestrutura. ¿Como se chama iso? Iso chámase desvergoña, iso chámase corrupción, iso chámase gobernar para uns intereses moi particulares, iso chámase a política habitual do Partido Popular. Claro que Audasa e Itínere sempre tiveron moi boa relación co Partido Popular, ata contou con Bárcenas no seu consello de administración. Tampouco a ninguén se lle escapa a estreita relación dos irmáns Muntaner co señor Rajoy desde que era ministro de Administracións Públicas. Cando falamos do Partido Partido Popular, hai que mirar ben os antecedentes.

Pero dicía que non estamos aquí para dar debates xa dados en moitas ocasións neste Parlamento. A nosa proposta só intenta que se respecte un acordo unánime deste Parlamento, que se respecte a dignidade deste Parlamento e a dignidade dos galegos e galegas. Aquí aprobouse hai menos dun ano unha proposición de lei por unanimidade. Votou o Partido Popular, votou o Partido Socialista, votou o BNG e votara AGE por unanimidade. Trasládouse ao Goberno do Estado, e o Goberno español, o Goberno do Partido Popular do señor Rajoy, o Goberno en teoría «amigo» veta o debate. Non é que vote en contra, é que veta o debate de maneira mentireira, prepotente e manipuladora —mentireira, e explicarei por que—. Diante disto, pensamos que, ante este veto, os mesmos que apoiamos aquí o proxecto de lei estaríamos xuntos defendendo cando menos o dereito a que se debata democraticamente no Congreso dos Deputados. Pero vimos como unilateralmente, sen exercer de presidente de Galicia, o señor Feijóo baixou a cabeza ante o ministro de Fomento. Ou caeu do cabalo camiño de Damasco, como se dicía antes, co AVE, coa AP-9, coas caixas. Cae demasiadas veces. Unha vez máis, o señor Feijóo amosou a faciana de ser forte cos débiles e débil e submiso cos fortes. Contrasta esta submisión fronte a Rajoy coa prepotencia que emprega aquí, en cuestións domésticas, para falar de alcaldes e deputacións que non son da súa cor. Gustaríanos que tivese esa firmeza que ten cando opina de Cataluña, facendo de ariete para o Partido Popular. E dicímoslle ao señor Feijóo que aquí o problema non é Cataluña nin As Mareas, é o PP, o rescate das radiais e a súa renuncia a actuar como presidente deste país.

E diso trata esta iniciativa, é simple: exixir que se levante o veto, o bloqueo imposto con mentiras, manipulacións e agravios comparativos. Nós pedimos que se volva manifestar este Parlamento no mesmo sentido que se expresou hai menos dun ano; que se defenda a dignidade deste Parlamento, que se defenda a dignidade deste pobo. Ademais, sabendo que os argumentos utilizados polo Goberno do Partido Popular en Madrid son mentiras.

Falaron no informe dun custo de rescate de 4.300 millóns de euros: é mentira, é unha burda manipulación. O cálculo para eses 4.300 millóns de euros é o resultado de multiplicar o que se cobrou de peaxes no último ano polos anos que quedan de concesión; calquera persoa sabe que iso é unha burda mentira. Pero é máis, na disposición adicional terceira desta lei dise que no caso de que se decidise o rescate, o rescate correría a cargo do Estado; é, evidentemente, un condicional que non se dá para o ano 2017. A lei non vai de rescate, a lei vai, fundamentalmente, de traspaso das competencias da AP-9, e agárranse a esta mentira para bloquear o debate.

O agravio comparativo de ver como se nos di que non se pode debater porque é unha rede de interese europeo, unha rede estrutural que conecta con Portugal, cando todos sabemos que, durante sucesivos gobernos, se traspasaron en Cataluña e en Euskadi autoestradas que ían directamente á fronteira. Esta nin sequera vai directamente, é un agravio comparativo.

Estes casos demostran a falsidade dos argumentos centrais do Goberno español para vetar o debate dunha lei aprobada por unanimidade neste país. Non podemos permitir isto. E faino dun xeito, unha vez máis, trampulleiro, porque sabe que non ten maioría no Congreso dos Deputados e corre o risco de que democraticamente se aprobe a transferencia das competencias da AP-9 para Galiza.

Polo tanto, exiximos que actúen con honestidade, defendendo os intereses galegos; que apoiem unha iniciativa que pide simplemente que se garantan os dereitos democráticos para Galicia; que estean do lado de Galicia e non do lado do Partido Popular. Por non falar do que deberían de facer os deputados e deputadas galegos do Partido Popular, e non como sistematicamente fan, votar aquí unha cousa e alá outra, ¡que vergoña lles debería de dar!

E exiximos, ademais, que o señor Feijóo se manifeste con claridade e con rotundidade ante este asunto. Que non faga como coa visita do señor ministro de Fomento, ese que, unha vez máis, quere aplicar as rebaixas ao tren en Galicia. O señor Íñigo de la Serna quere rebaixas para o noso tren, parece que non se acorda do que pasou neste país na vía de Santiago a Ourense por culpa das rebaixas. Aquí en tren e en ferrocarril non queremos ningunha rebaixa máis, e queremos un presidente da Xunta e un Grupo Popular que defenda os intereses de Galicia e que non agache a cabeza fronte ao Goberno do Estado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Por parte do Grupo Socialista de Galicia ten a palabra Raúl Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente. Señoritas deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos. Bos días, señora conselleira, tamén.

Señorías, coido que o debate en Galicia sobre da AP-9 debería estar superado. Durante varias lexislaturas —con máis intensidade na última—, os grupos parlamentarios valoramos o protagonismo da AP-9 na rede viaria galega e recoñecemos a súa importancia para Galicia e o valor engadido que nos pode aportar cunha xestión propia directa da Xunta de Galicia. Ese recoñecemento compartido culminou a finais da pasada lexislatura coa aprobación polo Parlamento galego da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, por iniciativa do Grupo Bloque Nacionalista Galego. A aprobación foi unánime, foi aprobada por todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento: Grupo Mixto, Alternativa Galega de Esquerda, Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista de Galicia e Partido Popular. Foi votada polos 75 deputados da Cámara e entre eles, por certo, o señor presidente, o señor Feijóo.

Con esta decisión, o debate da AP-9 debería estar superado, pero é verdade que non parece estalo; nas derradeiras semanas e días reavivouse. Neste novo escenario, dende o Grupo Socialista queremos amosar —como xa o fixemos nesta semana na comparecencia da señora conselleira na Comisión 3ª— a nosa perplexidade ante as novas transmitidas polos medios de comunicación sobre os resultados da xuntanza mantida entre o señor presidente de Ga-



licia, o señor Feijóo, e o señor ministro de Fomento. De ser certas —e non foron aclaradas nin desmentidas—, conlevan para o Grupo Socialista o nominativo de traizón, así mesmo, ao Parlamento e ás galegas e aos galegos.

As manifestacións e compromisos públicos do señor Feijóo —do señor presidente— durante o último ano, o apoio unánime desta Cámara á iniciativa e as vantaxes e beneficios para as galegas e os galegos que todos recoñecemos, non permiten asumir, nin sería aceptable, a defensa dunha posición diferente á apoiada unanimemente nesta Cámara, porque non hai razóns de interese xeral para Galicia que poidan mudar o acordado. Como tampouco hai razóns, nin legais nin técnicas nin económicas, no informe desfavorable sobre a proposición de Lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia elaborado polo Ministerio de Fomento.

Non hai razóns legais nin técnicas para o rexeitamento: a AP-9 discorre integramente polo territorio galego; a AP-9 non conecta directamente nin con Portugal nin coas comunidades autónomas limítrofes como Asturias e Castela-León. A AP-9 non conecta directamente cos portos de interese xeral ubicados en Galicia: Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra-Marín. A AP-9 tampouco conecta directamente cos aeroportos de Alvedro, Lavacolla e Peinador.

A transferencia da AP-9 a Galicia non impide que continúe integrada na Rede Transeuropea de Transportes, non importa ese estatus de estrada á súa titularidade. Polo tanto, non o impediría en ningún caso, tal como ten sucedido, ademais, con exemplos como as transferencias de autopistas ao País Vasco da A-8, ou a Cataluña da A-17 e da A-19.

Non hai, polo tanto, razóns legais ou técnicas, e tampouco hai razóns económicas para o rexeitamento do debate da proposición de lei no propio Congreso. O mesmo Ministerio de Fomento, leo textualmente: «*Non hai consignacións orzamentarias do Ministerio de Fomento para o exercicio 2016 que permitan afrontar o pago cifrado en máis de 4.300 millóns de euros*».

Parece obvio a estas alturas, mediados do mes de decembro de 2016, que as consignacións no orzamento de 2016 non teñen ningún tipo de sentido. Pero tamén parece obvio que o cálculo que se fixo sobre o custo de rescate é tan simplista, é á alza, que merece pouca credibilidade e resulta absolutamente discutible. Xa o explicou tamén o voceiro de En Marea.

Entón, a pregunta é moi sinxela: se non hai razóns legais, nin razóns técnicas, nin razóns económicas para a transferencia da AP-9 a Galicia, ¿que razóns ocultas hai para que o Goberno de España negue incluso o debate de transferencia?

Lembremos que a transferencia da AP-9 e do AVE, e o acceso do AVE en 2018 a Galicia, foron os compromisos máis importantes do señor Feijóo en precampaña e campaña. A enorme cobertura mediática, a negativa da transferencia da AP-9 e o descarte de que en 2018 estará completado o acceso do AVE a Galicia resultan ser unha negativa clara e rotunda ao señor Feijóo dende Madrid.

Quizais a súa actitude —en precampaña pasou de ser militante do Partido Popular en Madrid a militante de Galicia—, tentando obviar o Partido Popular de Madrid en Galicia permanen-

temente, pasadas as eleccións e conseguido o obxectivo, pretende resolver aquela suspensión cautelar de militancia en Madrid, volvendo a Madrid; quizais a súa actitude de «cambia-chaquetas» —que moi ben entendemos en Galicia o que significa militante do PP, militante de Galicia, militante do PP...— lle está a pasar factura. Temo, señorías, que as razóns están máis en Xénova que no Ministerio e responden a un axuste de contas e a unha loita de poder...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...dentro do Partido Popular.

O lamentable é que os perdedores voltamos ser, unha vez máis, as galegas e os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Señor presidente.

Señorías, bos días.

A Xunta e o Partido Popular que sustenta a acción de Goberno galego vimos defendendo desde hai anos —e, en especial, desde o ano 2009— que o mellor para a nosa comunidade é a transferencia da titularidade da autoestrada AP-9 a Galicia. E, a diferenza doutros, señores do Bloque e do PSOE, mantemos o mesmo posicionamento independentemente de que esteamos no Goberno ou na oposición. O outro día recordabamos neste mesmo Parlamento como vostedes no ano 2007, cando gobernaban, tiñan distinta posición que teñen agora. Nós podemos dicir que desde o principio mantemos sempre a mesma postura.

Esta autoestrada que vertebra toda Galicia, toda a Galicia atlántica, onde viven dous de cada tres galegos, cremos que estaría mellor xestionada se se fixera desde Galicia. Primeiro, porque o Goberno central ten que facer con 28 estradas autoestradas semellantes, e segundo, porque entendemos que estar preto da infraestrutura nos permite coñecer mellor as necesidades. Cremos, e estamos convencidos, que é xuridicamente posible, e así o deixaron claro tanto a Xunta como o seu presidente en distintas ocasións, por exemplo nas alegacións ao Plan de infraestruturas de transporte e vivenda do ano 2012-2024, demandando que sexa a Comunidade Autónoma a que asuma a súa titularidade. Entendemos, igual que vostede, e tamén o dixemos, que nin as conexións internacionais nin as conexións con portos e aeroportos de interese xeral do Estado son razóns para evitar este traspaso á Comunidade Autónoma.

E, ademais, como dixeron vostedes, esta postura conta co respaldo unánime de todos os grupos políticos galegos con representación parlamentaria, e aprobouse nesta Cámara, e nós seguiremos apostando por esa unanimidade e por conseguir ese traspaso.

Pola información da que dispoñemos —páreceme que contan parcialmente as cousas— os informes do Executivo español non bloquean o debate no Congreso, senón que o que fan é ampliálo e condicionalo a informes máis amplos, que chegarán, e será o momento de poder ter esa discusión parlamentaria. Pero, en todo caso, e para que quede claro, cremos que non debe impedirse por parte do Goberno de España ese debate, porque esa é unha demanda unánime de Galicia, deste Parlamento. Está recollida no noso programa electoral e é un obxectivo polo que imos seguir traballando.

Por outra parte, falan vostedes e fan unha comparativa con rescates de varias autoestradas das radiais de Madrid, pero non son comparables os casos, sábeno perfectamente. Porque no caso das autoestradas madrileñas se trata dunha situación sobrevida dunha quebra dunhas concesións públicas, que están en proceso concursal, e nas que por lei, por lei, a Administración ten unha responsabilidade patrimonial e ten que facer fronte.

Señores do BNG, deberían coñecer ben estas condicións, porque cando estaban no Goberno bipartito, e formaron parte deste goberno, deixaron establecidas responsabilidades patrimoniais por valor de máis de 200 millóns de euros nos contratos concesionais firmados por ese goberno. Polo tanto, creo que debemos ser responsables e atender e cumprir coas obrigações legais.

O Goberno central vese obrigado a rescatar estas autoestradas en quebra para evitar e para garantir que sigan en funcionamento, que sexan operativas para os cidadáns, se non terían que pechar, segundo o acto do Xulgado do Mercantil que ordenou a liquidación das sociedades que as xestiona. Polo tanto, contén a verdade e contén e non comparen casos que non son idénticos.

Por outra banda, e poucos días despois da toma de posesión dos novos gobernos, tanto en Madrid como en Santiago, o pasado día 5 de decembro o presidente da Xunta mantivo un encontro de traballo en Santiago de Compostela co novo ministro de Fomento. Neste encontro tomouse a decisión de crear unha comisión bilateral Goberno central-Comunidade Autónoma para compartir todas as decisións de xestión da AP-9. Acordouse tamén que as primeiras decisións de xestión que se compartirían serían a confirmación de que os accesos á Cidade da Cultura estarán nos orzamentos de 2017 e que as bonificacións das peaxes na Barcala e na ponte de Rande serán financiadas integramente pola Administración central.

Isto —para que quede claro— significa que Galicia se aforrará 6 millóns de euros ao ano, e ademais participará, por primeira vez, na xestión da autoestrada. Por iso dicimos que nesa reunión se deu o maior avance na historia da concesión cara á solicitude da súa transferencia a Galicia, e que tivo un resultado moi frutífero, 6 millóns anuais recorrentes.

Polo tanto, no marco desa comisión poderanse abordar as negociacións sobre posibles flexibilizacións das peaxes da AP-9. Igual que, tamén nesa comisión, se poderá avanzar nas negociacións para abordar o traspaso de titularidade desa infraestrutura, á que, insisto, non renunciamos.

Polo tanto —e por iso o dicimos—, tense avanzado máis que nunca, porque por primeira vez o Goberno de España acepta que as decisións da autoestrada que afectan a Galicia se

teñan que consensuar coa Comunidade. Farase de forma corresponsable entre ambas administracións. E aínda con este acordo histórico o Executivo autonómico seguirá demandando a transferencia da titularidade da AP-9.

E, señores dos tres grupos, non existe ningunha traizón, non existe ningunha aldraxe, non se cambia de chaqueta. Os únicos que cambiaron de chaqueta desde 2007 ata agora son os do PSOE e os do BNG. Non hai ningún cambio de chaqueta, non se baixou ningunha cabeza, ¡ningunha!, mantéñense as demandas e avánzase a cara a obter esa transferencia. Danse pasos como nunca se deron, seguiremos exixindo a titularidade para Galicia desta autoestrada. Non imos, señores de En Marea, renunciar a ela e imos seguir votando sempre que se demande desde este Parlamento.

E, señores do PSOE, axuste de contas tampouco, os únicos que de verdade saben aquí de axustes e costas internos son os tres partidos da oposición, como estamos vendo estes días dentro dos seus partidos. Se queren trasladar ao Partido Popular esas loitas internas que teñen os tres, pois van por mal camiño, porque non é o noso caso.

Polo tanto, a titularidade da AP-9 é o obxectivo da Xunta de Galicia e do PP de Galicia, e así a seguirán a defender con rigor e seriedade en todos os foros adecuados. Pero que conste, non imos enganar os cidadáns, non imos facer demagogia fácil coas peaxes e, sobre todo, imos seguir traballando para conseguilo.

Presidente, xa acabo. Déixeme, antes de rematar, trasladar o noso sentido do voto. Dicir que tampouco imos renunciar a ningún dos obxectivos e que seguiremos demandando que todas as infraestruturas de interese xeral para Galicia, de interese xeral para Galicia, sexan recoñecidas e sigan avanzando.

No caso da proposición do BNG queríamos solicitar unha votación por puntos, a cada un dos catro puntos que ten a proposición do BNG, co fin de non romper a unanimidade acadada neste Parlamento e que sigamos mantendo no substancial esa unanimidade. Tal como está o punto terceiro non podemos apoiar a proposición do BNG.

E por parte da proposición de En Marea non encontramos obxeccións e o Grupo Popular votará a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Grupos parlamentarios autores das proposicións non de lei. Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do BNG o señor Xosé Luís Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, a verdade é que o señor portavoz do Partido Popular, o señor Fernández, fixo aquí un papelón. A verdade é que é difícil defender as posturas que teñen que defender nesta cuestión e todas as contradicións que teñen, porque, claro, vostedes son o mesmo partido, non son un partido aquí e outro en Madrid, e teñen que ser consecuentes,

polo tanto, e coherentes, e achantar coas posicións que toma o seu partido en Madrid, que son humillantes, que son denigrantes e que deixan en moi mal lugar o Partido Popular de Galicia, o Goberno da Xunta e o seu presidente.

Mire, vostedes cando se presentou esta iniciativa, e cando o BNG propuxo unha fronte común para defender a dignidade deste Parlamento, publicaron unha nota de prensa que dicía: «Consideramos que este non é o mellor momento para abordar co Goberno central a transferencia da AP-9, tendo presente que estamos a falar dun goberno en funcións, que se suma á situación en Galiza, onde se está a organizar o debate de investidura. Consideramos máis conveniente esperar a que o novo Goberno central se conforme, así como o Goberno galego, para levar adiante cantas iniciativas consideremos necesarias para intentar corrixir», para intentar corrixir —insístolles, señor Fernández, señores do Partido Popular, señoras do Partido Popular—, intentar corrixir, «o erro que consideramos están a acometer desde o Ministerio de Fomento negando a transferencia da AP-9».

¿Que corrección? ¿Que clase de corrección lle fixeron vostedes ao Ministerio de Fomento? ¿Que clase de corrección lle fixo o presidente da Xunta cando se reuniu co ministro de Fomento, aceptando submisiva e servilmente as imposicións do Goberno do Estado? ¿Que clase de posición defendeu máis que esa da submisión e do servilismo? ¡Ningunha outra!

Polo tanto, vostedes non son de fiar, a realidade é que non son de fiar. A súa palabra, escrita nos seus programas ou verbal, non vale nada, non vale nada. Polo tanto, nin coherencia, nin decencia, nin vergoña. Iso é o que se pode dicir da súa posición.

E teñen dúas opcións, teñen a opción de ser leais a este Parlamento e a este país, pero de ser leais aquí e en Madrid, porque hai deputadas e deputados do Partido Popular que tamén votan en Madrid, e hai ministros e gobernantes do Partido Popular e presidente do goberno do Partido Popular galego —galego de nacemento, porque máis que iso non se pode dicir— que tamén votan en Madrid e toman decisións en Madrid, e toman decisións en contra dos intereses de Galiza. E tómanas, ademais, coa afronta e a aldraxe de ao mesmo tempo que se toma esa decisión aprobar o rescate desas autoestradas ruinosas e destinar máis de 6.000 millóns de euros —que se van destinar de fondos públicos a salvar esas autoestradas— cando se negan para Galiza.

Polo tanto, non teñen palabra, a súa palabra non vale nada, non teñen coherencia, non teñen decencia, non teñen vergoña e están consumando unha auténtica traizón a este Parlamento e a este país. Vístano como queiran, poñan a máscara que queiran...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...voten o que queiran que a realidade é esa e non outra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará Torres.

Ten a palabra por parte do outro grupo autor da iniciativa o señor Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si, antes que nada, dúas cuestións que hai que aclarar.

Acaba de vender outra vez os logros da xuntanza do señor Feijóo co señor De la Serna. Pero mire, quería recordarlle que nós tamén lemos o DOG, señor Fernández Prado. Volveron vender mercancía usada. Cando o señor Feijóo hai unha semana que vende o acceso á Cidade da Cultura como contrapartida á renuncia ao acordo do Parlamento galego, unha vez máis quixo enganar. O 26 de setembro de 2016 Fomento e a Xunta de Galicia asinan o convenio que fixa as condicións de financiamento do acceso á Cidade da Cultura, punto quilométrico número 70, señor Fernández Prado, o 26 de setembro; iso xa estaba conseguido, iso xa estaba conseguido.

Claro, é normal que busque algo que vender ante esa tremenda renuncia que fixo o señor Feijóo. E non é un informe o do goberno que estea esperando outros informes, señor Fernández Prado, é un informe de bloqueo para a tramitación dun proxecto de lei. De acordo co criterio incluído no citado informe, a aprobación desta proposición de lei suporía un aumento de créditos presupostarios, por lo que *el Gobierno no presta su conformidad para su tramitación en virtud de lo dispuesto en el apartado sexto del artículo 134 de la Constitución*.

Isto, ¿como é?, ¿algún informe que buscan? Non, isto é o bloqueo con base nunha mentira, porque a aprobación deste proxecto de lei non suporía a modificación de créditos. Menten e quédanse tan anchos. E creo que menten os do seu partido, ¿ou vostede non pertence ao Partido Popular? A aprobación da lei do Parlamento galego non suporía ningunha modificación de créditos e están argüíndo isto para bloquealo.

E finaliza: *«Por todo ello, informa desfavorablemente la Proposición de ley orgánica de transferencia de la titularidad y competencias de la AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia»*. Punto e final, nada de informes. Polo tanto, contén a verdade.

Fala vostede das radiais de Madrid. ¡Indefendible! O mesmo negocio de sempre, o mesmo negocio de sempre. Teñen moita facilidade para sacar a chequeira e para salvar a personaxes como Florentino Pérez e, en cambio, ningunha para defender os dereitos de Galicia.

Por último, dicirlle que agradecemos que vaian votar a favor, pero ¿van cumprir, ademais de votar a favor como da outra vez? ¿Van facer algo? ¿Vai actuar o señor Feijóo coa mesma contundencia coa que actúa diante de alcaldes deste país que non son da súa cor? ¿Vai actuar coa contundencia que actúa cando fala de Cataluña ou de Andalucía facendo de ariete do Partido Popular? ¿Ou vai ter a mesma actitude que tivo na visita do ministro de Fomento, señor Fernández Prado?

Agardamos que ademais de votar a favor actúen en consecuencia e exixan que en Madrid o Partido Popular non faga o que fixo na Comisión de Fomento hai ben poucos días, que é votar en contra disto. ¿Como funciona o Partido Popular? Porque se vostede fala das nosas guerras internas, entón vostedes, ¿que?, que votan aquí unha cousa e outra en Madrid; os deputados galegos do Partido Popular en Madrid votan unha cousa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e vostedes aquí outra. ¿E está falando de nós?

Eu creo que deben de estar o Grupo Popular e o señor Feijóo á altura das circunstancias, non estamos para comprar as motos que nos queren vender e queremos que simplemente se respecte o dereito democrático a que se tramite esa lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Iniciativa publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 16 do 11 de 2016.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. Para formular esta iniciativa ten a palabra o señor Luis Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

En primeiro lugar, na certeza de que non se me chamará á orde por parte da Presidencia. Dado que o meu compatriota, señor Castiñeira Broz, nunha moción relativa a desafiuza-mentos falou das licenzas de obra no concello de Lugo, tamén se me permitirá que faga un par de referencias a dous asuntos que me —digamos— supuxeron certo trastorno dentro da paz, case monacal, que media neste hemiciclo.

En primeiro lugar, quixera facer referencia a unha desafortunadísima afirmación neste Parlamento na que se fixo referencia á presidenta doutra comunidade autónoma deste Estado, falando de rexionalismo folclórico. É inaceptable, é absolutamente inaceptable esa falta de respecto cara a outro parlamento autonómico.

E, en segundo lugar, tamén me sinto molesto, aínda que non é unha referencia ao meu partido político, cando se comparou o grupo político En Marea cunha marca de cervexa, é unha falta de respecto inadmisíbel aos 14 deputados que hai neste Parlamento e aos miles de votantes que tiveron, ¡é inadmisíbel! (*Aplausos.*)

Dito isto, voume cinguir ao asunto que nos trae aquí e, na liña do que dicía o noso voceiro na sesión de investidura, imos facer —pese a que por parte do Partido Popular non se está

a seguir, precisamente, a declaración de intencións que fixo o señor presidente do Parlamento na solemne sesión de apertura, do consenso e do respecto entre forzas políticas—política propositiva, imos aportar ideas que melloren a vida de todos os galegos e de todas as galegas. E agradézolle, neste caso, sinceramente a presenza ao señor conselleiro de Educación.

A nosa proposición, evidentemente, versa sobre a recuperación dun programa, dun programa extraordinariamente importante, extraordinariamente relevante, que é o relativo á gratuidade de libros de texto nas etapas de ensino obrigatorio.

Señorías, como todos sabemos, as políticas públicas, o seu deseño, deben basearse sistematicamente en tres pezas fundamentais, tres pés, se queren, que son a eficiencia, a equidade e o control democrático nas políticas públicas. Sobre o control democrático, evidentemente, estamos neste momento no foro axeitado, estamos no Parlamento de Galicia e, polo tanto, está fóra de toda cuestión que este é o foro correcto para tratar disto.

E este non é un asunto que sexa cuestión de ideoloxía, porque se fora simplemente cuestión de ideoloxía poderíamos cinguirnos ao argumento político.

Tampouco me gustaría oír aquí, como xa oín en máis dunha ocasión, que xa houbo eleccións, que a xente xa falou, que xa temos o resultado que a xente quixo —o cal é certo—, pero ata onde eu sei nas eleccións do pasado mes de setembro non se someteu a votación se había libros de texto gratuítos nas etapas obrigatorias. Polo tanto, ese argumento de pouco ou de nada me vai servir. Polo tanto, o control democrático é fundamental en todas as políticas públicas.

Desde o punto de vista da eficiencia económica, é dicir, que gastemos os poucos cartos que temos sempre, porque sempre falamos de insuficiencia económica, e é certo que a hai no desenvolvemento das políticas, desde o punto de vista da eficiencia no gasto dicía que no curso 2008-2009 —durante o diabólico Goberno bipartito—, que foi no que máis se investiu en libros de texto gratuítos, o investimento, o gasto, como queiran chamarlle, foi de 22.130.000 euros, e nese momento todo o alumnado da comunidade autónoma tiña libros de texto gratuítos. Falo, evidentemente, das etapas obrigatorias.

Cando o Partido Popular chegou ao goberno considerou, xustificándose nunha situación de crise económica, que era necesario recortar ese gasto e, polo tanto, optou polo que naquel momento e agora se segue chamando Fondo solidario de libros de texto ou, mellor dito —perdón—, Programa de gratuidade solidaria. Porque iso si, vostedes adornan calquera política co adxectivo «solidario», o cal parece proporcionarlles unha patente de curso absoluta para dicir que esa é a mellor política que se pode facer.

Pois ben, ese programa magnífico de gratuidade solidaria supuxo que no curso 2013-2014 a cantidade destinada a el fose de 21.410.000 euros, é dicir, 900.000 euros menos que cando o programa era universal, cando era totalmente gratuíto, coa diferenza de que nese momento o programa supoñía que o 25 % —e falo de declaracións da propia Consellería de Educación— do alumnado tivese dereito a axudas, que en ningún caso cobren o importe total dos



libros de texto, como nos recordan con contumacia os medios de comunicación en cada mes de setembro, que é cando se inicia o curso.

E aí é cando vostedes din, pois isto non debe de estar moi ben pensado, porque se estamos gastando case o mesmo, 900.000 euros menos que gastabamos antes, e lle damos axudas non completas á cuarta parte, é que a política a temos mal deseñada. Entón reaparece o sistema de préstamo, iso si, baixo o epígrafe de Fondo solidario. De novo a solidariedade. É dicir, o que no ano 2009 non era pedagóxico, que era reutilizar os libros de texto, no ano 2015 volve selo.

Home, eu de correntes pedagóxicas algo teño lido, non por afección, senón por profesión, e en cinco ou seis anos tampouco se producen tantas evolucións como para dicir que o que antes non era, agora é. Podería facer algún chiste fácil con isto de que *lo que antes no, ahora sí*, pero este tampouco é o lugar axeitado.

Pero, claro, vostedes responderon ao que estaban vendo que era unha auténtica revolución social artellada polas asociacións de nais e pais de familias que se estaban organizando para prestarse libros entre eles, nun modelo máis propio de economías subdesenvolvidas que dunha Galicia moderna, que é o que nos venden permanentemente e, en todo caso, é no que queremos estar todos os que aquí estamos, diso estou seguro.

E unha vez reinventada a conveniencia pedagóxica de reutilizar libros de texto, resulta que as cifras seguen sendo preocupantemente próximas e permanentemente erradas, porque todos, absolutamente todos os cursos, todos —e está no DOG—, tiveron vostedes que ampliar a cantidade destinada a axudas ás familias, o cal quere dicir que calibran mal ou que a necesidade real é superior, desgraciadamente, á que vostedes consideran que é.

E, polo tanto, movémonos neste curso que iniciamos cun marco de dez millóns e medio de euros, que supoño que ao longo deste mes —vostede, señor conselleiro, saberao perfectamente— terá a correspondente ampliación, porque a verdade é que sería o primeiro ano que non é necesario ampliar este fondo.

E con respecto, por último, á equidade —porque se me vai acabar o tempo e o asunto é transcendente—, á equidade nas políticas públicas, é necesario dicir que desde que vostedes eliminaron o sistema de gratuidade universal, mediante a reutilización de libros de texto, levan destinados 108 millóns de euros a axudas directas ás familias, co cal 108 millóns de euros que, evidentemente, solucionaron parcialmente o problema dalgunhas persoas, é certo, pero que en ningún caso, en ningún caso, resolveron o problema da totalidade das persoas que teñen fillos e fillas en idade escolar.

Polo tanto, insisto, é unha cuestión de equidade, de control democrático e de eficiencia no gasto, e, polo tanto, o que pedimos á hora de presentar esta proposición non de lei é que esa eficiencia económica, que vostedes din que o seu goberno traslada permanentemente á comunidade autónoma, e que, polo tanto, existe —parece que todos os indicadores dos chivatos están xa en verde, e ao mellor quédanlles algúns en laranxa, o resto vai de marabilla—, que esa mellora económica se traslade a unha mellora social; polo tanto, cremos, franca-

mente, que cun mínimo esforzo se pode levar a cabo esta política que nos vai beneficiar a todos os galegos e as galegas, a todos aqueles que teñen fillos en idade escolar e a todos os que os van ter nalgún momento, e consolídala como un dereito da cidadanía galega e non como unha prebenda que se outorga vía axudas directas ás familias.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Ben, vaia por diante que apoiaremos a proposta do Partido Socialista, porque é o modelo —o sistema de préstamo e da gratuidade de libros— que defende o Bloque Nacionalista Galego, pero tamén, ademais, é a gran demanda das ANPA. Un modelo, ademais, xa digo, de préstamo e de gratuidade que, fronte ao modelo actual, se sitúa nunha especie a medio camiño e mal feito.

E direi por que —comentáballo, ademais, onte ao propio conselleiro na súa comparecencia na Comisión 3ª, de Orzamentos—, porque as axudas destinadas á adquisición de material e de libros de texto para as familias no proxecto de orzamentos para o ano 2017 se recorta en 5 millóns de euros e o Fondo solidario de libros está dotado con apenas 3 millóns, e nós entendemos que en ningún caso vén cubrir as necesidades das familias, que eu creo que a ningunha das persoas que estamos aquí lles hai que lembrar o custo que ten un libro de texto dunha persoa que estea, por exemplo, en 3ª ou en 4ª de Ensino Secundario Obrigatorio, que nalgúns casos alcanza, incluso, os 30 euros por libro.

Nós entendemos, ademais, que ese sistema de préstamo e de gratuidade se converte, dalgunha maneira, nun elemento pedagóxico máis dentro do propio ensino e que é beneficioso para o alumnado, porque o fai responsábel do coidado dese material que debe pasar á xeración que vén por detrás.

É un elemento pedagóxico extensíbel, tamén, a unha das proposicións que debateremos con posterioridade, como son os comedores escolares. Nós entendemos que este sistema de gratuidade de libros de texto non só axuda as familias garantindo que poidan ter un acceso en igualdade de condicións ao ensino obrigatorio, independentemente do nivel de renda e do poder adquisitivo que teñan as familias, senón porque converte o estudantado en persoas máis autónomas, en persoas máis responsábeis en idades temperás; é unha forma de medrar aprendendo día a día, máis alá da adquisición de coñecementos.

Neste sentido, entendemos que esa gratuidade e ese préstamo que foi instaurado nos anos dese monstro de sete cabezas, que era o Bipartito, debería de regresar, porque ademais xa se está camiñando, polo que vemos, na incorporación dese fondo solidario ou de préstamos de libros de texto, xa se está camiñando por parte do Goberno do Partido Popular neste sentido. Non sabemos se é que están recuando e recoñecendo que fora un erro telo suprimido, quizais na súa intervención quen asuma a portavocía do Partido Popular, neste sentido, nolo poida aclarar.

Xa digo que poden contar co noso apoio nesta proposición.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Bo día a todas e a todos.

Ben, En Marea vai apoiar tamén a proposta do Partido Socialista, non só porque sexa unha demanda importantísima de todas as asociacións de pais e nais de Galicia, senón tamén de toda a comunidade escolar.

Eu creo que hai unha palabra, unha palabra que onte escoitamos reiteradas veces do señor conselleiro de Educación, Cultura e Universidade, e que hoxe tamén escoitamos por parte do Partido Socialista, que é unha palabra fermosísima: a palabra equidade. A palabra equidade é fermosísima porque significa igualdade e porque significa xustiza. Que marabilla, que coincidencia, amamos a palabra e é algo que temos en común todas as persoas desta Cámara, o que pasa é que parece que non entendemos da mesma maneira o significado de equidade.

Onte o señor conselleiro tamén nos falou —e falando do respecto solicitado polos compañeiros e compañeiras deputadas— solicitando respecto, e eu creo que o respecto activo é moi necesario. Fixo alusión, non sabía moi ben nin como nos chamabamos, pero fixo alusión a unha expresión pola que nós —tamén na Comisión de Ensino e Cultura— sentimos curiosidade, porque vostede dixo que nós tiñamos tendencia a lanzar unha frase que era: ¡Viva Cartagena!

Eu preguntei en todo o meu grupo se alguén coñecía a frase ¡Viva Cartagena! E parece que é unha frase que soamente coñece vostede e que nos atribúe —bueno, coñeceraa máis xente, obviamente—. ¡Viva Cartagena! é unha frase que dixo un cantante de zarzuela no século XIX cando se trabucou porque lle saíu un galo, e en vez de recoñecer a súa mediocridade, o seu problema —todos temos dereito a lanzar galos e a trabucarnos—, dixo: ¡Viva Cartagena!, porque a función estaba desenvolvéndose no teatro circo de Cartagena. Entón, agradecemos moito ese dato, porque se non chega a dicilo vostede eu descoñecería absolutamente esta anécdota interesante, se non fose que tamén ten unha segunda lectura de que somos un pouco lanzados a dicir: ¡Viva Cartagena! Outras ou outros son lanzados a dicir: ¡Viva el vino! (*Aplausos.*) Entón, neste momento creo que sería máis axeitado dicir: ¡Viva o viño!, e se pode ser Vega Sicilia, mellor. (*Aplausos.*)

Ben, poderíamos seguir rindo, pero eu convidaría o señor conselleiro, xa que el nos deu tamén propostas de lectura, que lese *O paradoxo do comediante*, que é un convite ao diálogo e non ao monólogo, que parece que é o que máis se leva nesta Cámara. Entón, todo isto sería bastante interesante de pescudar e profundar se non fose que o tema que nos ocupa é un tema moi moi serio e non é para dar palmas.

Si quería dicir outra cousa, xa que vostede dixo —e onte non era día 28 de decembro— que ían espallar o galego por Nova Zelandia, Xapón e China, eu diría entón, facendo unha alusión a un conto chinés, que é unha sabiduría grande: «Se miro cara a mañá, semento millo, se miro un pouco máis lonxe, semento árbores, a ser posible autóctonas, pero, se miro máis lonxe, educo». Entón, nós temos unha sensibilidade extraordinaria, como non podía ser doutra maneira, por iso estamos aquí elixidas e elixidos, porque a xente confía en que nós podemos aportar tamén bastante, non só con cánticos despreciativos que están dicindo iso de mediocres.

Ben, grazas ao pacto social, que potenciou a emerxencia e o desenvolvemento dos servizos públicos, de cobertura universal, a escola pública foi territorio liberador que permitiu acceder á cultura e á formación.

O tema dos libros de texto ten que ver con iso que din vostedes sempre, que se pode facer máis con menos. Pois non, ese argumento, esgrimido pola consellería, para substituír os préstamos universais de libros no ensino público o que creou foi, realmente, non gratuidade solidaria, senón insolidariedade gratuíta. E isto é unha certeza en vista dos resultados.

Entón, como o tempo voa, polo que estou vendo, creo que aquí non se trata de falar de quen xestiona mellor, senón de quen é capaz de xestionar mellor os cartos públicos, senón da noción que nós entendemos, e que é o dereito á educación, e o dereito á educación pasa pola igualdade, pola xustiza, e cando menos esta política, que levou dende 2008 a este ano a reducir á metade a axuda dos libros de texto, ten resultado.

Obviamente, nós defendemos a solidariedade, defendemos o dereito, e este debate non nos resulta para nada banal, cremos que ten que ver co que se falou tamén esta mañá —por certo coa ausencia da metade do grupo parlamentario—, cousas tan importantes como a pobreza enerxética, como os desafiuzamentos, e isto que repercute ...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...tamén nos nenos e nenas que viven en franxas de pobreza e que están tendo moitos problemas as súas familias para adiantar os cartos dos libros, simplemente para adiantalos. Se non chegan a pagar os 300 euros de alugamento, ¿como poden adiantar os cartos?

Supón un 17 % de custo para as familias que están...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...—xa remato— vivindo esta situación dramática. Polo tanto, por iso apoiamos esta proposta e somos partidarias e partidarios, naturalmente, de que vostedes tamén se comprometan á igualdade real.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señor Álvarez, a verdade é que da súa intervención teño que dicirle que estou totalmente de acordo con vostede nunha análise que fixo inicialmente, cando di que as políticas públicas se sustentan fundamentalmente sobre eficiencia, sobre equidade e sobre control democrático. Evidentemente, estamos totalmente de acordo. Ademais, engadimos tamén conceptos importantes para nós como a solidariedade e a redistribución, que son, precisamente, os conceptos claves sobre os que pivota o sistema de libros de texto que temos en Galicia.

A verdade é que estamos a falar dun sistema que, precisamente, como dicía antes, ten uns criterios fundamentais, que son a solidariedade e a redistribución, e que se sustenta ou que pivota sobre tres accións principais: que son os cheques axuda, dunha banda, o Fondo solidario dos libros de texto, doutra banda, e despois todo o que ten que ver tamén co libro dixital, que é unha cuestión, pois, que está a partir dende o Proxecto Abalar, o propio proxecto de educación dixital. Son todos aspectos relacionados co modelo galego de libros de texto para este curso.

Entón, nese sentido, pois a verdade é que nós entendemos que é un sistema que prima a solidariedade e que prima a redistribución, e vou explicar porque. Vostedes deixaron claro na súa intervención que son partidarios dun modelo diferente ao que é partidario o Grupo Popular, vostedes son partidarios dun modelo do café para todos, e nós somos máis partidarios, pois, do modelo de axudar a quen máis o necesita. E, polo tanto, impleméntase un sistema que se fundamenta, principalmente, na axuda a quen máis o necesita, non no café para todos; diferenzas de modelo perfectamente lexítimas, pero que, dende logo, o Goberno do Partido Popular aposta por axudar a quen máis o necesita.

Nese sentido, hai que sinalar, tamén, que estamos a falar dun sistema que funciona ben, un sistema que ten testado, probado e valorado por diferentes organismos o seu funcionamento. Por exemplo, o Informe Pisa fala de Galicia como o sistema máis igualitario e máis equitativo da OCDE, e en referencia directa ao préstamo e ao modelo de libros de texto.

Ademais, fíxome graza que vostedes non fixeran referencia. Na exposición de motivos da súa proposición non de lei faise referencia a un estudo da *Defensora del Pueblo* de gratuidade de libros de texto do ano 2013, e case toda a exposición de motivos versa sobre ese estudo ou se fundamenta nese estudo. E hai que dicir, tamén, que a *Defensora del Pueblo*, no ano 2015, concretamente o 30 de maio de 2015, pon o modelo galego como exemplo para aplicar nas demais comunidades autónomas.

Curiosamente, non aparece nada nin no seu argumento nin despois na propia proposición non de lei sobre esta referencia ou comunicado que emite a *Defensora del Pueblo* para avalar e para dicir que o sistema galego debería de ser trasladable ao resto das comunidades autónomas. Pero é que ademais, e cando falaba inicialmente, tamén, do control democrático

coma un dos piares fundamentais sobre os que se sustentan as políticas públicas, vostede tamén facía un xiro dicindo que non quería escoitar nada que tivese que ver con que se celebraran unhas eleccións e nesas eleccións se someteron á opinión pública os diferentes modelos educativos. Pero, oia: o control democrático tamén se exerce a través dos procesos electorais; e un proceso electoral vén de lexitimar, precisamente, o modelo que se está a levar a cabo polo Goberno galego. Entón, nese sentido, entendemos que estamos a falar dun modelo igualitario e equitativo, un modelo que ademais está avalado por organismos como o *Defensor del Pueblo* e un modelo que, ademais, está avalado pola sociedade galega, polo tanto, entendemos que é un modelo que non ten por que ser modificado.

Ademais, hai unha cuestión que nós entendemos tamén importante —dicía antes—: nós non somos partidarios do *café para todos*, senón precisamente de axudar a quen máis o necesita, por iso estas axudas están vinculadas sempre a niveis de renda, é dicir, tanto o acceso ao fondo solidario de libros de texto como os cheques axuda, vincúlase, precisamente, aos niveis de renda de cada unha das familias: equidade e redistribución e, tamén, ¿por que non? solidariedade. Pero é que ademais, estamos a falar, tamén, dun sistema que, xa non só no que ten que ver cos cheques axuda, cos fondos solidario de libros de texto, valora ou se dirixe a aquelas persoas que menos recursos teñen, senón que tamén —como dicía antes— estamos a falar dun sistema que permite, precisamente, á comunidade educativa e, tamén, ás persoas de necesidades específicas, que son por exemplo persoas con discapacidade igual ou superior ao 65 %, ter preferencia na asignación de libros, neste caso independentemente do nivel de renda. Polo tanto, entendemos que é un nivel solidario, equitativo e redistributivo.

E xa para rematar —que vexo que se me acaba o tempo—, simplemente facer referencia un pouco ou traer a colación unha pequena cita do filósofo británico Bertrand Russell que dicía que o máis difícil de aprender na vida é saber que pontes hai que cruzar e que pontes hai que queimar.

Déixense xa dunha vez por todas de pretender queimar e de pretender destruír aquilo que funciona ben.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Gil, de provocar incendios sociais e de apagar forestais saben vostedes bastante, non fai falta citar a Bertrand Russell neste hemiciclo.

Mire, cando eu falaba de eficiencia e de equidade e de control democrático, falaba de fontes académicas; non son cousas que eu me inventase. Se vostede decide engadir aos estudosos das políticas públicas, solidariedade e redistribución como termos adicionais, fale con eles. A min, francamente de entrada e nunha análise moi superficial, estas dúas cousas, particu-

larmente a redistribución, encadraríaas en equidade, ao mellor é un subconcepto non un concepto *ex novo* ao fío da súa intervención.

Mire, o certo é que vostede non falou absolutamente nada de eficiencia económica e nós o que fixemos, cando puxemos o informe da *Defensora del Pueblo* do ano 2013, foi tratar simplemente de utilizar un organismo neutral no que fundamentar unha demanda que entendemos socialmente lexítima. Non falamos nin de pontes a medio arder, nin de pontes a medio construír. Falamos de políticas que están implementadas noutras comunidades autónomas e que están funcionando e que posiblemente algunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Popular, por mor dalgún que outro grupo que está neste momento no Parlamento autónomo e que necesita para gobernar, vai verse obrigado a poñer en funcionamento —e sabe vostede con perfección a que comunidade autónoma me estou a referir—

Polo tanto, que me veña vostede aquí dicir que o modelo galego é un exemplo, francamente cústame crer... Si, si, si, foi o que vostede dixo, dixo que nun informe da *Defensora del Pueblo* do ano 2015 poñía o modelo galego como exemplo do que se debería facer. Iso acaba de dicilo vostede. Mire, eu o que lle digo é que esa mesma institución no ano 2013, dicía que entendía que o carácter gratuito da ensinanza non se esgotaba co programa de gratuidade de libros de texto, é dicir, que ademais deberían de ser gratuítos outros materiais que os alumnos necesitan que, por certo, vostedes teñen unha orde publicada que integraron este curso na de fondo solidario, gratuidade solidaria e material escolar para os alumnos, supoño que porque aí fóra fai máis frío que aquí dentro. Non se trata de *café con leite para todos*, ese é un argumento banal, simple e reduccionista, extraordinariamente reduccionista porque non ten en conta o que lle dixen antes. E se queren votar que non, voten que non, están no seu dereito. Nós vimos aquí plantexar unha proposición non de lei para que o Goberno da Xunta recupere un programa, non porque fose socialista ou deixase de ser socialista, senón porque era socialmente o mellor que había, e economicamente non é ningún lastre adicional ao que se está investindo neste momento neses programas porque están dando... como lle dicía antes, intentaba facerlle ver... —a próxima vez procurarei ser máis didáctico— estaba facéndolle ver que investir practicamente o mesmo e dar servizo á cuarta parte dista moito do que calquera pode entender —incluso nun nivel de primeiro ou segundo de primaria— como un modelo eficiente. É dicir, se gasto case o mesmo e ao final vou para a casa coa cuarta parte é que non estou gastando ben. Simplemente é iso: eficiencia; eficiencia no que estea investindo e insisto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...valoren vostedes se, por un custo aproximado de 6 ou 7 millóns de euros, merece a pena ter a un 75 % das familias galegas fóra da cobertura que proporciona un sistema de gratuidade de libros de texto. Simplemente iso. E despois voten o que consideren pertinente, pero non torzan as cifras, porque as cifras lle son moi consistentes e as análises se realizan con bastante facilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e corenta e cinco, cinco menos cuarto.

*Suspéndese a sesión ás catorce e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Martínez Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*«Proponse unha nova redacción para os puntos 2 e 3 da parte resolutiva da iniciativa, que terán o seguinte contido:*

*2. Que se recupere o servizo de xestión directa dos comedores escolares naqueles centros que contan ou contaban con instalacións axeitadas e que foron transformados a xestión indirecta.*

*3. Que se constituía unha mesa integrada por todos os implicados no servizo de comedores escolares, na que se inclúa a Fegamp, e que permita deseñar os modelos de xestión que garantan o mellor servizo posible e coa maior amplitude de implantación na comunidade autónoma de Galicia.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde a todas e a todos.

Hai un libro, que é *O pan dos anos mozos*, onde un personaxe mete unha codia de pan no peto e gárdao. É un personaxe que pasou moita fame durante a guerra, e esa codia de pan lembra o que a moitas de nós, nas comidas, as nosas avoas nos dicían: que o pan hai que bicalo e nunca se pode tirar.

Ben, despois desta breve introdución, prácame abordar un tema que consideramos de vital importancia por varios motivos. O servizo de comedor debe ter, dende o noso punto de vista, unha cobertura suficiente baixo parámetros de calidade nutricional e sanitaria contrastadas. E ¿por que? Porque a saúde e o benestar dos nosos nenos e nenas, dos nosos mozos e mozas, teñen que ver non só co presente senón co futuro da poboación en idade escolar, porque es-



tamos condicionadas polo alimento que recibimos. Especialmente —e como apunta a Organización Mundial da Saúde— un centro educativo é un espazo significativo para a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos sobre saúde e nutrición, e pode ser, sobre todo, alicerce para a prevención de enfermidades.

Existen evidencias científicas que demostran que a desnutrición, sobre todo na primeira infancia, na etapa de 0 a 7 anos, pode ser duradeira e impedir un bo desenvolvemento de tipo condutual e cognitivo. ¿Por que? Porque está demostrado que, por exemplo, a ausencia ou a falta de ferro está asociada a cambios no comportamento. E non só no comportamento senón tamén nos retrasos psicomotóricos. Mentres que, por exemplo, a insuficiencia en iodo reduce o rendemento escolar e provoca fatiga, sen ter en conta moitas outras enfermidades que xera a malnutrición. Sabemos —e isto non é un conto, isto é un suceso, unha realidade— que moitos dos nosos nenos e nenas teñen moitas carencias. Debera fomentarse, polo tanto, non só como elemento de saúde e nutrición senón tamén de socialización e conciliación.

Nós aspiramos —e cremos que é lexítimo— á gratuidade universal destes servizos, que debe apoiarse nunha fonda revisión do réxime de fiscalización actual, evitando fórmulas de copago. Ben, o proceso de privatización do servizo de comedores escolares alentado polo Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, consagra unha visión utilitaria dos comedores, como un mero servizo complementario, que favorece, iso si, a conciliación familiar, persoal e laboral. Pero é un decreto que afonda nas enormes diferenzas entre os nenos e nenas de Galicia, toda vez que dá carta de natureza a unha multiplicidade de opcións na provisión de servizos que xeran un auténtico reino de taifas. Así, nos últimos anos vemos que conviven moitas fórmulas de comedores, desde algúns xestionados polas ANPA a comedores xestionados por diferentes administracións públicas. E en calquera dos casos coexisten, á súa vez, con dous, tres e ata catro modelos diferentes coxestionados directamente. E é importante onde se mercan os produtos e como chegan os produtos, así como é importante tamén a distancia e tamén o tema da proximidade.

¿Por que é variable? Isto non é casual. Hai varios modelos. Entón, citaremos algunhas modalidades de xestión. Temos unha modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral dependente da Consellería; e mediante a elaboración da comida centralizada en cociñas propias da Administración e consumida nas propias dependencias. Temos unha modalidade indirecta: contratación da subministración das comidas preparadas ou elaboradas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro, adxudicataria do servizo polo procedemento que corresponda. Existen tamén comedores xestionados polas ANPA, servizos xestionados directamente polas asociacións de pais e nais baixo algunhas das posibles modalidades e cofinanciadas pola Administración mediante ordes de axudas anuais en concorrencia competitiva. E tamén hai algúns xestionados por concellos.

Temos en Galicia 1.044 centros escolares. Por exemplo, directamente están xestionados 434; polo propio centro, 302; indirectamente, 132; por xestión das ANPA, 134; e por xestión de concellos, 42. Isto dá o mapa de por que dicimos que é un pouco un reino de taifas. Porque non está unificado, é moi variable o modelo e cambia moito dun centro a outro. Así, podemos

ter opinións moi favorables, como da ANPA de Ourense que xestiona nove centros e que acaba de recibir un premio da Axencia de Consumo, e que, como moito, ten unha subvención do 11 %.

Os rapaces pasan moitísimo tempo nos colexios, e cando están na clase teñen que ter bos hábitos, bos hábitos nutricionais, teñen que mastigar ben a comida, non podemos sometelos a un estrés por mor dos tempos, que teñan que comer en trinta minutos e a un ritmo acelerado, e que estes rapaces sufran ese estrés e teñan repercusións en hábitos que non son bos e fagan malas dixestións.

Asemade, hai que constatar que hai uns anos houbo un informe interesantísimo no que se facía un chamamento ás administracións públicas a dirixir as compras públicas cara ás pequenas explotacións e ás canles curtas de comercialización, reducindo o gasto enerxético e o impacto ambiental do transporte dos produtos e —e isto é moi importante— podendo xerar traballo no noso agro galego en produción de produtos naturais, de produtos de tempada, de produtos sans. Alertaba tamén contra os prexuízos causados por estas políticas de externalización de servizos, que o que agochan é claramente intereses non só de empresas grandes —ás veces afastadas en máis de mil quilómetros dos centros onde se fan estas comidas—, senón que sabemos que empresas que agora cambiaron de nome, como Serunión e outras oito, son grandes empresas que se benefician dun orzamento público. E isto, dende o noso punto de vista, é cuestión de sentido común cambialo, porque sabemos claramente que ao final non hai un aforro. Así como en libros se reduciu á metade o orzamento dende o 2008, en comedores escolares incrementouse nunha porcentaxe moi elevada. Pero o aforro real é nimio, e é máis caro contratar servizos de catering que ademais dá comida enlatada e dá comidas con poucos nutrientes, e ás veces rexenerada, metida en conxeladores e quentada a unhas temperaturas brutais. E os nenos padecen estas consecuencias.

Entón nós o que pretendemos —e por iso vimos aquí— é, diante desta situación que prexudica tan gravemente a alimentación dos estudantes e das estudantes de Galicia, presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno. Primeiro, instamos a Xunta a que defenda o dereito de todos os nenos e nenas de Galicia a ter unha alimentación de calidade, independentemente das escolas onde estuden. Segundo, a que se recupere o servizo de xestión directa por parte do centro. Terceiro, a que se faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país. Isto é coherente coa nosa maneira de entender o ensino como público e coa accesibilidade de todos e todas as nenas e nenos.

E podía dicir moito máis, pero creo que me quedan seis segundos e non os esgoto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa pasara o tempo.

Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista —como sabe o grupo propoñente da PNL— presentamos unha emenda de modificación, non porque non esteamos de acordo co fondo da PNL —que o estamos, evidentemente, porque ¿quen pode cuestionar o que vostedes piden no punto número un, unha alimentación de calidade?, ninguén con un mínimo de sentido común cuestiona iso—, pero si que, evidentemente, cuestionamos os puntos 2 e 3 da súa proposición non de lei e por iso facemos esta proposta de modificación. Porque a recuperación do servizo de xestión directa por parte da Consellería evidentemente debe ir vinculado a que previamente existise ese servizo de xestión directa. Se se recupera algo, é que existía antes. E, polo tanto, a nosa emenda, nese sentido, ía encamiñada a aqueles centros educativos nos que había xestión directa, é dicir, para entendernos, cociñas e comedor escolar, cociña con persoal de cociña para dar ese servizo de comedor aos alumnos —que hai centros nos que evidentemente había iso—, e nos que se pasou á xestión indirecta sen aplicar máis criterio ca un criterio meramente economicista que, polo tanto, non compartimos. Porque, evidentemente, vai vinculado á calidade da comida. Por iso nós plantexabamos que se recuperara en todos os centros nos que neste momento hai instalacións tanto de cociña como de comedor e que o único que falta é o persoal para que efectivamente realice as tarefas propias da preparación dos alimentos para o alumnado. Nese sentido ía a nosa emenda con respecto ao que vostedes plantexan no punto número 2; é dicir, naqueles centros nos que xa o hai, que se recupere.

En canto ao punto número 3 da súa proposición, déanse conta vostedes de que directamente piden a constitución dunha mesa e dan a conclusión desa mesa. É dicir, que se constitúa unha mesa para que se deseñe un modelo único de xestión de comedores escolares.

Mire, vostede citou na súa exposición un recoñecemento que se lle deu a unha asociación de nais e pais da provincia de Ourense pola súa xestión. E iso, evidentemente, quere dicir que ese é o camiño correcto, é dicir, concitar a colaboración necesaria e a complicidade —se vostede quere— de todos os estamentos implicados na xestión dos comedores escolares. E, cando dicimos tal cousa, falamos, evidentemente, da Consellería de Educación, ¡como non!, como primeira responsable e primeira implicada na prestación dun servizo que cada vez se torna menos complementario e máis forma parte do proceso educativo —como vostede moi ben acaba de dicir—. É dicir, estaba concibido como un servizo para darlles de comer aos nenos que non podía retornar ao mediodía ás súas casas. Iso hoxe en día está superado pola realidade social. Nese sentido concordamos con vostedes e imos estar sempre de acordo. Pero a cuestión é o modelo de xestión; é dicir, o modelo de xestión ten que concitar —porque a realidade dos centros educativos é extraordinariamente variada— a todas as administracións públicas que poidan estar concernidas nesa prestación. E dicíao antes: a Consellería de Educación, por suposto, pero é que tamén os concellos. Os concellos teñen que estar concernidos porque hai moitos centros educativos nos que neste momento non hai nin tan sequera capacidade desde o punto de vista do espazo físico para instalar un comedor escolar con cociña, que é o que vostedes no fondo plantexan como modelo único.

Bueno, se é posible, terán o noso apoio, pero evidentemente nós preferimos plantexar alternativas viables e realistas a curto prazo e non un desiderátum dun modelo ideal que se puidera ter á volta de non sei cantos anos e que, polo tanto, non é realizable a curto prazo.

Cando se concita a complicidade e a colaboración tanto da Administración local como das nais e dos pais de alumnos, nos casos que sexa mester, os modelos funcionan, e funcionan ben; e aos alumnos dáselles unha alimentación de calidade. Porque, efectivamente, o comedor escolar non é só un servizo de alimentación, é un servizo educativo moi relevante —iso é evidente e imos estar sempre de acordo—. E non porque sexa unha teoría de En Marea nin do Bloque nin do Partido Popular nin do Partido Socialista de Galicia, senón porque é unha realidade. Así estivo recoñecido desde o principio na implantación dos comedores escolares, e hai décadas, hai décadas desde esa normativa.

Pero, insisto, temos que buscar un modelo que sexa viable, que sexa realizable e que, polo tanto, lles dea resposta real ás necesidades que neste momento ten a xente. E nós entendemos desde o noso grupo parlamentario que ese modelo vai, como lles propoñiamos na emenda terceira, por buscar a colaboración. E por iso falabamos da Fegamp, é dicir da Federación Galega de Municipios e Provincias, para buscar esa colaboración, porque hai exemplos, ao longo e ancho de toda a comunidade autónoma, de colaboración cos concellos. É certo que en máis dunha ocasión con dificultades organizativas e mesmo legais para levar a cabo ese servizo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Pero cun marco normativo axeitado poderían dar perfectamente ese servizo dunha forma universal, de maneira que todos os alumnos da comunidade autónoma que o demandasen tivesen ese servizo de comedor escolar.

Máis nada, e moitas grazas pola súa paciencia, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Antes de máis, adiantar o noso apoio á proposición que presenta En Marea. Apoiamos esta proposta porque entendemos que a Xunta de Galiza debe asumir progresivamente a xestión dos comedores escolares; entre outras cuestións, porque as competencias en materia educativa corresponden ao Goberno galego e entendemos que todos os servizos que estean vinculados con carácter ou non complementar a esa educación deben ser asumidos directamente pola propia Consellería e pola propia Xunta de Galicia, rachando con esa convivencia, ou ese modelo de convivencia, entre distintos modelos de xestión: dunha banda —como xa se explicaba— por parte da Xunta de Galicia, doutra por parte dos concellos —estaba lembrando agora, tendo aquí o ex-alcalde de Manzaneda, que recuperaron a xestión precisamente do seu comedor escolar cando se furtou a súa escola desa praza de cociña— e outros que están directamente xestionados polas ANPA.

Dicíalles xa pola mañá, e avanzaba neste punto, que nós consideramos que os comedores escolares son un elemento pedagóxico máis, ademais dun servizo indispensábel para a conciliación. Eu, neste caso, sempre conto a miña experiencia persoal de cando estudaba no colexio da Ribeira de Piquín, o CEIP Aníbal Otero, hoxe, coma tantas outras escolas do noso país, pechado radicalmente. Pero daquela o alumnado de 5º e 6º de primaria o que faciamos era servir a comida ao resto do alumnado. Poñiamos e recolliamos as mesas. Era unha maneira de asumir responsabilidades —xa llelo dicía pola mañá— de xeito autónomo, de facer madurar tamén as persoas en idades temperás, e contribuía sen dúbida ningunha á nosa aprendizaxe, facéndonos asumir responsabilidades colectivas, non só a respecto da nosa propia persoa senón das nosas compañeiras e compañeiros, sobre todo aquelas que estudaban educación infantil. En troques diso, o que temos hoxe son servizos, en moitas ocasións, en mans de cáterings cun escaso valor nutricional, cuxos menús foron obxecto de grandes e fortes críticas por parte das ANPA. Logo, sorprendentemente, o que atopamos son campañas do Ministerio de Agricultura —que a min sempre me fixeron moita graza— para promover o consumo de froita fresca nos comedores escolares. A min lembrábanme aquelas campañas, en comarcas leiteiras como a miña, cando se promovía o consumo de leite. Eran unhas bolsiñas —non sei se vostedes as viron algunha vez— de leite en po que tiñan cero valor nutricional, sobre todo cando tes vacas nas casas. No mellor dos casos aquelas bolsiñas remataban no caldeiro dos porcos. (*Murmurios.*)

Pero fóra desa pequena anécdota, o que temos son comedores escolares que, se son asumidos pola xestión directa da Xunta de Galicia, poden converterse... (*Murmurios.*) Non sei se vostedes non viviron esa experiencia do leite en po, pero eu teño 27 anos e daquela aínda o repartían. Temos a posibilidade —dicía—, se asumimos os comedores escolares por parte da Xunta de Galiza, a posibilidade de garantirmos unha boa alimentación; ademais en situacións económicas como aquelas nas que nos atopamos hoxe, onde as crianzas moitas veces non poden cubrir as súas necesidades alimentarias coas comidas que se ofrecen directamente nas familias. Podemos aproveitar, precisamente, eses comedores para garantir que polo menos unha das comidas teña toda a calidade alimentaria que se necesita, aproveitando tamén a riqueza agrogandeira e hortofrutícola do noso país.

Nese sentido a nós gustaríanos —aínda que entendemos que ese tamén será outro debate— que se promovesse desde o Goberno galego, desde a Administración pública, a compra de produtos locais e ecolóxicos procedentes, ademais, das producións do noso propio país; e non só nos comedores escolares, senón en todos os servizos de comedor que contan hoxe cunha concesión pública, pero xa digo que este será obxecto doutro debate.

Pola nosa banda, apoiaremos a iniciativa porque nos parece, ademais, que é unha das grandes demandas que teñen as ANPA a día de hoxe.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que estaba escoitando agora con atención o que dicía cada un dos grupos e, ás veces, pódese xerar a sensación cara ao exterior como se desde o Goberno se pensase en que podía ser interesante manter hordas de nenos desnutridos ou algo polo estilo. Eu creo que vostedes deben ter presente ante todo que, sexa cal sexa o modelo de xestión dun comedor escolar —repito, sexa cal sexa o modelo—, evidentemente, teñen que cumprir coa guía de menús saudables elaborada por Sanidade. Nesa guía, evidentemente, establécense as condicións nutricionais, establécense as condicións organolépticas, de gramaxe e de calidade que teñen que ter estes menús, independentemente do modelo de xestión. E, por certo, En Marea, de xestión indirecta de comedores escolares saben bastante, non hai máis que observar o Concello de Santiago para ver como se sabe dende En Marea de xestión de comedores escolares, de xestión, por certo, indirecta. É aquilo de *consejos doy que para mi no tengo*. Pois esa é un pouco a lóxica que queren aplicar vostedes nesta Cámara.

Continuando un pouco cunha contextualización da situación, en Galicia existen máis de seiscientos comedores en centros públicos. É un servizo que inicialmente se foi establecendo para, precisamente, loitar co que sería a dispersión poboacional no rural —porque en moitos casos se facía complexo trasladar os alumnos, nun tempo razoable para que puidesen xantar, dende os centros escolares ata a súa casa—. Pero, como ben sinalaron ao longo das súas intervencións, co paso do tempo foise convertendo tamén nas propias cidades nunha medida moi positiva para posibilitar a conciliación da vida laboral e familiar. Nese sentido, a día de hoxe son sobre 434 comedores escolares, dos cales dous terzos son de xestión directa, con persoal propio da Xunta de Galicia, e un terzo de xestión indirecta. Dentro deste modelo existen comedores xestionados polas ANPA e comedores xestionados polos concellos. Concretamente hai 42 comedores escolares xestionados por concellos. Vou poñer exemplos de concellos que xestionan comedores escolares. Por exemplo, Santiago de Compostela, gobernado por En Marea; por exemplo Ferrol, gobernado por En Marea. En ambos casos son de xestión indirecta os comedores xestionados polos concellos, o cal resulta, cando menos, curioso que se traía unha iniciativa deste calibre por este grupo a esta Cámara, cando nos concellos nos que gobernan precisamente aplican o modelo de xestión indirecta. E, por certo, antes, na intervención da señora Cuña, houbo unha expresión que me chamou poderosamente a atención, porque se falaba de que tras a xestión indirecta se podían agochar intereses de determinadas empresas. Nós, dende o Grupo Popular interpretamos que nos concellos nos que goberna En Marea a xestión indirecta non será por favorecer intereses dalgunhas empresas. Nós, a verdade, é que o mesmo que entendemos que cando a Xunta de Galicia opta pola xestión indirecta non está respondendo aos intereses de ningunha empresa privada, o mesmo beneficio da dúbida lle concedemos a En Marea —a pesar de que resople o señor Sánchez— cando xestionan os comedores escolares dende concellos nos que goberna En Marea.

Como dicía antes, estamos a falar dun modelo que, dun xeito ou doutro, non é exclusivamente de creación actual. O modelo de xestión indirecta estaba xa presente no decreto de comedores de 2007, e téñense xestionado comedores de xeito indirecto dende hai moito

tempo ata hoxe. Evidentemente, nós non temos por que entender que ese modelo de xestión vaia en detrimento da calidade do servizo. A verdade é que ese paralelismo que se establece en moitas ocasións entre xestión indirecta e unha falta de calidade do servizo choca frontalmente coa realidade, porque en moitísimas ocasións unha xestión indirecta non implica ese menoscabo da calidade.

En definitiva, temos un modelo de comedores máis xusto e máis equitativo. Hai que lembrar, precisamente, que dentro do modelo de comedores escolares da Xunta de Galicia a meirande parte dos usuarios non teñen que pagar. E, sen embargo, despois, por criterios de progresividade, en función da renda familiar, vanse articulando diferentes prezos para poder acceder a ese servizo. Por certo, volvo aos comedores de Santiago de Compostela, os máis caros de Galicia, xestionados por En Marea neste caso. Entón, resulta cando menos curioso que se traia a esta Cámara, como dicía antes, unha iniciativa deste tipo por este grupo.

En definitiva, nós entendemos que o modelo permite a viabilidade dos comedores escolares en Galicia. Ademais, hai un dato que hai que poñer enriba da mesa, porque dalgún xeito na proposición fálase de volver a un modelo anterior, ou volver ao ano 2009 —menciónase concretamente na exposición de motivos da moción—. E hai que sinalar que neste lapso de tempo pasamos de 58.000 prazas de comedor no ano 2009 a máis de 72.000 prazas no ano 2016. Vostedes ¿que queren?, ¿reducir o número de prazas de comedor escolar volvendo ao modelo anterior? Se iso é o que pretenden, díganos abertamente, non hai ningún problema. Pero, dende logo, antes de dicir nada nesta Cámara, nós cremos que, xa que teñen a capacidade de gobernar en moitas administracións, apliquen precisamente o que lles queren impoñer aquí aos demais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei.

Señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Mágoa ter só tres minutos para dar resposta a unha cuestión tan intensa e tan importante.

Primeiro, quero dicirlle ao señor deputado do Partido Socialista que nós cremos que a Xunta de Galicia debe asumir os modelos de comedores escolares e por iso non aceptamos a súa emenda, e que é realista adoptar a posibilidade de novas instalacións. Hai prazos, hai prazos curtos e hai prazos medios.

Agradezo a adhesión á proposta por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

E para dar resposta ao señor deputado do Partido Popular, obviamente, En Marea goberna en Santiago de Compostela. Ocupa nove comedores escolares e dá cobertura a 150.000 xantares. Si é certo que se tardou en resolver o procedemento de licitación, un procedemento de licitación

precisamente porque tiñan que poñer de acordo o departamento de Educación, de Contratación e de Intervención. (*Murmurios.*) Naturalmente, poden rir. Ben, tardaron un pouco. Pero é curioso que, efectivamente, nós o que queremos quedou ben claro: que os setenta e pico mil alumnos galegos non teñan discriminación nin polo lugar no que viven nin polo colexio onde estudan.

Con respecto aos intereses, ao mellor expliqueime un pouco mal. Realmente sabemos todas que hai intereses transnacionais e que hai oito grandes compañías que se están beneficiando dos cartos públicos e que están dando un servizo de cátering pésimo. E, se non, compróbeno. Pero hai datos que así o demostran.

Entón, con respecto á compra pública, somos partidarias de que a compra pública sexa de proximidade e ecolóxica, naturalmente que si. Entón cremos que o compromiso que se pode adquirir é beneficioso para toda a comunidade educativa. É unha demanda importantísima

E con respecto aos datos, temos os mesmos datos, a fonte seguro que é común: a COU, que é a Secretaría Xeral da Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios, máis as ANPA.

Efectivamente, para o ano 2016-2017, 72.631 alumnos foron beneficiarios ou utilizaron os comedores públicos; 12.112 usarían os comedores empregados polas ANPA. ¿De que falamos? Non se trata de demonizar o traballo que, por outra banda, é do Grupo de En Marea en Santiago, que parece que é un exemplo de corrupción. A ver, mírense o embigo, por favor, mírense o embigo... (*Murmurios.*) E unha demora de seis meses na tramitación, pois é unha demora de seis meses asumida. É máis...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...¿que se fixo? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, silencio.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Publicáronse os pregos na web, mellorouse a oferta económica, asesoráronse cunha catedrática nutricionista de Vigo, cousa que sería necesario avaliar os resultados dos comedores e, realmente, buscar indicadores e ver como está a situación real do noso país; iso poden facelo perfectamente. E limitaron a distancia a un máximo de 180 quilómetros, cousa que non sucede en cáterings que vostedes si fan.

Buscaron novas medidas de produción e promoción...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...cambiaron as vaixelas de plástico a vaixelas de vidro, que pode parecer unha parvada pero non o é, duplicaron as becas de axudas ao comedor... E vostedes saben, porque negociaron co Concello de Santiago...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña. Grazas.



**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben... Nada. Grazas a vostede. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao desenvolvemento dunha «Estratexia de Infraestrutura Verde» no ano 2017, que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade, proporcionar servizos ecosistémicos e incrementar a resiliencia dos ecosistemas, co seguinte contido:*

- 1. Inventario de espazos e datos actualizados de especies animais e vexetais.*
- 2. Actuacións necesarias para mellorar o seu funcionamento e identificación dos axentes involucrados.*
- 3. Catálogo de solucións construtivas e acondicionamentos, subvencións e medidas fiscais que fomenten o emprego de cubertas, muros e corredores verdes e medidas compensatorias por perda de solo natural.*
- 4. Deseño da participación cidadán.*
- 5. Campaña de difusión entre a poboación de Galicia.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Luis Bará Torres, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición:*

*«Proponse engadir tres novos puntos:*

*-A ampliar a rede galega de espazos naturais protexidos ao longo da presente lexislatura co obxectivo de achegarse á media estatal en canto a porcentaxe de superficie protexida.*

*-A recuperar para uso social e ambiental os espazos de dominio público marítimo terrestre do litoral –especialmente marismas e humidais-, seguindo as determinacións do Plan de actuación Plan de Ordenación do Litoral*

*-A incluír os espazos urbanos e periurbanos como parte central da Estratexia de Infraestrutura Verde. >>)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda de substitución á proposición non de lei.*

*Emenda de substitución:*

*Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:*

*<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mudar a súa política forestal, superando o modelo actual de monocultivo de especies invasoras de crecemento rápido, impedindo o incremento das hectáreas actualmente ocupadas por este tipo de cultivos, ademais de ampliar de forma substancial o número de espazos naturais baixo algunha figura de protección medioambiental.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

A Comisión Europea está a desenvolver unha estratexia para unha infraestrutura verde europea, como reflicte a comunicación titulada Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa, definida como un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sostible destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas.

Para isto, a Unión Europea reforzará a integración de aspectos relacionados coa infraestrutura verde en varios programas de financiamento, como son os fondos de cohesión, estruturais, os programas PAC ou LIFE.

En España a Lei 33/2015, de setembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, introduce no seu capítulo III a creación da Estratexia estatal de infraestrutura verde de forma conxunta pola Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, que ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade destes ecosistemas, mitigando a adaptación aos efectos do cambio climático.

As comunidades autónomas deberán desenvolver as directrices desta estratexia estatal nun prazo máximo de tres anos desde a aprobación estatal. Ademais dos evidentes beneficios

ambientais e da repercusión na mellora da saúde e do benestar social, a experiencia europea demostra que as solucións de infraestrutura verde son rendibles e contribúen ao desenvolvemento económico, fomentando enfoques innovadores e creando novos negocios ecolóxicos, que xa representan máis do 5 % do mercado laboral en Europa.

O Magrama ten encomendado ao CSIC a elaboración da Estratexia estatal de infraestrutura verde, conectividade e restauración ecolóxica, que segundo o compromiso adquirido deberá estar finalizada para setembro de 2018.

Tras a elaboración dun borrador inicial, o equipo de investigadores iniciou un proceso de participación no que están convidados profesionais do ámbito científico, empresarial e da administración pública. A Xunta de Galicia ten previsto participar neste proceso para que se consideren os seus obxectivos ambientais dende o inicio do deseño desta estratexia e poder desenvolver a estratexia autonómica de xeito paralelo e sinérxico coa estatal.

As especiais características do territorio galego fan que este proporcione unha gran diversidade e potencialidade dos servizos ecosistémicos. Bastan algúns datos para recoñecer estas potencialidades: 1.400.000 hectáreas de superficie arborada, 48 % do territorio; case 50.000 quilómetros de ríos; os 1.498 quilómetros de costa; 72 tipos de hábitats diferentes, é a terceira comunidade autónoma con maior número de hábitats. É unha densidade de hábitats que dobra a media española, 17,4 % fronte ao 8,2 % da media española, ao que hai que engadir certas características como son a existencia dunha actividade agrícola tradicional ou unha estreita relación entre as zonas urbanas e rurais.

Todo isto fai, se cabe, máis necesaria a conservación, a potenciación e o aproveitamento de todos estes valores, polos seus beneficios ambientais e sociais, pero tamén pola capacidade de xerar actividade económica e emprego.

O desenvolvemento da Estratexia de infraestrutura verde de Galicia por parte da Xunta permitirá non só adiantarse ao futuro requirimento europeo e nacional, senón, sobre todo, reforzar a estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante a definición dunha rede de zonas naturais e seminaturais. En definitiva, trátase da creación dunha rede interconectada de espazos verdes e outros elementos ambientais que conserven as funcións dos ecosistemas naturais.

Dentro do compromiso do Partido Popular co medio ambiente, o territorio e a paisaxe, propónse instar o Goberno a redactar a I Estratexia de infraestrutura verde de Galicia, cuxo fin é a creación dunha rede estratexicamente planificada de espazos naturais e seminaturais e outros elementos, deseñando e xestionando para facer unha ampla gama de servizos ecosistémicos.

A multifuncionalidade desta estratexia é unha das súas principais características e un atributo que lle permite atender múltiples necesidades de forma simultánea, o que a converterá nun instrumento de carácter transversal que poderá apoiar o desenvolvemento e numerosas políticas territoriais e sectoriais: agricultura, enerxía, cambio climático, biodiversidade, urbanismo, paisaxe, mobilidade, espazos públicos, etc.

Dentro desta estratexia pioneira na comunidade, sería obxecto dunha ordenación integral do seu territorio dende un punto de vista ambiental, na que se definirían catro grandes grupos de accións: uns servizos de hábitat, a través desta rede de espazos naturais; uns servizos de abastecemento, a través da xestión de servizos como auga e depuración, ou incluso a produción alimentaria e seguridade, a base de materias primas das zonas agrícolas e hortos; un terceiro grupo de servizos de regulación para unha maior resiliencia fronte ao cambio climático, promoción da sostibilidade ou redución do consumo de enerxía: e, en cuarto lugar, uns servizos culturais a través do fomento de servizos de recreo, benestar e saúde, vencellados ao aire limpo, ecoturismo, á posta en valor de elementos patrimoniais, como o Camiño, ou outros patrimónios da humanidade.

A definición destes espazos medioambientais estratéxicos servirá de base para a concreción de actuacións como corredores ecolóxicos, melloras de concas fluviais, prácticas agroecolóxicas en zonas agrícolas, hortos urbanos, proxectos de mellora paisaxística, mellora na xestión da auga, creación de bosques en ámbitos degradados, planificación de zonas de inundación, espazos verdes urbanos eficientes no uso dos recursos, con funcións ecolóxicas, entre outros.

Ademais dos evidentes beneficios ambientais e paisaxísticos, e a súa repercusión na mellora da saúde e o benestar social, a experiencia europea, e así o manifestou a Comisión Europea, demostrou que as solucións de infraestrutura verde son rendibles e contribúen ao desenvolvemento económico e social das sociedades, fomentando enfoques innovadores e creando novos negocios ecolóxicos, sendo as empresas pequenas as principais impulsoras da ecoinnovación e moi importantes no desenvolvemento rural de zonas como Galicia.

Na Comisión de orzamentos da semana pasada xa vimos que para o ano 2017 esta estratexia conta cun orzamento de 250.000 euros para a posta en marcha e para o inicio dun proxecto piloto de zonas da Mariña e A Coruña. Non son os cartos da estratexia, para que quede claro, son para o deseño desta estratexia e será este documento o que defina os necesarios orzamentos futuros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno: O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao desenvolvemento dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade, proporcionar servizos ecosistémicos e incrementar a resiliencia dos ecosistemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte dos grupos que presentaron emendas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Luis Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde.

Hoxe é un día triste, un día negro para este Parlamento, porque se acaba de consumir unha nova aldraxe, unha burla ao Parlamento galego e ao noso país coa posición defendida polo

Partido Popular no Parlamento do Estado, vetando a tramitación da Lei sobre a AP-9 aprobada por este Parlamento. (*Aplausos.*)

Eu non sei se a vostedes —que supoño que serán do mesmo partido que goberna en Madrid, e que acaba de tomar este acordo en Madrid, son do mesmo partido vostedes, o señor Feijóo, o señor Rajoy— lles importa ou non defender aquí xustamente a postura contraria que acaba de adoptar o Partido Popular en Madrid. A min paréceme moi grave. Non sei se, polo menos, teñen algún problema de conciencia, porque, desde logo, eu teríao.

Ben, falemos da infraestrutura verde, que é o que toca neste punto, e a nós parécenos, para empezar, unha iniciativa redundante. Supoñemos, non sei, crin entender, polo que dixo o señor Fernández Prado, pareceume entender que xa se estaba desenvolvendo; por outro lado, hai unha iniciativa da Unión Europea que promove as estratexias verdes, de infraestrutura verde; hai tamén unha lei estatal do ano 2015, que tamén promove este tipo de estratexias, que marca uns prazos. Aínda que teñamos que esperar á aprobación da estratexia estatal —por certo, ía haber un documento a finais deste ano que non se sabe nin se ve por onde pode estar— pois eu creo que xa se poderían ter empezado a aplicar os criterios desta infraestrutura, desta estratexia e de moitas infraestruturas que se están construíndo no país, e non as vemos por ningún lado.

E, por outro lado, vostedes aducen un criterio un tanto mercantilista, dicindo que se temos esta estratexia nos beneficiaríamos de subvencións de fondos europeos, de fondos estruturais, de fondos de cohesión ou do programa LIFE, en cambio non a teñen aínda desenvolvida.

Preocúpanos, sobre todo, a concepción reduccionista que reflicte a súa iniciativa, que agora intentou corrixila un pouco na súa intervención, pero no documento que presentaron, desde logo, parécenos unha concepción reduccionista das estratexias verdes, porque se reduce a estratexia verde ao ámbito natural, ao ámbito da natureza; teñen unha concepción reduccionista do medio ambiente. Talvez o medio ambiente máis importante para as persoas sexa o medio ambiente urbano, o medio ambiente onde se desenvolve a vida..., a nosa vida, a vida de moita xente, incluso da xente que vive en espazos rurais. Polo tanto, debería ser un obxectivo prioritario das políticas ambientais, precisamente, o medio ambiente urbano, e a vostedes parece que non lles preocupa moito, polo menos nesta iniciativa.

Tamén queremos constatar, e denunciar, a utilización fraudulenta e propagandística que se fai moitas veces —e eu creo que está presente nesta proposta— do verde e do sustentábel. A todo o mundo se lle enche a boca falando do verde e do sustentábel, por iso parece que xa branquean —xa verdean ou xa branquean— políticas que poden ser tremendamente agresivas... Non sei se o señor Tellado pode... Non digo que me preste atención, porque non aspiro a tanto, pero polo menos que me deixe falar.

Ben, políticas que creo que branquean actuacións que son tremendamente agresivas co medio. Por exemplo, as infraestruturas, pero, sobre todo, as políticas económicas dominantes: as urbanísticas, as de transporte, as enerxéticas ou a política forestal, que vén estar outra vez de actualidade.

Eu creo que aquí hai unha... Paréceme unha falta de respecto. Vostedes presumen moito de..., pero eu creo que é molesto ter que estar escoitándoo a vostede...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, siga falando...

**O señor BARÁ TORRES:** ...cando estamos falando. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, siga falando que non hai ningunha interrupción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

**O señor BARÁ TORRES:** Dicía...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Sigamos o debate.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que vostedes utilizan a dobre moral e o dobre discurso defendendo estratexias verdes cando permiten a situación das nosas rías e dos nosos ríos, cando permiten agresións aos montes.

A maior agresión ao medio ambiente nos últimos anos no noso país foi, precisamente, a transformación e a destrución da paisaxe forestal, favorecendo intereses privados, nomeadamente no caso de Ence, e agora agravada coa Lei de acompañamento, que vai promover o monocultivo de eucalipto e tamén os cultivos enerxéticos para esas plantas de biomasa que van legalizar vostedes. Tamén a destrución do litoral, legalizando agresións como a permanencia de Ence-Elnosa en terreos de dominio público marítimo-terrestre da ría de Pontevedra. Todo iso fano vostedes compatible con esta estratexia verde. Ou agresións, por exemplo, da construción de infraestruturas, de grandes infraestruturas, de vías de alta capacidade, que non contemplan precisamente as medidas que promove a estratexia verde, algo tan sinxelo como os acuedutos, por exemplo.

Polo tanto, pensamos que esta proposta ten moitas carencias, e nese sentido van unha serie de propostas de engádega que fai o Grupo Parlamentario do BNG, en primeiro lugar referidas aos espazos naturais, porque eu creo que é evidente a escaseza de superficie protexida polas distintas figuras de protección dos espazos naturais que hai en Galiza. No caso da Rede Natura andamos no 12 %, estamos á cola do Estado nesta materia.

Tamén falamos da recuperación de espazos de dominio público marítimo-terrestre...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...principalmente de marismas e humidais, e facemos unha referencia, queremos facer unha referencia expresa aquí ao caso de Lourizán e dos terreos regalados a Ence e Elnosa por un goberno en funcións e tamén incluír os espazos urbanos e periurbanos como parte central da estratexia verde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Patricia Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Hai un tempo un compañeiro do PSdeG, un deputado recoñecido nesta Cámara, acuñaba un termo; ese termo é o de iniciativas «campanario», iniciativas sen contido que serven de loa ao Goberno de turno; pois isto é unha iniciativa campanario. É a proba dunha iniciativa «campanario» que só serviu para que o seu propoñente subise aquí e lese un documento e que o resto dos deputados do Partido Popular practicamente non estivesen nin escoitando o que estaba a dicir.

Dito isto, é verdade que no ano 2013 a Comisión Europea comunicaba ao Parlamento Europeo un documento que se chama «Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa», para utilizar como ferramenta e abordar as ameazas á biodiversidade e integrala con outras políticas, outras directivas da Unión Europea, de auga, aves e hábitats. E, como consecuencia, no ano 2015 o Estado español reformou a súa lexislación. Polo visto, estase a elaborar unha estratexia estatal sobre a infraestrutura verde, aínda que non se sabe nada sobre este documento, e as comunidades autónomas, como ben dicía o voceiro do Partido Popular, teñen tres anos dende a súa entrada en vigor para elaborar a súa.

En Galicia levamos algo de atraso —por dicir algo— na elaboración dunha estratexia global sobre a infraestrutura verde, e o que non estaría mal se non fose porque levamos oito anos de goberno, nos que o Goberno non se preocupou pola biodiversidade en ningún momento. E vou poñer dous exemplos: os exemplos do que se fai ben e os exemplos do que se fai mal.

O que se fai ben e o que se debe facer é o exemplo de Vitoria-Gasteiz, que ten un cinto verde dunhas 700 hectáreas, que gañou o premio Capital Verde Europea no ano 2012. En Vitoria-Gasteiz cada habitante ten 45 metros cadrados de zona verde. Toda a poboación vive a menos de 300 metros dun espazo verde, aberto. E houbo dúas zonas de humidais que estaban degradadas que foron recuperadas para a poboación e que agora mesmo están protexidas internacionalmente e foron recoñecidas, precisamente, por ese esforzo non só dos gobernos de Vitoria-Gasteiz senón tamén da propia poboación. Estas tres cousas non foron ideas peregrinas, non foron iniciativas «campanario» en Vitoria-Gasteiz, senón que foron consecuencia dunha decisión política que apostou por unha infraestrutura verde dende hai máis de trinta anos, cun plan rigoroso de ordenación do territorio e un compromiso a longo prazo.

Iso é o que se debe facer, cando un o quere facer. E agora vén o exemplo do que non se debe facer, que é o que ocorre nesta comunidade autónoma e o que ocorreu na pasada lexislatura neste Parlamento.

O día 4 de novembro de 2015, na Comisión de Medio Ambiente, debatíamos unha proposición non de lei na que o meu grupo parlamentario lle solicitaba ao Goberno que exixise do Go-

berno de Madrid a modificación do Código técnico da edificación para introducir unha parte que iría nesta infraestrutura verde, o que se chaman os «tellados verdes», como medida para loitar contra o cambio climático. Pois ben, o Partido Popular votaba en contra —incluída por un deputado que está nesta Cámara— a comparativa dos «tellados verdes» cos xardíns colgantes de Babilonia, porque, polo visto, no século VI antes de Cristo tamén tiñan a necesidade de loitar contra o cambio climático. E, polo tanto, votaron en contra polo mesmo que vostede trae hoxe esta iniciativa aquí, porque viven vostedes desas iniciativas e esas ideas «campanario», como dicía o noso compañeiro Francisco Caamaño nesta Cámara na anterior lexislatura.

Se cremos realmente na estratexia da infraestrutura verde como forma de protexer a biodiversidade, tamén en Galicia poderíamos planificar o territorio de maneira coherente, que, por certo, boa falta nos fai. Pero para iso é necesario concretar un tempo e é necesario concretar un contido, non facer un copia-pega de palabras que veñen na lei do ano 2015, que modifica a de 2007, e que copia literalmente o artigo e a comunicación da Comisión Europea.

O ano 2017 o que nós lles propoñemos para esta infraestrutura verde, e cun contido moi concreto, é que se faga un inventario de espazos e datos actualizados de especies animais e vexetais —non sabemos nin sequera cantos lobos hai na nosa comunidade, porque vostedes aínda non teñen os datos que lles deu o Magrama—; que haxa actuacións necesarias para mellorar o seu funcionamento e se identifiquen os axentes involucrados; que haxa un catálogo de solucións construtivas e acondicionamento, subvencións, medidas fiscais... que fomenten o emprego de cubertas, muros verdes, corredores verdes, como está a suceder en París agora mesmo, e medidas compensatorias por perda de solo natural; que se deseñe a participación cidadá, que neste caso é fundamental, para que non se volva falar deses xardíns colgantes de Babilonia, e que se faga unha campaña de difusión entre a poboación de Galicia.

E agardamos que sexa aceptada, porque consideramos que mellora a súa proposta, polo menos na necesidade de, efectivamente, ter en conta a diversidade de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, Marcos Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Rexistramos unha emenda como emenda de substitución; a nosa intención era que fora unha emenda de engádega; polo tanto, solicitámoslles que a teñan en conta como emenda de engádega e non de substitución. Polo tanto, sería unha emenda de engádega, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mudar a súa política forestal superando o modelo actual de monocultivo de especies invasoras de crecemento rápido, impedindo o incremento das hectáreas actualmente ocupadas por ese tipo de cultivos, ademais de ampliar



de forma substancial o número de espazos naturais baixo unha figura de protección medioambiental».

Se de verdade están preocupados na protección, no punto que xa que estamos, deberíamos falar xa da recuperación de espazos naturais e a biodiversidade. Dende o Grupo Parlamentario En Marea pensamos que serán favorables a aceptar esta emenda, xa que son medidas concretas e non un brinde ao sol sen solucións definidas.

Parécenos moi ben desenvolver unha estratexia de infraestrutura verde en Galicia, pero, se queren ter credibilidade, debe ir acompañada de propostas concretas, que xa sabemos agora, sen necesidade de darlle moitas voltas, que son necesarias para acadar o fin que pretende a súa proposta.

O Grupo En Marea non vai votar afirmativamente esta iniciativa se non vai acompañada de solucións concretas, aínda que apoiamos esta emenda que fai a Unión Europea a todas as políticas depredadoras do medio ambiente e destrutoras da biodiversidade en favor da empresa multinacional Ence que fai o Goberno da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa que nos trae hoxe o Grupo Popular non é por unha renovada conciencia ecolóxica de amor á terra do Grupo Popular, vén dunha transposición das directivas da Unión Europea. Esta directiva da Unión Europea supón unha emenda á totalidade das políticas que vén aplicando a Xunta de Galicia nos últimos anos, unhas políticas que supoñen un atentado á biodiversidade e unha desprotección absoluta dos espazos naturais e dos valores ambientais.

É dunha hipocrisía absoluta traer aquí esta PNL á vez que as políticas da Xunta de Galicia fomentan que se sigan aumentando as hectáreas de especies invasoras de crecemento rápido, principalmente eucalipto, co fin de abastecer as novas plantas de biomasa que Ence vai construír dentro do «pacto ambiental».

Xa en marzo de 2010 o Consello de Ministros da Unión Europea fixou un novo obxectivo para a protección da biodiversidade no 2020, poñendo o foco na fragmentación dos hábitats naturais e instando a que se fagan infraestruturas verdes de conexión que permitan manter a biodiversidade nos espazos naturais.

A Directiva europea de hábitats exíxenos, por exemplo, garantir a conexión entre os espazos de Rede Natura 2000, protexer e rexenerar os ecosistemas naturais valiosos e non permitir as especies invasoras. Isto choca frontalmente coa política de monocultivo de eucalipto do Goberno da Xunta de Galicia. O que está a acontecer en Galicia só ten un nome: destrución da paisaxe, da biodiversidade e do patrimonio cultural, para dar paso a un deserto verde de eucaliptos.

O último inventario forestal do que temos conta mostra a desolación da nosa biodiversidade, cifrando nun 11,2 a masa forestal autóctona, e as políticas dos últimos anos nesta materia teñen empeorado esta situación, por acción nuns casos e por omisión noutros, polo que lle queremos dar os parabéns ao Goberno da Xunta de Galicia por acadar o seu obxectivo de dar

de comer a Ence con madeira a baixo custo e que os galegos e as galegas precisen coller un coche para poder ver un bosque de verdade na estrita franxa autóctona das Fragas do Eume, nos Ancares ou no Invernadoiro.

Agora tamén vemos como na Lei de medidas fiscais e administrativas este goberno elimina as limitacións da potencia para as grandes plantas de xeración eléctrica por biomasa, ás cales só lles valen as plantacións de eucalipto, de rápida rotación, polo que entendemos que esa alarmante porcentaxe de masa forestal autóctona aínda lle parece excesiva ao Goberno da Xunta e que pretende completar un novo reto: que a cidadanía galega teñamos que ir a Asturias, ao parque de Muniellos, para ver un carballo.

Algo nos terán que explicar, porque nós non vemos como pode ser compatible esta iniciativa que nos traen coa política de destrución da biodiversidade que ten o Goberno, ao eliminar calquera límite ás especies invasoras, coa única intención de alimentar as plantas xeradoras de electricidade con biomasa a baixo custo, que é o que nos pide protexer a Directiva de hábitats e a Lei 33/2015, do patrimonio natural e da biodiversidade.

E non quixera rematar sen destacar a bipolaridade coa que se comporta o Grupo Popular, que tacha de fantásticos os orzamentos presentados o venres pola conselleira cando inclúe unha proposta na Lei de acompañamento dos orzamentos que afonda aínda máis neste problema, dando barra libre á plantación de eucaliptos nos poucos lugares que aínda lles quedan, e hoxe trae esta proposta para protexer a biodiversidade e os espazos naturais. Aclárense: ou biodiversidade e espazos naturais ou barra libre ao eucalipto. Aclárense: ou defenden os beneficios dos accionistas de Ence ou protexen o medio ambiente e os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor deputado.

Ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Martín Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, presidente.

Intentarei respostar a pesar de que aproveitaron a proposición para falar do que lles petou en moitos dos casos, saíndo do que é unha estratexia verde. Pero, por falar do que propuxo o señor Bará, que xa lle digo que a pesar de que algunha das cousas tocan moi de lado o que é a estratexia verde, estamos a favor de aceptar a emenda proposta polo Bloque Nacionalista, porque entendemos que engade algúns temas e puntualiza outros e que pode ser clarificadora.

Pero, como vostede ben dicía, non é que sexa reduccionista, porque creo que na explicación comentei claramente que inclúe o ámbito urbano e especialmente as zonas de transformación de cidade ou incluso de contacto entre ambas as dúas zonas. Polo tanto, non cremos que sexa reduccionista; tampouco redundante, como dicía.

Está claro que existe unha estratexia europea, que se está redactando a estratexia española, pero o ten que facer cada comunidade autónoma é adaptar e particularizar esa estratexia ás

características da súa comunidade autónoma. E niso é no que propoñemos que traballemos conxuntamente os tres grupos.

Falaba de ampliar a Rede Galega de Espazos Naturais. Non é ese o obxectivo dunha estratexia de infraestrutura verde, pero, como ben adiantou a conselleira o outro día, na Comisión de Orzamentos, hai partida orzamentaria para estudar esa ampliación, e, unha vez aprobado o plan director de Rede Natura 2000, o novo, está previsto durante este ano facer o estudo para ampliación desa Rede Natura, polo que, como é redundante coas propostas da Consellería, pois entendemos que o que está aquí non é un dos obxectivos desa infraestrutura verde, pero está incorporado por parte da propia Consellería.

Falaba tamén de recuperar para usos sociais e ambientais os espazos de dominio público do litoral. Estamos de acordo con iso, pero teñamos coidado e en conta, para que non haxa dúbidas, que existen concesións e que hai que respectar os contratos das concesións. Fóra diso é obxectivo da estratexia incorporar estes espazos litorais; e igualmente incluír, como pedía no terceiro punto, os espazos urbanos e periurbanos como parte central desta estratexia.

Polo tanto, xa lle digo que aceptaremos esta emenda. O que si nos gustaría é que servise para que repensaran e volveran plantexarse aceptar a oferta que fixo o outro día a conselleira sobre ese pacto ambiental, porque esta infraestrutura verde pode ser parte dese pacto ambiental que ofreceu o outro día a conselleira para esta lexislatura.

Esta era unha emenda de adición. O PSdeG presenta unha emenda de modificación cuns temas que son os que debe desenvolver a estratexia. Falaban de cubertas verdes, falaban doutros elementos do contido. Iso é o que ten que desenvolver a estratexia. E aí emprazámoslos a traballar e colaborar no desenvolvemento desta estratexia, e que poidan estar algunhas destas cousas. Estamos a favor desa participación cidadá e das campañas de difusión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Remato xa, presidente.

Pero as propostas concretas que vostedes apuntan deben ser avaliadas polo documento para cada unha das zonas de Galicia.

E a de En Marea, de substitución, eu creo que non é posible admitila porque está falando dunha política forestal, que se realiza a través dos correspondentes instrumentos de ordenación e xestión forestal, non a través dunha estratexia verde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor deputado.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Esta iniciativa foi publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 24 de novembro do 2016, e presentouse unha emenda por parte de Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado a aprobación dunha normativa de carácter estatal destinada a regular a protección das persoas denunciante de infraccións ou delitos. A dita lei deberá conter o establecemento de canles dentro das organizacións públicas e privadas que permitan a presentación de denuncias con garantía de confidencialidade».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Juan Manuel Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Na intervención do noso voceiro durante o debate de investidura sinalábase que, como as paixóns humanas están distribuídas aleatoriamente, que diría Malthus, temos que crear os marcos e instituír os incentivos que transformen os vicios privados en virtudes públicas. «Vostede» —dirixíase ao señor Feijóo— «esqueceu a exemplaridade pública durante dúas horas de discurso. Desapareceron os problemas de corrupción, parece que non polo que vemos cada día» —e, polo que vemos estes días, tamén—. «Converta» —continuaba o noso portavoz dicindo— «a transparencia nun principio eficaz de comportamento, cunha lei de acceso á transparencia de inspiración máis nórdica, creando un rexistro de intereses de lobbys, grupos de interese, ou creando a oficina antifraude, ou protexendo os denunciante internos para atallar a corrupción. As políticas de transparencia, prevención e loita contra a corrupción e a fraude, a exemplaridade pública e, en definitiva, de mellora decidida da calidade democrática do noso sistema son e serán unha liña estratéxica das nosas iniciativas durante esta décima lexislatura».

Durante a V Conferencia da ONU contra a corrupción, celebrada en Panamá en novembro do 2013, a corrupción foi dimensionada non só como un problema que afecta os países en des-

envolvemento, senón como unha preocupación global, un dos maiores desafíos aos que se enfronta a comunidade internacional, un perigo común que require dos gobernos medidas máis axeitadas e eficaces para ser erradicado.

Na investigación elaborada polos expertos internacionais Franz Chevarría e Martha Silvestre cualifican e ven a corrupción como unha ameaza ao desenvolvemento económico e social, ao limitar o investimento e os recursos dispoñibles para as políticas públicas, distorsionando a asignación de fondos e as prioridades. Ademais, socava de maneira importante a confianza cidadá nas institucións democráticas e contribúe, como estamos vendo nestes tempos, á inestabilidade tamén política.

Segundo o propio Foro Económico Mundial, o custo da corrupción equivale ao 5 % do PIB global e incrementa os custos de facer negocios un 10 %. Pola súa parte, o Banco Mundial estima que o diñeiro pagado en subornos polas empresas privadas ao sector público, tanto en países ricos coma en países en desenvolvemento, supón 1 billón de dólares ao ano.

A loita contra a corrupción tense convertido tamén nunha das prioridades da Unión Europea. Como alertaba a comisaria de Interior da Unión Europea en 2013, Cecilia Malmström, preto de 120.000 millóns de euros pérdense cada ano por culpa da corrupción nos vinte e sete Estados membros da Unión Europea, o que equivale ao total do orzamento da Unión.

Os europeos son, ademais, plenamente conscientes, e 3 de cada 4 consideran a corrupción como un gran problema para o seu país; e case a metade percibe que a corrupción se incrementou durante os últimos tres anos.

Hai que destacar que o pasado 10 de outubro deste ano 2016 se fixo público o informe de conformidade sobre España, aprobado na 72ª sesión plenaria, do 1 de xuño de 2016, do Grupo de Estados Contra a Corrupción (Greco), do Consello de Europa. O Informe Greco supón un severo correctivo á inacción das autoridades españolas, co goberno do Partido Popular á fronte, ao concluír que o noso país non ten observado de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións contidas no seu informe de avaliación do cuarto ciclo de 2014.

Sen paliativos, Greco cualifica como globalmente insatisfactorio o grao de cumprimento das súas recomendacións anteriores. Os gobernos do Partido Popular teñen buscado crear a aparencia de impulsar un ambicioso paquete de iniciativas dirixidas a loitar contra a corrupción, pero tanto a realidade sociopolítica do noso país como as conclusións, neste caso, do Informe Greco 2016, desmenten dunha forma incontestable esta fallida pretensión, non atendéndose así ás exixencias preconizadas polo propio Consello de Europa.

Ao igual que noutras rexións do mundo, hoxe en día asistimos a un crecente recoñecemento desde os gobernos, tanto de América como da Unión Europea, de que a loita contra a corrupción no pode estar centrada só no papel dos servidores públicos, senón que require a corresponsabilidade entre todos os actores da sociedade. E, neste sentido, a denuncia de actos de corrupción e a protección de denunciante son dúas ferramentas clave na promoción da rendición de contas goberamental e privada.

Para que os cidadáns exerzan o seu dereito, precísase, evidentemente, un cambio cultural nas organizacións, e que os denunciante sintan que a súa confidencialidade e protección fronte a posibles represalias e accións discriminatorias están garantidas. E aquí poderíamos facer unha pequena consideración sobre a importancia do sistema educativo e da educación en valores e en cidadanía para tamén contribuír a este cambio cultural.

Evidentemente, España non é allea a esta problemática ética, social e económica, pero tam-pouco, por suposto, Galicia. O noso país, por desgraza, ten sobrados e recentes exemplos de prácticas flagrantes de corrupción e fraude, con implicación tanto de axentes públicos coma privados. Sería longo relacionar a serie de casos que estamos a contemplar practicamente todos os días nos medios de comunicación ou nos xulgados. Nos últimos barómetros do CIS, tanto o de outubro coma o de novembro deste ano 2016, a corrupción e a fraude son, tras o paro, o segundo maior problema actual que existe en España.

No dereito dos Estados Unidos e doutros países anglosaxóns advírtese desde xa hai unhas décadas a tendencia a fomentar a conduta daqueles suxeitos dispostos a revelar a comisión de actuacións ilícitas no seo da empresa para a que traballan, ou, no caso dos empregados públicos, da Administración. Esta figura xa existe en países que si teñen protección ao denunciante, como Canadá, Estados Unidos, Bélxica ou Francia. Noruega, Holanda ou Reino Unido son onde precisamente o desenvolvemento destas medidas é máis que salientable. Alemaña, Suíza ou Eslovenia están a punto de as aprobar.

As diferentes organizacións independentes que están a promover con progresiva intensidade este mecanismo de loita contra a corrupción e a fraude son partidarias de crear normativas específicas que proporcionen protección eficaz para quen filtre información de interese xeral, como xesto da súa conciencia cidadá e, a miúdo, asumindo riscos persoais.

O propio Sindicato de Técnicos de Facenda, Gestha, no noso país está a propugnar esta lexislación de protección para avanzar de forma moi concreta na loita contra a fraude fiscal. Esta lexislación debe establecer un mecanismo de protección para todos os denunciante, independentemente do tema ao que se refiran as súas revelacións.

A denuncia das prácticas corruptas é unha obriga cidadá, é unha obriga de todos. Non obstante, os custos persoais, sociais e laborais que poden asumir as persoas denunciante fan que a dita actitude constitúa realmente un esforzo desmedido de valentía ligado ás posibles represalias e, por tanto, un esforzo moitas veces autenticamente heroico. Este feito desincentiva un dos controis primarios que a Administración debe incentivar, o dos propios empregados públicos ou privados que son coñecedores de prácticas reprochables.

Estamos, ademais, ante un recurso que, de seguro, ten que contribuír a tratar de recuperar o control social sobre as grandes organizacións, que se van facendo co dominio da comunidade global. Por iso as organizacións promotoras consideran preciso que este novo marco normativo que hai que impulsar recolla unha serie de garantías absolutamente imprescindibles, como teñen que ser as de liberdade de expresión, a confidencialidade, a protección da identidade e a garantía de continuidade na carreira profesional, e a tranquilidade psicolóxica, persoal e familiar, por suposto.

Por todo o que veño de expoñer, e co obxecto de que Galicia non quede atrás senón de que se poña incluso de forma decidida na vangarda da loita contra a corrupción e a fraude, o noso grupo parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei para que «o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a articular os instrumentos e modificacións lexislativas pertinentes que doten a Galicia dun verdadeiro sistema integral de protección ao denunciante de prácticas corruptas, ilícitas e fraudulentas, tanto no eido público coma no privado, coas necesarias garantías» —como apuntei— «de confidencialidade, protección da identidade e tranquilidade laboral e persoal».

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Pedro Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Ben, o primeiro que quero dicir é que compartimos a iniciativa, compartimos o sentido da súa proposta na loita contra a corrupción e, polo tanto, a favor da súa prevención, co que, desde logo, nós sempre estaremos. E como vostede sabe, nós aprobamos un paquete de medidas novidosas —moitas veces co apoio do seu grupo, algunhas delas coa abstención— ao final da pasada lexislatura, que regularon o financiamento dos partidos, unha lei de transparencia, unha lei de participación cidadá, unha lei de asesoría xurídica e unha lei de prevención da corrupción que reformou a Lei do Consello de Contas. Unha lei, a do Consello de Contas, que, como vostede sabe —porque, ademais, ten emendando o regulamento que en desenvolvemento da propia lei elaborou o Consello de Contas—, prevé precisamente un procedemento como o que vostede indicou: que poderá iniciarse de oficio, a raíz desa denuncia, por parte do Consello unha investigación contable.

Porque é certo que unha das eivas que ten España, en relación con outros países que teñen avanzando máis ca nós en prevención da corrupción —e que algunhas organizacións como Transparencia Internacional teñen sinalado—, é na protección das persoas que denuncian casos de irregularidades ou de corrupción. E, polo tanto, nós entendemos que isto é algo importante, algo no que cómpre avanzar, e, como acabo de dicir, xa o Consello de Contas vai conter un mecanismo de denuncia. E, evidentemente, por iso consideramos que é bo que falemos sobre esta iniciativa e, se é posible, chegar a un acordo.

En segundo lugar, hai que lembrar que xa establece a Lei de axuizamento criminal —o artigo 262— que os funcionarios ou cargos públicos teñen a obriga de denunciar calquera delito, e denuncialo inmediatamente ao Ministerio Fiscal; e que mesmo todos os cidadáns teñen a obriga de poñer unha denuncia cando saiban ou coñezan a comisión de calquera delito. Pero tamén sabemos que no réxime xeral de denuncias de delitos, a propia Lei orgánica de protección de testemuñas e peritos en causas criminais establece que hai un difícil equilibrio entre o que é a protección e o anonimato das persoas que denuncian e o dereito de defensa daquelas persoas que se ven denunciadas.

Ben, isto é posible conxugalo. É certo que a denuncia e o anonimato non teñen un carácter en absoluto ilimitado, pero si é certo que non debemos confundir o que é o anonimato co

que é o que cremos que debe existir neste caso, que é a garantía de confidencialidade para que as familias e as propias persoas denunciante non se vexan sometidas a un acoso indeseado.

O certo é que en Galicia, ademais da Lei do Consello de Contas, tamén no ámbito da Administración fixemos cousas. O protocolo para a prevención, detección, actuación e resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia prevé explicitamente que se protexerá a calquera empregado público que sufra acoso en relación cos casos nos que os empregados públicos denunciaren ou sexan testemuñas nun procedemento relacionado con calquera delito, trato de favor ou irregularidade no desenvolvemento do traballo e, como consecuencia diso, se sufra acoso laboral ou outra discriminación no traballo das que o propio protocolo contempla.

Por tanto, eu creo que podemos intentar avanzar máis nesta liña, podemos intentar avanzar máis na liña do que se chama a doutrina, o tocar o silbato, o *whistleblowing*. Ademais é o que está previsto na propia Lei do Consello de Contas, con respecto á Administración xeral, a través dos plans de prevención da corrupción, que deben de incluír algún mecanismo de aviso e de protección aos que avisan da existencia de prácticas corruptas ou alleas ao que debe ser o comportamento propio da Administración. E entendemos, en todo caso —e de aí o sentido da nosa emenda—, que o que é o sistema xeral para o conxunto da vida privada e comercial e das empresas debe de ter un trato máis amplo nunha lei estatal. Unha lei estatal que tamén cremos que, evidentemente, vai ser aprobada, unha vez que todos os partidos —incluído o noso— levaban dito compromiso no seu programa electoral.

Polo tanto, á espera de poder transaccionar coa emenda e co texto orixinario un texto final, estamos —insisto— á espera dese posible acordo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Luís Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Trátase dunha proposición para a protección das persoas denunciante de prácticas corruptas. Estamos de acordo no fondo da proposta, aínda que hai algunhas cuestións na argumentación que nos sementan algunhas inquiredanzas. Por exemplo, no que fai referencia á V Conferencia da ONU contra a corrupción, celebrada en Panamá en novembro de 2013. Creo que puideron escoller outro lugar para esta reunión, precisamente reunión da ONU contra a corrupción. Tamén preocupación global contra a corrupción.

Tamén nos sementa algunha inquiredanza que se utilicen no argumentario autoridades mundiais como o Foro Económico Mundial ou o Banco Mundial, que son, precisamente, responsables de moitas políticas económicas que desde o BNG xulgamos que son profundamente inxustas e corruptas. Ou que se faga referencia ao dereito dos Estados Unidos, que tampouco nos parece moi exemplar. Non sei se é que eu vexo moitas series de televisión, sobre todo



*House of cards*, pero non me parece tampouco que sexa moi exemplar Estados Unidos nesta materia.

Ao mellor, o que teríamos é que poñernos de acordo na idea de corrupción, porque hai corrupción legal e corrupción ilegal; corrupción en B e corrupción en A; corrupción en negro e corrupción branqueada, corrupción ilegal, corrupción moral... E a min gustárame —aproveitando a intervención neste asunto— facer, precisamente, de denunciante de prácticas corruptas, ilícitas e fraudulentas, porque hai moitos tipos de corrupción e moitas prácticas ilícitas e fraudulentas.

Eu quixera denunciar aquí, por exemplo, as políticas económicas de gobernos que actúan ao servizo de intereses do capitalismo depredador, que condenan a millóns de persoas á pobreza, á exclusión ou á morte, ao sufrimento, e que espolian dereitos e bens públicos. Tamén denunciar decisións que se toman por gobernos en funcións, nas redes de sumidoiros do Estado, para beneficiar intereses privados —por exemplo, ENCE—. Ou denunciar as portas xiratorias que levan dos gobernos a consellos de administración de empresas eléctricas, por exemplo; que tamén me parecen prácticas corruptas, prácticas ilícitas e prácticas fraudulentas. Ou a corrupción dos paraísos fiscais, a corrupción da evasión e do *dumping* fiscal que practican algunhas empresas de gran renome; ou tamén a corrupción dos *lobbys* e do gran capital, que condiciona as políticas públicas; ou a corrupción da mentira, do engano e da falsidade. Polo tanto, hai moito que avanzar en materia de corrupción, posiblemente poñéndonos de acordo, en primeiro lugar, co que é a corrupción e as distintas facetas e modalidades que adopta; tamén algunhas legalizadas e branqueadas.

En todo caso, parécenos que é unha iniciativa positiva e ben intencionada, polo tanto, o BNG vaina apoiar.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas. Boas tardes.

En relación coa protección que se pretenda dispensar ás persoas denunciante de casos de corrupción, entendemos que, a pesar das dificultades que puidera haber desde o ámbito da nosa autonomía por limitacións que establece o artigo 149.1.6º da Constitución a nivel penal e procesual, onde se reserva a competencia ao Estado e á Oficina de Asistencia ás Víctimas, onde se reserva polo 149.1.5º, para En Marea iso non é ningún tipo de problema, na medida en que nós pulamos por unha lexislación procesual gobernada desde Galicia en todos aqueles asuntos que interesen ao conxunto da cidadanía de Galicia. Polo tanto, iso non sería para nós óbice legal para demandar esta intervención á Xunta de Galicia.

Pero é que, ademais, quen quere busca argumentos e que non quere busca escusas, e na loita contra a corrupción nós buscamos argumentos. E cabe instar, desde este Parlamento de Ga-

licia, a Xunta e o Goberno do Estado para que faga un complemento do Estatuto da vítima e do Estatuto da testemuña protexida, o propio Estatuto da persoa denunciante. Abondaría, para aplicar o mesmo estatuto, simplemente que a persoa que nun momento determinado denuncia a partir dese momento ofrezca o seu testemuño para poder ter unha protección análoga á que aquí se demanda. Polo tanto, nós apoiaremos esta proposta.

Ademais, a comunidade autónoma ten no noso país competencia directa para determinadas medidas. En primeiro lugar, medidas de sensibilización social en relación coa corrupción. E, polo tanto, poderíanse facer campañas públicas onde se establecese un rexeitamento social a determinadas prácticas que rozan os hábitos corruptos. Poderíamos pensar nunha que imposibilitase recibir botellas de viño de alto valor económico a quen tivese un trato previo coa Administración pública. Podería ser unha campaña de sensibilización; ocórrenos hoxe.

Tamén se podería educar en valores na escola, para facer que este tipo de prácticas fosen rexeitadas dende a máis tenra infancia, para que non se vise como unha posibilidade tamén de aplicar no ámbito educativo desde os nenos ou nenas que, como consecuencia de ter aprobado un exame, puidesen levar gominolas ou larpeiradas aos mestres ou ás mestras. Sería unha boa forma de disuadir, desde a primeira infancia, do que non debe de ser unha práctica que pode abocar á corrupción.

A Sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, que establece as competencias da Administración de Xustiza, permite tamén á comunidade autónoma crear unha oficina de atención especializada para as persoas denunciante por corrupción. Polo tanto, nós tamén apoiariamos nese contexto unha actuación encamiñada neste sentido. E unha vez —reiteramos— creadas as condicións para sensibilizar, para denunciar; unha vez que esa persoa denuncia e ten coñecemento de ciencia —que é tecnicamente diferente do exercicio da querela como declaración de vontade— podería ser tratado tamén co mesmo Estatuto de testemuña protexida. Insisto, quen quere, busca argumentos, e quen non quere, busca escusas.

Tamén se poderían poñer medidas especiais para a loita contra a corrupción como, por exemplo, bolsas especializadas de peritos xudiciais en materias relacionadas coa corrupción, tanto no ámbito da contratación administrativa como no ámbito da delincuencia económica vinculada tamén á corrupción. Algo que satura os xulgados de instrución e aos que non poden atender moitas veces en prazo. Quen quere, encontra argumentos, quen non quere, encontra escusas.

Pero, seguramente, aquí haberá unha maioría que non queira facer isto, porque buscar medidas que fomenten o descubrimento da corrupción é levar ao seu propio descubrimento. Ademais, investigar é unha actividade para saber, e como algúns aquí de corrupción xa o saben todo, non necesitan investigar nada.

Corrupción —e con isto vou rematando— é facer trampas cos bens públicos, cos servizos públicos, co que é de todos. Corrupción é facer trampas. A corrupción é a mentira, a corrupción é a hipocrísia. E a corrupción da palabra política, a corrupción da palabra política dada, é comprometerse co traspaso da AP-9 en Galicia e o mesmo día vetar a súa tramitación en Madrid; iso é corromper o compromiso cun país. A palabra de Feijóo non vale nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para rematar este debate, ten a palabra o autor da proposición non de lei, Juan Manuel Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas de novo, señor presidente.

Brevemente. Antes de nada, grazas aos tres grupos parlamentarios intervintes polas aportacións, porque creo —non exclusivamente— que estamos nunha destas materias que tocan o tuétano da sociedade democrática e que, polo tanto, deben ser obxecto do máximo compromiso por parte de todos os axentes, xa non só públicos, senón tamén privados, para poder camiñar nunha sociedade sa en adiante. Por iso nese sentido si que quería agradecer as intervencións.

Como falaba o voceiro de En Marea, temos un ámbito competencial, temos unha serie de posibilidades de desenvolvemento normativo, ou de desenvolvemento de actividades de fomento, que nos poden permitir avanzar nese sentido, e desde ese punto de vista si que creo que podemos facer moito máis do que cremos que podemos facer.

Eu sinto, señor Bará, que a reunión da ONU neste caso fora en Panamá; non sei se sería premonitorio ou non, pero non a podo cambiar. Se citei precisamente o Foro Económico Mundial, o Banco Mundial, etc., era precisamente tamén por citar institucións que forman parte do *establishment* actual, que si lles interesa tamén que a corrupción non campe como está campando, porque se non, precisamente, todo o sistema, o propio sistema económico, ten un serio problema valorable economicamente, como dicía. Por iso de forma explícita citei tanto o Foro de Davos como o Banco Mundial.

Si que é certo que hai que poñerse de acordo no termo corrupción, no termo fraude, etc. Precisamente son todas estas as cuestións que eu formulei para poder chegar a un acordo parlamentario e que por parte da Xunta de Galicia —polo que se refire ao texto da proposición non de lei— se avance nestas definicións e nestes mecanismos.

Señor Puy, tamén agradezo a súa intervención, porque creo que este —como dicía inicialmente— é un ámbito no que temos que traballar irremediabilmente todos xuntos. Eu tamén volvo insistir no de todos xuntos, desde o máis baixo do ámbito de coñecemento inicial como é o propio sistema educativo, e creo que aí hai que insistir dunha forma importante, pero iso non quere dicir que poidamos avanzar con instrumentos legais ou instrumentos de fomento.

Nese sentido, eu quería manifestar, respecto da proposta de transacción, que creo que é perfectamente posible chegar a un acordo no sentido seguinte. É dicir, nós o que estamos é instando o Parlamento de Galicia para que inste a Xunta de Galicia a articular un sistema de instrumentos e un sistema legislativo dentro do ámbito competencial que goza a comunidade autónoma. Pero é importante incidir tanto no ámbito do público como do no ámbito do privado. E no ámbito do privado tamén podemos incidir —se non temos ámbito competencial suficiente, mentres non o teñamos e outros non reclamemos máis cotas de autogoberno— en que si temos posibilidades de acción de fomento de sensibilización no ámbito privado.

E, por suposto, si que creo que todos deberíamos aceptar nesa transacción a emenda de adición que estaría presentando, para instar á súa vez o Goberno do Estado a que no ámbito penal, procesual, laboral, no seu ámbito competencial, desenvolva estas iniciativas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine diferentes servizos de interese para eles**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A iniciativa foi publicada por vía de urxencia no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 29 de novembro

A esta iniciativa presentouse unha emenda por parte do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños; outra emenda por iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, firmada por don José Manuel Pérez Seco; e unha emenda máis, do Grupo Parlamentario de En Marea, firmada por don Francisco Casal Vidal.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Cristina Isabel Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos, señoras deputadas, señores deputados.

O turismo é un sector crucial en Galicia consolidado como un dos sectores máis activos e con maior capacidade de desenvolvemento na economía galega, con capacidade de incidir noutros sectores económicos, de xerar intanxibles, de xerar imaxe e de conformar unha percepción concreta do destino de Galicia. Un sector, polo tanto, estratéxico que está tendo un peso renovado e reforzado no produto interior bruto e no emprego, representando máis do 11 % do PIB e o 12 % do emprego. E isto grazas ás boas cifras de visitantes que ademais este ano van camiño de ser históricas.

Compráceme poder afirmar que un sector tan determinante da nosa economía está a vivir un momento único. Con máis dun millón trescentos mil viaxeiros internacionais, Galicia superou nestes dez meses do ano o obxectivo marcado no Plan integral de turismo de Galicia para o ano 2016: rexistramos un máximo histórico nos niveis de demanda turística, cun total de 4.510.191 viaxeiros aloxados en 9.237.819 pernoctacións.

Cómpre destacar o incremento experimentado polo turismo nacional, que, no que vai de ano, acadou as cifras máis elevadas dos últimos seis anos, incrementándose nun 9 % as per-

noctacións, chegando aos 7.100.000, e incrementándose nun 7,6 % os seus viaxeiros chegando preto dos 3.200.000.

En termos de ocupación, Galicia mellorou este ano as súas cifras en todas as tipoloxías de aloxamentos: hoteis, apartamentos turísticos, casas de turismo rural, cámpings... con incrementos superiores, todos eles, a tres puntos porcentuais.

Se falamos da rendibilidade, un dos grandes temas que temos que ir mellorando, subiu un 16,1 % rexistrando Galicia un dos crecementos máis importantes a nivel nacional. O incremento, tanto nos niveis de demanda e de ocupación nun contexto de suba dos prezos hoteleiros, tivo como consecuencia que estes establecementos melloraran unha vez máis os niveis de rendibilidade respecto ao ano anterior.

Incrementábase tamén, ano a ano, o gasto total que fan os turistas internacionais en Galicia. Segundo os últimos datos de Egatur do ano 2015, foi de 984 millóns de euros superando nun 9,7 % o gasto realizado en 2014; ano que, á súa vez, xa superou ao do ano anterior nun 11,9 %.

En definitiva, señorías, aumentan notablemente os turistas nacionais e internacionais, o gasto que realizan, a ocupación en todo tipo de establecementos e a rendibilidade dos mesmos grazas ás políticas turísticas levadas a cabo por este Goberno. Estas cifras, señorías, son froito dun bo traballo, da aposta firme de turismo de Galicia por acadar un sector sólido e sostible no tempo. E quero aproveitar desde aquí para expresar o meu agradecemento e a miña en hora boa e o meu recoñecemento ao traballo feito pola directora da Axencia de Turismo de Galicia, dona Nava Castro. (*Aplausos.*) As cifras son excepcionais.

A vontade, tanto do Goberno como deste grupo parlamentario, é seguir facendo do turismo un baluarte indiscutible para consolidar a recuperación económica, sobre todo sabendo que esta lexislatura será clave para preparar o próximo Xacobeo de 2021. Un acontecemento destas características é de tal envergadura que non pode nin debe improvisarse, nin deixarse para o último momento, sobre todo se o que se pretende —como xa anunciou o presidente Feijóo no seu discurso de investidura— é facer do ano 2021 o mellor Xacobeo da historia.

Aínda que temos toda a lexislatura por diante, temos a vantaxe de que non partimos de cero, como foi o caso en abril de 2009, cando este Goberno tomou posesión por primeira vez, que tivo que preparar o Xacobeo de 2010. Recórdolles, señorías, que en abril de 2009 non había nada, nada feito.

Ben, dicía que non partiamos de cero porque se leva traballando na mellora do sector turístico en xeral, e na mellora do noso produto estrela, o Camiño de Santiago, en particular, dende as dúas anteriores lexislaturas. Neste tempo, o Camiño de Santiago consolidouse como un referente internacional das peregrinacións, coa declaración de patrimonio da humanidade de dúas novas rutas xacobeas. Neste ámbito, no ámbito do Xacobeo, tamén as cifras falan por si soas, xa que o número de peregrinos que realizaron o camiño nesta altura de ano superaron xa a cifra histórica do último Ano Santo 2010: son máis de 275.000 peregrinos de máis de cento cincuenta nacionalidades os que recibiron a Compostela; concretamente, 276.998 peregrinos dos cales máis do 44 % son españois e máis do 55 % son estranxeiros.

En total chegaron 15.703 peregrinos máis que no mesmo período 2015, o que supón un momento dun 6,1 %.

Todas estas cifras históricas que arroxa o turismo en Galicia son posibles grazas aos grandes plans cos que conta Galicia: o Plan integral de turismo de Galicia e o Plan director estratéxico do Camiño de Santiago.

A través do Plan director do Camiño de Santiago, acadarase un desenvolvemento e crecemento da Ruta xacobeana equilibrado, sostible e respectuoso co fenómeno Xacobeo. Marca as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño atendendo a todos os axentes implicados no mesmo, porque o Camiño é unha das nosas principais fortalezas turísticas, sitúa a Galicia no mundo. É un produto internacional, desestacionalizador e captador, polo tanto, dese turismo internacional. É o elemento máis recoñecido, identitario e representativo de Galicia. O mellor embaixador dos valores do pobo galego: da nosa cultura, da nosa historia, do noso patrimonio material e inmateral, da nosa gastronomía, do noso carácter e da nosa hospitalidade; o que fai que moitos peregrinos se convertan en perceptores de Galicia como destino turístico. Por iso, é tan importante a experiencia do peregrino. Precisamente, responder ás necesidades do peregrino do século XXI ofrecendo unha excelente hospitalidade na acollida e favorecendo unha experiencia de calidade durante toda a súa peregrinación, é un dos obxectivos deste Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021.

Polo tanto, señorías, xa temos estratexia, xa temos plan, xa temos folla de ruta para prepararnos para recibir os peregrinos dos vindeiros anos e, especialmente, do próximo Ano Santo 2021. Non temos que instar o Goberno a que faga outro plan, como están a pedir nas súas emendas, xa temos plans. Pero si, o que podemos facer, é instalar e levar actuacións acordadas coa estratexia establecida, establecidas con todos os sectores implicados e con todas as administracións, porque así se fixeron os plans, en consenso coas administracións e cos sectores implicados para que todos traballemos na mesma dirección.

Esta proposición non de lei vai dirixida a mellorar os servizos de atención ao peregrino e a fortalecer a cidade de Santiago como meta da Ruta xacobeana, porque os peregrinos son unha fonte de ingresos moi importante para a economía galega, e en especial para Santiago de Compostela, onde se deixaron en 2015 máis de vinte e seis millóns de euros. A presenza dun número cada vez maior, especialmente internacional, é unha especial oportunidade para os diversos sectores que prestan servizos aos nosos visitantes.

A creación dunha tarxeta dirixida, especificamente, aos peregrinos que chegan a Compostela aglutinaría diferentes servizos dos que poderían acceder, proporcionaríalles unha atención diferenciada de maior calidade e permitiríalles unha oferta que moitas veces pasa inadvertida. A estancia media do peregrino está arredor de dous días, esta tarxeta redundaría no incremento da súa estadía en Santiago e sería unha ferramenta máis para a promoción de Galicia, os seus recursos e para combater a estacionalidade. O obxectivo —repito— é aumentar tanto a estancia media do peregrino como o seu gasto, o gasto que fai en Galicia. Por iso, esta tarxeta debería incluír entrada única nos museos, facilidades no transporte, descontos en actividades culturais e de ocio, de restauración, en comercios e tendas de produtos galegos, en artesanía de Galicia e nos mercados e prazas de abastos.

Esperando contar co apoio das súas señorías, máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Romero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que sinto unha mágoa dupla. Por unha parte, eu pensei que en algo tan sinxelo como unha tarxeta de turismo pois que seríamos capaces de poñernos de acordo, pero vexo, pola intervención da compañeira, que igual tampouco nisto. E, por outra parte, porque pensei que a publicidade sobre o Xacobeo, a Xunta de Galicia e demais, só a íamos ter que absorber os deputados que imos ter que ir á comparecencia de turismo pero, lamentablemente, tiveron que escoitala tamén os demais compañeiros e compañeiras da oposición.

Ben, indo á cerna do asunto, afortunadamente o bipartito non acabou coa catedral de Santiago en todas as desgrazas que fixo, segue habendo turismo compostelán (*Aplausos.*) Que é algo que é innegable, que pola súa extensión é unha cerna fundamental para o turismo galego, é algo que extralimita os límites do propio concello de Compostela e que, a nivel xeral, ten dous grandes retos.

Un deles, efectivamente, ao que facía referencia a compañeira do Partido Popular, e nós concordamos, é esa desestacionalización; apostar porque, precisamente, o turismo asociado ao Camiño de Santiago, que non sempre é o turismo relixioso ou non sempre é o turismo que estritamente fai o camiño completo, poida contribuír á desestacionalizar as visitas a unha cidade que, aínda que climaticamente non corresponde con eses tópicos destinos de sol e praia, si que é certo que segue mantendo os seus índices de turismo moi asociados a esa parte do ano con mellor tempo.

Outro reto —como dicía, temos dous grandes retos— é afondar na complementariedade do tipo de turismo que ofrece, nomeadamente, a capital do noso país pero tamén a súa contorna comarcal. Tendo en conta a realidade que ten esta cidade, a realidade que ten a contorna comarcal, nós entendemos que habería que afondar nesa complementariedade, tendo en conta a diversificación posible de oferta, con turismo gastronómico, turismo de congresos, turismo cultural, turismo idiomático tamén e demais.

Entón, nós entendemos que para todo iso cómpre avanzar, ter un plan novo, ir a máis diálogo coas institucións e cos diferentes sectores para mellorar nestes obxectivos. Nós entendemos que o ámbito de decisión, organización, debate, deliberación desa tarxeta —que para nós é un medio, unha ferramenta, pero non o obxectivo final— debe implicarse con todo tipo de institucións, non só ao concello de Compostela —aínda que lles dea un pouquiño de alerxia aos señores do Partido Popular—, nin só cos concellos así máis da contorna, senón tamén con outras institucións que aínda teñen asociadas —agardemos que por pouco tempo—, materias de turismo, como son as deputacións, ou tamén coa propia Universidade, nomeadamente, de Santiago de Compostela que, ademais como vostedes saben, teñen unha importante canteira en canto a estudos de turismo.

Entón nós entendemos que esa sería a vía e que, polo tanto, este produto de fidelización debería ser máis global, ademais de non circunscribirse, exclusivamente, aos peregrinos, xa que non son nin o único tipo de turismo que recibe esta cidade nin tampouco o que máis retorno económico ten, que sexa ese produto de fidelización universalizado a todo tipo de turistas e que, como xa digo, sexa un medio máis, unha ferramenta máis e non o fin en si mesmo.

Por iso entendemos que o racional, o óptimo, sería aproveitar esta oportunidade para, de cara ao Xacobeo 2021, envolver todo nunha estratexia máis envolvente que abranxa non só aos peregrinos e peregrinas e que aproveiten a oportunidade para camiñar nesa maior desestacionalización e nesa maior ampliación da oferta, tamén tendo en conta a realidade comarcal e tendo en conta que, cuestións como as que se presentan como a entrada aos museos de balde estaba moi ben, pero a maioría dos de Compostela, tamén é certo que son de balde, ou cuestións como o transporte público, que deberíamos dialogar con outras institucións para que fose máis ben metropolitano incluso a nivel de país, e entendo que non se quere circunscribir só á cuestión local de Compostela xa que, polas súas dimensións, nin moitas veces é moi necesario para os turistas que nos visitan nin ten uns volumes de prezo moi altos.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas. Boa tarde.

Segundo as estatísticas, o turismo de Galicia a través do Camiño de Santiago é verdade que está a medrar cada ano, polo que a creación da tarxeta dos peregrinos nos parece unha boa idea pero, dende o Grupo Parlamentario Socialista, cremos que habería que desenvolvese un pouquiño máis xa que o Camiño de Santiago ten varias rutas, etapas, por distintos concellos de Galicia e sería lóxico que esa tarxeta se puidera utilizar en todos os percorridos da comunidade autónoma e non só no concello de Santiago.

Para a súa elaboración, sería bo contar coa colaboración dos concellos, asociacións de comerciantes, asociacións de hostalería, asociacións culturais etc..., de onde discorre o Camiño de Santiago para poder pór todos os recursos de cada colaborador ao servizo do peregrino, así como poder gañarse —unha vez que ese peregrino remate o Camiño de Santiago— un posible turista para visitar os lugares dos distintos concellos que máis lle gustasen e poderlos desfrutar con máis tempo que cando estaba a facer a etapa do Camiño.

Con estas colaboracións tamén se incrementará a calidade e competitividade dos distintos servizos que se prestan aos peregrinos, polo que o grao de satisfacción deste suporase maior, o que sería bo para manter o número de turistas.



Tamén así os peregrinos poderían programar e coñecer de antemán os establecementos adheridos a esta tarxeta en todo o percorrido da súa ruta por Galicia, como poden ser os albergues —tanto públicos como privados— casas de turismo rural, pensións, hoteis, comercios, actividades culturais, de ocio, a restauración típica de cada concello, ao igual que as feiras e as mostras de produtos típicos.

A Xunta de Galicia, como responsable, tería que entregar a tarxeta do peregrino ao iniciarse cada unha das distintas rutas que comezan en Galicia, ou na primeira etapa de entrada a Galicia de cada unha das rutas que veñen dende outras comunidades.

E xa para rematar, dado que nos parece que a súa iniciativa está moi pouco concretada, presentamos a emenda que insta o Goberno galego a presentar nesta Cámara, nun prazo de tres meses, un programa ben estruturado da implantación da tarxeta do peregrino, no que —como dicía antes— se teñan en conta os concellos, asociacións etc.; que se indique onde e como conseguila, quen é o responsable da súa distribución, como será o financiamento e cal será o ámbito de aplicación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boas tardes.

Vou facer unha pequena introdución para a xente —non sei se haberá moita— que poida estar véndonos por internet.

Cada grupo parlamentario pode presentar dúas propostas non de lei en cada pleno, catro ao mes. ¿De verdade, señores deputados do Partido Popular, ven nesta proposta entidade para ocupar unha desas catro PNL? ¿Non teñen outras cousas máis importantes que presentar que unha tarxeta para peregrinos? *(Murmurios.)* O resto de grupos hoxe falan de desafuzamentos, gratuidade dos libros de texto, comedores escolares, corrupción etc. Vostedes propoñen crear unha tarxeta para os peregrinos para ofrecer vantaxes que pagarán outros: pagarán os concellos, pagarán empresas de transporte, pagarán comerciantes etc. ¿Xa pensaron como os van compensar? ¿De verdade este é un asunto de capital importancia para traer a un pleno do Parlamento de Galicia? A nós parécenos unha verdadeira ocorrencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é a grada dun partido de fútbol isto, aínda que o pareza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, parece, parece.

Di a PNL do Partido Popular que esta tarxeta ten como obxectivo incrementar a calidade e excelencia dos servizos turísticos para lograr unha oferta máis competitiva e rendible. Isto coa tarxetiña. A verdade é que a estratexia de desenvolvemento turístico e a excelencia dos servizos turísticos teñen moita sustentabilidade con este tipo de iniciativas. ¿É realmente esta unha idea estrela para fomentar o turismo?

Mentres tanto, o Camiño de Santiago tampouco escapa á estratexia privatizadora. A Xunta foxe das súas responsabilidades como Administración pública e usa o diñeiro das galegas e dos galegos para lucrar os intereses mercantís, entre outros, do señor Florentino Pérez; e adxudícalle —como se dun regalo se tratase— os 69 albergues públicos que figuran como estrutura de apoio imprescindible para peregrinos. Isto si é importante para os peregrinos, viaxeiros e turistas, e disto si que non queren falar. Non queren falar de por que se adxudicou de maneira directa ao señor Florentino Pérez a xestión dos 69 albergues do Camiño de Santiago.

Dende En Marea defendemos o noso patrimonio histórico, cultural e natural, que non pode vivir sometido á incapacidade da Xunta para xestionar dende o público os albergues do Camiño de Santiago. E se non saben ou non poden e queren cedelo á iniciativa privada, polo menos teñan en conta a entidades locais, a empresas sen ánimo de lucro, a empresas da economía social de cada un dos pobos, que seguro que o van xestionar moito mellor que o señor Florentino Pérez.

Cómpre a reversión e a recuperación da xestión plenamente pública da rede de albergues, para que, ademais de dar un bo servizo aos peregrinos, colabore no desenvolvemento económico das zonas polas que transcorre. Isto si é importante, e disto non se vai preocupar, desde logo, o señor Florentino Pérez.

Polo tanto, presentamos esta emenda de substitución. Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á realización dun plan específico para a posta en valor e a fixación da poboación nos municipios da ruta xacobeana en Galicia, mediante a creación dun plan de emprego e dinamización, con dotación suficiente nos vindeiros orzamentos, que contemple, ademais, a recuperación da xestión pública directa dos servizos actualmente externalizados».

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Romero.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Nós, señor Casal, facemos como vostedes, traemos os nosos compromisos electorais á Cámara, na mesma proporción que vostedes, que teñen 14 deputados, e nós 41. (*Aplausos.*) Na mesma proporción.

Igual que eu respecto as iniciativas que presentan vostedes, aínda que veñan ordenadas de Madrid, de Pablo Iglesias ou do compendio das mareas que teñen..., (*Murmurios.*) ...aínda que veñan ordenadas así, (*Aplausos.*) vostede respecte as iniciativas que presenta o meu grupo parlamentario, o primeiro.

Mófase dun dos sectores estratéxicos máis importantes cos que conta Galicia, cunha capacidade de desenvolvemento e de incidir noutros sectores que xa se ten demostrado con todas

as cifras que lle acabo de presentar. Pero a vostedes iso non lles interesa, porque a vostedes o que lles interesa é que a Galicia lle vaia mal para vender todas as panfletadas que fan que vostedes hoxe estean aquí. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Respecto á señora Presas, é curioso que vostede fale de fidelización do turista, cando o BNG no ano 2015 deixou morrer a tarxeta Galicia premium. Antes non había necesidade de fidelizar, e hoxe si.

E outra cousa porque entendo que hai moitos novatos. Eu tamén fun novata, e sinto que a experiencia é importante, pero cando se presentan emendas a unha iniciativa teñen que ver algo coa iniciativa que se presenta. Porque ao mellor é que tamén queren coller vostedes o cupo de iniciativas do Grupo Parlamentario Popular. Pero non, non vai ser así.

O obxecto desta iniciativa —repito, señorías— é a posta en marcha desta tarxeta de fidelización turística para o peregrino, para ofrecer unha boa acollida aos peregrinos, aumentar a estancia media, para dar a coñecer produtos que poden pasar inadvertidos, para aumentar o gasto do peregrino. Non é a elaboración de ningún plan, como están a pedir o BNG e as Mareas.

Xa lles dixen antes que xa temos estratexias, xa temos plan, xa temos folla de ruta, o que fixo posible traer a Galicia máis visitantes que nunca. Galicia acadará máximos históricos e baterá récords no 2016. O turismo consolidouse como sector estratéxico e é un referente internacional o Camiño.

Ao BNG tamén lle diría que un plan estratéxico específico da oferta turística en Santiago debe liderala o concello. Esperamos do Concello de Santiago que se involucre para a posta en marcha desta tarxeta. E pedímoslle que se involucre no que o Camiño supón, empezando por arranxar o Camiño no seu termo municipal, para non ter que dicirlles que a Xunta de Galicia é a única que se preocupa polo turismo en Santiago.

Respecto da xestión pública directa dos servizos externalizados, dicirlle, señor Casal, por se non o sabe, que están externalizados dende o ano 1993 e, polo tanto, non fai falta recuperar nada. Nin sequera cando gobernou o BNG recuperou este servizo. Iso si, o que fixo foi que pasou de ser gratis a ser de pago; esa é a diferenza. Esta é unha xestión que resulta moi satisfactoria para os peregrinos, que valoran altamente a calidade que ofrece a rede de albergues de peregrinos da Xunta de Galicia.

Respecto das emendas, por suposto non imos aceptar as da Marea e do BNG porque nada teñen que ver co que se pide, pero si aceptaríamos a do Grupo Socialista. Pero en vez de ser de modificación, señor Pérez, será de adición, se así o ten a ben.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Finalizado, pois, o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Ana Belén Pontón Mondelo.

Parece ser que se aceptou a emenda.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Retorna para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, así como a súa dotación orzamentaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as proposicións que foron debatidas de xeito acumulado, en concreto a do Bloque Nacionalista Galego.

¿Si? ¿Para que quere a palabra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa entendemos, pediuse a votación por puntos. Vostede non acepta a votación por puntos. Polo tanto, votamos como está formulada a proposición non de lei.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora... (*Murmurios.*)

Por favor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non o vin. Non se poden facer fotos no hemiciclo. Iso sábeno, creo que o saben todas as súas señorías. Se non o saben, fágolle chegar. Agora non o vin, pero non se poden facer fotos no hemiciclo. Pódenas facer desde arriba os periodistas que están acreditados, pero non se poden facer.

Votamos agora a proposición de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.**

Non se presentaron emendas. **Votamos.**

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Luca Chao Pérez.**

Non foi aceptada a emenda. Polo tanto, **votamos.**

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de don Martín Fernández Prado e catro deputados máis.

Parece que manifestou quen interveu por parte do Grupo Parlamentario Popular que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14 .*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados máis.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non sei se foi aceptada.

Déanlle voz ao escano do señor Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Non houbo transacción. Mantemos o texto inicial.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Votamos, polo tanto, o texto tal e como está formulado.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández.

Foi aceptada como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, e rechazadas as do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine diferentes servizos de interese para eles.*


*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 14; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

Suspendemos a sesión até mañá ás dez da mañá. Boa noite.

*Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25